O título II da lei, baixo a rúbrica *Da publicidade ilícita*, define unha serie de actividades publicitarias que son legalmente incorrectas –ilícitas– e poden supoñer, por conseguinte, a sanción que se determina, sen prexuízo doutras sancións de diverso tipo, a teor do disposto no art. 32, que establece a compatibilidade das accións previstas nesta lei co “exercicio de accións civís, penais, administrativas ou doutra orde que correspondan e coa persecución e sanción como fraude da publicidade enganosa polos órganos administrativos competentes en materia de protección e defensa dos consumidores e usuarios”.

¿Que entende por publicidade *ilícita* a lei de 1988? Sen entrar a definila en si mesma, establece cinco supostos nos que a actividade publicitaria se considera ilícita:

- a) Cando atente contra a dignidade da persoa ou vulnere os valores e dereitos recoñecidos na Constitución, especialmente no que se refire á infancia, a xuventude e a muller.
- b) A publicidade *enganosa*.
- c) A *desleal*.
- d) A *subliminal*.
- e) A que infrinxa o disposto na normativa que regule a publicidade de determinados produtos, bens, actividades ou servicios.

Felizmente, a lei si entra a definir que se poida entender por publicidade enganosa, aquela que *de calquera maneira, incluída a súa presentación, induce ou pode inducir a erro ós seus destinatarios, podendo afectar ó seu comportamento económico, ou prexudicar ou ser capaz de prexudicar a un competidor*. Tamén a que *silencie datos fundamentais dos bens, actividades ou servicios cando a dita omisión induza a erro dos destinatarios*.

A lei detalla aínda máis, e así establece que para determinar se a publicidade é enganosa se terán en conta “tódolos seus elementos e principalmente as súas indicacións concernentes a:

1. As características dos bens, actividades ou servicios, tales como:

- a) Orixe ou procedencia xeográfica ou comercial, natureza, composición, destino, finalidade, idoneidade, dispoñibilidade e novidade.
- b) Calidade, cantidade, categoría, especificacións e denominación.
- c) Modo e data de fabricación, subministración ou prestación.
- d) Resultados que poden esperarse da súa utilización.
- e) Resultados e características esenciais dos ensaios ou controis dos bens ou servicios.
- f) Nocividade ou perigo.

2. Prezo completo ou presuposto o modo de fixación do mesmo.

3. Condicións xurídicas e económicas de adquisición, utilización e entrega dos bens ou da prestación dos servicios.

4. Motivos da oferta.

5. Natureza, cualificacións e dereitos do anunciante, especialmente no relativo a:

- a) Identidade, patrimonio e cualificacións profesionais.
- b) Dereitos de propiedade industrial ou intelectual.
- c) Premios ou distincións recibidas.

6. Servicios posventa.

Algunhas observacións cabería ir facendo, antes de entrar a examinar que entende a lei por publicidade *desleal* e que por *subliminal*.

Se por mensaxe publicitaria entendemos, os tratadistas da teoría xeral da comunicación, aqueles redactados –ou filmados ou estruturados en termos xerais– co propósito ou a intención de convencer con vistas a provocar un movemento de mercado, como dicía o antigo Estatuto da publicidade, ou a adhesión a unha idea, unha persoa, un partido, un grupo, etc., a forma máis clara, nítida e con máis garantía de non ser enganosa, no sentido xeral de non inducir a confusión con outro tipo de mensaxes, resulta se-lo anuncio.

Sempre lles insisto ós meus alumnos en que a información, o proceso comunicativo-informativo, acabará normalmente nunha noticia, que é a mensaxe resultado de recoller materiais informativos, elaboralos e servirlos logo ó público nunha forma que o público espera.

Cando se trata da actividade publicitaria, o proceso comunicativo-publicitario acaba normalmente nun anuncio. Pero, en ocasións, non é así, porque, en lugar dun anuncio, proporción-

naselle ó público unha noticia que reviste a forma de tal, e que ten un fondo, un contido destinado a convencer. Noutras ocasións, a actividade de relacións públicas sérvese de diversos procedementos favorables á creación de imaxe ou ó mantemento da mesma –dunha empresa, dunha persoa, dun partido político– utilizando tamén noticias veraces de acontecementos o coñecemento dos cales por parte do público resulta útil para o promotor da mensaxe.

Se, conceptualmente, se pode dicir que unha noticia o é cando relata feitos veraces, cando responde á realidade do ocorrido, tamén hai que reivindicar para a mensaxe publicitaria –anuncio– unha certa dose de veracidade.

Suponse que quen anuncia, intenta vender ou conseguir algo distinto do mero dar a coñecer –caso no cal se trataría dunha noticia– e que, por tanto, destacará os aspectos favorables daquelo que se quere que o público coñeza. É admisible, na mensaxe publicitaria, destaca-lo favorable e oculta-lo desfavorable, sempre que este silencio sobre as circunstancias do produto que puidese implicar un rexeitamento do mesmo non afecte a “datos fundamentais de los bienes, actividades o servicios”, cando tal omisión induza a erro dos destinatarios, que, por exemplo, adquirirán un produto pensando que é máis barato ou mellor ca outros e resultan enganados por haber silenciado algo que non debería ser silenciado ou pola redacción mesma da mensaxe, que induce ó engano.

Estamos dentro dun proceso que, por definición, comporta a intencionalidade, é manifestamente intencional –por contra do informativo–, que acaba no mero dar a coñecer, sen buscar adhesións. E é natural que esa intencionalidade se manifeste positiva ou negativamente, dunha maneira deontoloxicamente correcta ou incorrecta. A comprobación dunha intencionalidade incorrecta pode chegar a configurala como delictuosa, caso no cal haberá que botar man do art. 32 que establece a compatibilización de accións de tipo administrativo e de demandas civís co exercicio de accións penais.

Para min, é suficiente.

O anuncio, pois, diferenciado da noticia, como implicitamente quere o art. 11 da Lei xeral de publicidade, ha de estar redactado ou configurado de tal maneira que non atente contra a dignidade da persoa, nin vulnere os valores e dereitos recoñecidos na Constitución, especialmente no que se refire á infancia, a xuventude e a muller. Tampouco pode resultar, esa redacción ou presentación, enganosa, servindo lealmente ó consumidor, ó cliente potencial, ó posible votante que se trata de convencer,

pois, aínda que o art. 20 da Constitución cualifique de necesariamente veraz só a información e non o resto das mensaxes comunicacionais, xa dixemos que se poden ocultar defectos -que non é faltar á verdade-, pero non aqueles que induzan a erro que resulte prexudicial. É lícito dicir que tal perfume é fantástico e que o seu olor perdura toda a semana, se é así, aínda que ocultemos que é un perfume un tanto *charramangueiro*; o que non se podería ocultar, por exemplo, é que irrita a pel, tal produto, se iso fose así.

Publicidade desleal

Especial importancia reviste, me parece, o concepto de *publicidade desleal*, aquela que “polo seu contido, forma de presentación ou difusión provoca o descrédito, denigración ou menosprezo directo ou indirecto dunha persoa, empresa ou dos seus produtos, servicios ou actividades”, ou a que “induce a confusión coas empresas, actividades, produtos, nomes, marcas ou outros signos distintivos dos competidores, así como a que faga uso inxustificado da denominación, siglas, marcas ou distintivos doutras empresas ou institucións, e, en xeral, a que sexa contraria ás normas de corrección e bos usos mercantís”.

É evidente que, para destaca-las boas cualidades dun produto propio, non se pode afirmar que tódolos similares que hai no mercado son puro lixo; pero tampouco se pode facer uso de marcas alleas, convenientemente presentadas, de forma que induza a confusión por parte do posible comprador.

A publicidade comparativa non está prohibida, pero si, nas circunstancias que a lei prevé, cando o que se anuncia como *mellor* non se poida obxectivamente demostrar que o sexa, porque a publicidade, insisto, non está á marxe do deber de veracidade, aínda que se admita unha certa esaxeración das circunstancias favorables para excita-la imaxinación do consumidor buscado.

En canto á publicidade subliminal, teño para mi que a definición aportada pola lei foino, no seu día, quizais para testemuñar *coram populo* a modernidade da lei mesma; e penso que hoxe é menos defendible, porque non parece que estea suficientemente demostrada a relación directa entre a subliminalidade -se se pode falar así- e as decisións provocadas por unha influencia sobre a vontade, que non está nada clara.

O art. 7 da lei chama *subliminal* a publicidade que “mediante técnicas de produción de estímulos de intensidades fronteirizas cos límites dos sentidos ou análogas, poida actuar sobre o público destinatario sen ser conscientemente percibida”.

Trataríase, pois, de mensaxes indirectas e ordinariamente fugaces, non dirixidas tanto a convencer como a espertar, de maneira subconsciente, apetencias que deriven cara a unha toma de decisións favorables ós fines e intencións perseguidos polo promotor da mensaxe.

O apartado último (e) do artigo 3º da lei fai referencia a un tipo de publicidade non enganosa, nin desleal, nin sequera subliminal, nin atentatoria contra a dignidade da persoa ou dereitos e valores recoñecidos constitucionalmente, pero que administrativamente ten un tratamento especial, por esixirse uns requisitos particulares para non incorrer en ilegalidade e por tanto en ilicitude: así a publicidade de produtos sanitarios que requiran autorización administrativa previa, a de tabacos, que require o sinalamento explícito dos riscos que comporta o seu consumo para a saúde, ou a prohibición, en determinadas circunstancias, de publicidade de tabaco e alcohol na televisión.

Tales restriccións ó dereito á comunicación, por canto obrigan a permisos previos ou a prescindir do medio televisión para produtos determinados, afectan moi directamente ó contrato publicitario nas súas diversas formas, e moi particularmente ó que a lei denomina *contrato de patrocinio*, que é aquel "polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador" (art. 24), colaboración que, de ordinario e como é ben sabido, consiste en expoñer-la marca patrocinadora de forma que non poida ser evitada polas cámaras de televisión, ou en advertir que tal sección ou tal información ou tal programa está patrocinado pola marca tal ou por tal organización ou entidade ou corporación pública.

É evidente que se hai produtos non anunciáveis nalgún medio ou sobre os que queda excluída a posibilidade do contrato publicitario sen permiso previo, o contrato de patrocinio resulta limitado na súa extensión, por moito que o art. 24 diga que tal contrato de patrocinio publicitario "se rexerá polas normas do contrato de difusión publicitaria en canto lle sexan aplicables".

Cesación ou rectificación da publicidade ilícita

O art. 25 da Lei xeral de publicidade establece o procedemento para tratar de obter a cesación ou, no seu caso, a rectificación das mensaxes publicitarias ilícitas. Están lexitimados para inicialo procedemento os "órganos administrativos competentes, as asociacións de consumidores e usuarios, as persoas natu-

rais ou xurídicas que resulten afectadas e, en xeral, quen teña un dereito subxectivo ou un interese lexítimo”.

A solicitude de cesación ou de rectificación da mensaxe publicitaria obxecto da reclamación hai que facela por escrito “en forma que permita ter constancia fidedigna da súa data, da súa recepción e do seu contido”.

Cabe, ante a solicitude de cesación ou de rectificación, unha dobre postura alternativa: a) acepta-la reclamación e en tal caso, *o anunciante*, dentro dos tres días seguintes comunicará ó requirente “en forma fidedigna a súa vontade de cesar na actividade publicitaria e procederá efectivamente á dita cesación”; b) que o requirido se negue ó solicitado ou que dea a palabra do mundo. Neste último suposto, queda aberta a porta para acudir ós tribunais ordinarios de xustiza.

O art. 29 remite á Lei de axuizamento civil para os procesos que se orixinen por causa de publicidade supostamente ilícita ou pretendidamente ilícita, con certas *peculiaridades* –denominadas así pola mesma lei– que merece a pena destacar, tales como que o xuíz “de oficio e sen audiencia do demandado”, pode acorda-la inadmisión da demanda cando a estime *manifestamente infundada*, o cal é unha garantía para a viabilidade e exercicio normal do proceso comunicativo-publicitario e unha defensa tamén do cidadán de cara á tutela efectiva dos dereitos recoñecidos no art. 20 da nosa Constitución. Pero tamén pode o xuíz, a instancia do demandante e con carácter preventivo, ordenar “a cesación provisional da publicidade ilícita ou adopta-las medidas necesarias para obter tal cesación. “No caso de que a mensaxe publicitaria non chegase aínda a coñecemento do público”, é dicir, non se producise por tanto a comunicación –que existe a súa iniciación mediante o envío da mensaxe a través dun medio para facelo chegar a un público máis ou menos indiferenciado e sempre, ordinariamente, un colectivo– o xuíz pode “prohibir temporalmente a dita publicidade ou adopta-las previsións adecuadas para impedi-la súa difusión, cando esta sexa inminente”, o cal se parece moito ó embargo preventivo deseñado pola Lei de prensa de 1966, herdanza da censura previa da Lei de prensa de guerra de 1938.

Lembremos que o art. 33 prevé a compatibilidade da cesación ou prohibición definitiva da publicidade ilícita co exercicio doutras accións civís, penais, administrativas “ou doutra orde que corresponda e coa persecución e sanción como fraude da publicidade enganosa polos órganos administrativos competentes en materia de protección e defensa dos consumidores e usuarios”, polo que non se alcanza a comprende-la necesidade

da inclusión no novo Código penal do chamado *delicto publicitario*.

Entendo que o fantasma das crueis fiscalías de taxas, inventadas polo franquismo para persegui-lo comercio e a industria nacionais, baixo pretexto de garantir un nivel de prezos *xusto*, e que foron un freo á libre actividade empresarial, planea sobre un cúmulo de disposicións encamiñadas a restrinxir esa mesma actividade cando se manifesta como suxeito promotor de mensaxes publicitarias.

Sempre pensei que no afán maniqueo dos que pretenden elimina-la publicidade pode atoparse unha destas dúas explicacións: ou ben consideran que gañar diñeiro é algo malo –son equivocadamente *puritanos* partidarios dun mundo sen *intereses*, irreal– ou, no fondo, son inimigos da liberdade, polo menos da dos demais, e polo tanto rexeitan que cada cal poida expoñe-las súas opinións, anuncia-los seus produtos, intervir na marcha da sociedade.

Xa David Ogilvy, un grande publicitario, deixou escrito, aínda recoñecendo que a publicidade debe ser reformada, pero nunca abolida; “Si no consideran que la gente necesite desodorante, están vds. en libertad de criticar a la publicidad por haber persuadido al ochenta y siete por ciento de las mujeres y al sesenta y seis por ciento de los hombres americanos para que los usen. Si no creen que el público necesita cerveza, están en su derecho de criticar a la publicidad por haber inducido a beberla al cincuenta y ocho por ciento de la población adulta. Si desaprueban la creación de comodidades y los viajes por el extranjero, tendrán razón en hacer reproches a la publicidad por fomentar tales maldades...”⁷.

Para Bassat, publicidade, mercadotecnia e competencia son os responsables directos da baixa de prezos: “Un ejemplo moderno de ello son los viajes forfait. Gracias a la publicidad la gente viaja más, y hacerlo está cada día más al alcance de todos los bolsillos”⁸.

É verdade, gracias á publicidade, a ese dar a coñecer de maneira intencionalmente persuasiva, gracias a esa posibilidade que o ser humano ten de comunicarse cos seus semellantes para tratar de convencelos da conveniencia de actuar dunha determinada maneira, son moitas as vantaxes da vida dos nosos días en sociedade.

Explícase, polo tanto, que os anunciantes e os publicitarios fixesen causa común contra o art. 282 do novo Código penal, que define o novo *delicto publicitario* “dunha forma moi vaga e posibilista”, como afirma a Asociación Española de Anunciantes

⁷ OGILVY, David, *Confesiones de un publicitario*, OIKOS-TAU, Barcelona, 1967, pp. 228, 229 e 235.


⁸ BASSAT, Luis, *op. cit.*, p. 25.

(AEA), máxime se se considera que a chamada publicidade política non está incurso na ameaza que o novo delicto si implica para a comercial.

E explícase igualmente que, como unha resposta –segundo algúns medios de comunicación colectiva españois– os profesionais da publicidade, que en xuño constituíran a Asociación de Autocontrol da Publicidade (AAP), se decidiran por fin á posta en marcha dun xurado encargado de velar polo que poderíamos denomina-la *mensaxe publicitaria correcta*.

O novo xurado está composto por nove membros –xuristas, empresarios e profesionais da publicidade– que emitirán dictames sobre a valoración deontolóxica dos anuncios elaborados no sector publicitario e a súa difusión de maneira colectiva, a través dos medios de comunicación de masas.

Tales dictames –que a min me recordan moito todo canto do mestre Álvaro d’Ors aprendín da calidade dos xurisperitos romanos, a *auctoritas* dos cales era garantía da calidade do dereito da época clásica– afectan por suposto a quen voluntariamente integra a Asociación de Autocontrol da Publicidade e conseguintemente se someten á actuación do xurado, e poden ter carácter sancionador. As sancións, privadas, en canto proveñen dun órgano non xurisdiccional público ou oficial ou, mellor dito, estatal, senón gremial ou corporativo, poden oscilar desde a amoestación, pasando pola publicación da resposta nos medios de comunicación e o cesamento da campaña, ata a denuncia do anunciante polas vías legais vixentes.

Penso que é un bo camiño, o emprendido, que quizais leve algún día á derogación do delicto publicitario, recollido no novo Código penal. 

A lei electoral española e os efectos da aplicación do sistema d'Hondt nas eleccións españolas do 3 de marzo de 1996

Doutor en dereito.
Profesor de lexislación da ETS
de Enxeñeiros de Camiños,
Canais e Portos da Coruña

Juan J. Bértolo Cadenas

Os diferentes sistemas de elección

Previamente á análise dos diversos sistemas electorais practicados actualmente, faise necesario repasa-lo estudio teórico das normas xurídico-constitucionais positivas, é dicir, as constitucións, que determinan as características singulares e os contrastes que as fan distintas, estean ou non vixentes. E, ademais, agrupa-os ditos ordenamentos en función de criterios específicos, que observarían algunha das tendencias seguintes:

a) Elixir, entre varias constitucións parecidas, aquela que se presente como a máis xenuína representante dun xénero de ordenamento xurídico-constitucional.

b) Centra-lo estudio no dereito constitucional dun país en particular e tomalo como termo de comparación, interesando

a análise do ordenamento xurídico-constitucional dos demais países unicamente na medida en que amosen analoxías ou contrastes con aquel, o que servirá para aclara-las características principais de tal dereito constitucional.

En todo caso, sen profundar no estudio das diversas fases do constitucionalismo moderno debe lembrarse, sen embargo, que o termo *fundamental law* comezou a ser utilizado en Inglaterra se ben tomando o concepto de Francia como consecuencia dos enfrontamentos políticos que tiveron lugar entre o rei e o Parlamento ó longo dos séculos XVI e XVII. Anque Enrique VIII usa este termo para afirma-los seus dereitos como rei absoluto, é Cromwell o primeiro que intenta dotar Inglaterra dunha constitución ríxida, aínda utilizando principios imprecisos. Foi, sen embargo, durante a época dos Tudores, cando comezou a considerarse o *common law* e, polo tanto, as normas constitucionais que contén, como unha especie de dereito fundamental con primacía sobre as normas emanadas do Consello do rei e do Parlamento. Non obstante, a elaboración de leis fundamentais como concepto xurídico, tivo lugar en Francia, onde aparecen xa como normas inviolables.

Ó mesmo tempo que en Inglaterra e Francia comeza a tomar forza este concepto de leis fundamentais, xorden varios tratados que se ocupan de investiga-la existencia real dunha ordenación da vida xurídico-política, na que unhas leis teñen primacía sobre outras. Destacan, así, *Grande Monarchie de France* (1519) de Claude de Seyssel, *De Republica Anglorum* (1583) de Sir Thomas Smith, e *De statu imperii Germanici* (1667) de Pufendorf.

Pode afirmarse, en suma, que "el derecho constitucional moderno nace en solución de continuidade, tanto con estos tratados sobre constituciones estamentais, como con la teoría clásica de la ley fundamental"¹.

É, sen embargo, a partir da Revolución francesa e do desenvolvemento do Estado democrático liberal cando xorde o concepto de **democracia representativa** ou **democracia indirecta**, é dicir, dunha fórmula de expresión política da soberanía popular pola que o pobo exerce o seu poder a través de representantes. A orixe desta fórmula de exercicio do poder por parte do pobo xorde ante a imposibilidade técnica de levar á práctica as teses de Rousseau sobre a **democracia directa**, quen consideraba na súa obra clave, *Del contrato social*, que democracia e representación eran conceptos incompatibles, pois pensaba que a soberanía non podía ser representada, con base na mesma razón pola que non podía ser alleada, sinxelamente porque estimando que é esencialmente a vontade xeral, esta non pode estar

¹ GARCÍA PELAYO, Manuel, *Derecho constitucional comparado*, Alianza, Madrid, 1991, p. 26.

representada: **é ela mesma ou non existe**. Para el, toda lei que o pobo en persoa non ratificou é nula, non é unha lei. Para Rousseau, polo tanto, a democracia só a pode exercer-lo pobo directamente, e non a través de representantes.

Ante as dificultades de poder levar á práctica tal posibilidade, substitúese a idea do pobo como algo tanxible pola idea de nación, entendendo a nación como unha **persoa colectiva** oposta á **persoa física do rei**. Nese sentido, como di Esmein-Nézard, segundo García Pelayo: "la nación en que reside la soberanía, al no ser una persona real, sino una colectividad de individuos, non tiene voluntad por sí misma. El equivalente de esta voluntad indispensable para el ejercicio de la soberanía no puede encontrarse más que en las voluntades concordantes de un cierto número de individuos tomadas del cuerpo de la nación"².

Con base na implantación e difusión deste novo concepto, no que se considera que a nación é a reunión dos nacionais na súa calidade de cidadáns, a representación toma carta de natureza e o representante éo da nación enteira e non do grupo ou distrito que o elixiu. En consecuencia, o carácter de representante da totalidade deriva de dous supostos, da idea francesa de **nación** e do **concepto de soberanía**, en **contraposición** coa idea de **representación estamental** emanada, precisamente, da idea de **pluralidade dos grupos sociais** e de **dualidade do poder político**.

Por outra parte, outra **característica clave** do sistema representativo democrático é o seu **individualismo**. Ó parti-lo concepto de nación, non dos grupos senón dos individuos, e non do que estes teñen de diferente senón do que teñen de homoxéneo, a elección de representantes ten carácter individualista, xa que se vota por individuos, polo que **se opón** ó denominado **sufraxio orgánico**.

Na **democracia directa** existen unha serie de institucións fundamentais para explica-lo seu funcionamento. En efecto, ó telo pobo que exercer de modo inmediato e directo as funcións que se lle atribúen, precisa dunha serie de instrumentos indispensables para desenvolverse:

a) **A asemblea aberta**. Cando tódolos cidadáns con dereitos políticos se reúnen para exercer as súas funcións. Só existe actualmente nalgúns cantóns suízos.

b) **O referendo**. Modo de expresión do corpo electoral aprobando ou reprobando as decisións das autoridades lexislativas ordinarias. Existen dous tipos en función do seu **carácter xurídico**: o **obligatorio**, necesario constitucionalmente para a vali-

² GARCÍA PELAYO, Manuel, *op. cit.*, p. 179.

dez de determinadas normas lexislativas; e o **facultativo**, que sería cando se realiza por instancia do xefe do Estado ou dunha determinada fracción do corpo electoral ou das cámaras. Así mesmo, existen dúas clases de referendo en función da súa **eficacia xurídica**: de **ratificación** ou **sanción**, que é cando se necesita para facer lei unha determinada norma, substituíndo a calidade sancionadora do xefe do Estado; e o **consultivo**, cando non ten carácter vinculante para as autoridades lexislativas ordinarias, que o solicitan de forma voluntaria.

c) A **iniciativa**. Dereito dunha fracción do corpo electoral a esixir consulta popular dunha determinada acción lexislativa.

d) O **veto**. Atribución a unha fracción do corpo electoral, nun determinado prazo, para que unha lei sexa sometida a votación popular, dependendo a súa validez do resultado da consulta. Diferénciase do referendo facultativo en que este se refire a un proxecto lexislativo, mentres que o veto se exerce con respecto a unha lei xa establecida.

e) O **plebiscito**. Consulta ó corpo electoral sobre un acto político susceptible de tomar forma xurídica.

f) A **revogación**. Dereito dunha fracción do corpo electoral a solicita-la destitución dun funcionario de natureza electiva antes de expira-lo seu mandato, seguindo determinadas regras e precisando determinada proporción maioritaria. Esta institución desenvolveuse case exclusivamente nalgúns estados norteamericanos (*recall*) e na antiga Unión Soviética.

Na **democracia indirecta**, ó exerce-lo pobo o seu poder soberano a través dunha mediación levada a cabo polos seus representantes, precisa doutro tipo de institucións:

a) O **sufraxio**. Forma en que se concreta o corpo electoral e que debe ser **universal** (abranguendo tódolos cidadáns sen discriminación de grupos sociais, e sempre que cumpran determinadas condicións como a idade e a residencia), **directo** (os electores designan de modo directo os seus representantes sen necesidade de elixir en primarias uns compromisarios), **igual** (un elector, un voto), **secreto** (concepto que non necesita de aclaración), e **libre** (presentación de candidaturas sen monopolio dun partido).

b) A **democratización do Parlamento**. Desde mediados do século XIX, ó inserirse a democracia no Estado liberal, o Parlamento convértese nun instrumento inescusable para a identificación da vontade popular coa lei, sendo o Goberno expresión e instrumento desa vontade popular. Para alcanza-la súa total democratización seguíronse dous tipos de actuacións:

■ **A introducción do sufraxio universal** (Francia e Suíza en 1848, Alemaña en 1871, España en 1890, Bélxica en 1893, Austria en 1907 e Italia en 1.912).

■ **Eliminación dos elementos non democráticos**, e en especial do **poder** das cámaras altas, ben eliminándoas, ben limitando as súas atribucións, ou ben facendo intervir elementos populares na súa elección.

c) **A democratización do executivo**. Traducida na creación de formas novas ou dándolles un contido democrático ás existentes. Na actualidade as diversas modalidades resúmense en cinco tipos:

■ **Sistema presidencialista**. Cando o xefe do Estado é elixido directamente polo pobo e cunha duración limitada do seu mandato. O exemplo máis representativo é o **norteamericano**, que está dotado de grande autoridade e de fortes poderes con respecto a outros órganos do Estado, debido ó carácter democrático da súa elección.

■ **Sistema cesarista**. Cando o pobo lle entrega dunha vez para sempre o poder a un home, coa ficción de seguir exercendo aquel a soberanía. Combínase normalmente co plebiscito e o seu exemplo máis representativo foi o **Goberno de Bonaparte**.

■ **Sistema parlamentario**. No caso das repúblicas, o Parlamento elixe o xefe do Estado, e este os seus ministros. Por iso este ten menos autoridade e competencias ca na modalidade presidencialista. Nas monarquías parlamentarias, en cambio, só se elixe o xefe do Goberno. O Goberno, en ámbolos casos, é responsable ante o Parlamento; os exemplos máis claros son o de **Francia e Inglaterra**.

■ **Sistema directorial**. Cando o Goberno é elixido polo Parlamento ó tempo que lle traza as directivas políticas, non podendo ser destituído por este e tendo ambos igual duración. Un exemplo actual é Suíza.

d) **A democratización da xustiza**. A separación de poderes propugnada por Montesquieu é un elemento básico, manifestándose a democratización da xustiza a través da institución do xurado, o nomeamento dalgunhas categorías de xuíces por elección popular, a participación de representantes directa ou indirectamente nalgúns tribunais, o nomeamento de altos funcionarios xudiciais polo Parlamento ou, en situacións revolucionarias, a creación de tribunais populares.

A organización do sufraxio comprende dous problemas: a **agrupación de electores en colexios** e os **sistemas de representación**.

O **primeiro** deles resólvese con base en dúas modalidades: os **distritos uninominais** (cando o país se divide en distritos de pequena extensión territorial ós que se lles asigna un só representante e nos que o elector ten un único voto para designar ese único candidato), e os **distritos plurinominais** (cando o país se divide en circunscricións territoriais amplas ou forma, todo el, un só colexio electoral, tendo o elector dereito a votar tódolos representantes asignados ó distrito, é dicir, a vota-la totalidade da lista).

Por outra parte, para resolve-lo **segundo**, os sistemas electorais agrúpanse nas seguintes formas:

1º Sistemas maioritarios, cando se elixen como representantes os candidatos que en cada distrito obtiveron o maior número de votos. É o único posible nos distritos uninominais. Teñen a desvantaxe de que os grupos minoritarios quedan sen representación, non representando o resultado a estrutura política nacional. Existen dúas categorías:

a) Dise que o sistema é de **maioría absoluta** cando un partido obtén máis votos có total dos seus opoñentes, non existindo ningunha posible combinación de opoñentes que poida iguala-la súa forza numérica. Cúmrese que:

$$fa > (fb + fc + fd + \dots + fn)$$

A pesar de ser aparentemente moi decisiva, esta modalidade aplícase poucas veces en eleccións e límitase a distritos uninominais, aínda que é un modo moi utilizado na decisión parlamentaria. Se ben nos Estados Unidos non rexe a maioría absoluta, nas eleccións para o Congreso aplícase, en cambio, nalgunhas eleccións primarias.

b) Sistemas de **maioría relativa**, que se presentan cando un só partido obtén máis votos có seu inmediato competidor máis forte, mesmo sen obter máis votos có total dos seus adversarios:

$$\begin{aligned} fa &> fb \\ fa &> fc \\ fa &> fd \\ &\dots \\ fa &> fn \end{aligned}$$

É un sistema que orixina maiores desproporcións có sistema de maioría absoluta e có proporcional, existindo algúns auto-

res que estudiaron cómo nas “eleccións uninominais por maioría relativa prodúcense desigualdades de proporcións cúbicas:

$$S_a/S_b = T_a^3/T_b^3$$

Sendo S_i o número de escaños e T_i o número de votos”³.

Unha consecuencia é que os partidos grandes, cun sufraxio estendido uniformemente por moitos distritos, poderían gañar a maioría predominante dos escaños con menos da metade dos votos.

En calquera caso, debe salientarse que, segundo AREND LIJPHART, “de las múltiples fórmulas maioritarias teóricamente posibles, tan sólo tres se han utilizado en los países más modernos: mayoría relativa (**plurality**), mayoría absoluta-relativa (**majority-plurality**) y el voto alternativo. La fórmula de **plurality** -a la que se conoce frecuentemente como el método de **first-past-the-post** (el primero consigue el puesto) o de la **mayoría relativa**- especifica que, en circunscripciones uninominales, cada votante deposita un voto y el candidato que obtiene más votos gana. (En circunscripciones binominales, los votantes tienen dos votos y los dos candidatos con más votos ganan, etc.). Son cinco los países que han utilizado la mayoría relativa y que lo han venido haciendo casi sin excepciones: Canadá, India, Nueva Zelanda, Reino Unido y Estados Unidos.

La Quinta República francesa constituye el único ejemplo de la fórmula de doble votación **mayoría absoluta-mayoría relativa**. La regla es que se necesita una mayoría (una mayoría absoluta, es decir, más de la mitad de los votos válidos) en la primera votación; si de esta primera vuelta no resulta un ganador, se celebra una segunda votación en la que se impone el candidato más votado, aunque sólo obtenga una mayoría relativa de los votos. En esta segunda vuelta puede haber más de dos candidatos, pero el modelo normal de segunda votación en Francia consiste en una contienda entre dos candidatos principales, porque los candidatos más débiles son obligados a retirarse y otros candidatos pueden optar por retirarse voluntariamente para favorecer a candidatos más fuertes de partidos aliados. No obstante, la fórmula de mayoría absoluta-mayoría relativa debe distinguirse del desempate por mayoría (**majority-runoff**), cuya segunda vuelta queda limitada a los dos candidatos más votados en la primera; de ahí que pueda calificarse como fórmula mayoría absoluta-mayoría absoluta (**majority-majority**), a diferencia del método francés de la mayoría absoluta-mayoría relativa. En nuestro grupo de países no se ha utilizado el desempate por mayoría en las elecciones legislativas (con la excepción menor de algunas elecciones al Congreso estadounidense, que ya hemos ad-

³ Mc KENDALL e STUART, “Cubic proportion in electoral results”, *British Journal of Sociology* nº 1, Londres, 1950, p. 183.

vertido antes), pero se usa para las elecciones presidenciales directas en Francia, Portugal y Austria.

El único país que ha utilizado el voto alternativo ha sido Australia. A los votantes se les pide que pongan a los candidatos por orden de sus preferencias. Si hay un candidato que obtiene una mayoría absoluta de primeras preferencias, resulta elegido; si no, se elimina al candidato más débil y los votos que obtuvo se vuelven a distribuir entre el resto de los candidatos según las segundas preferencias de los votantes; el proceso continúa hasta que hay un candidato que consigue la mayoría absoluta⁴.

2º Sistemas minoritarios. A súa finalidade é asegura-la representación das minorías, polo que se dividen en dúas categorías:

a) **Sistemas empíricos ou non proporcionais**, cando o elector designa un número de candidatos inferior ó atribuído a cada distrito, deixando que os restos se lles atribúan á minorías (voto **imperfecto** ou **limitado**); cando cada elector ten tantos votos coma representantes asignados ó distrito pero pode centralalos nun só candidato, o que lles permite ás minorías acumularlos seus votos sobre unha soa persoa e ás maiorías distribuílos (voto **acumulado**); e, tamén, cando un candidato pode presentarse en diversas circunscricións e resultar elixido, anque en ningunha delas obteña maioría, con tal de que, sumando tódolos votos, alcance un mínimo determinado (**mínimo electoral**).

b) **Sistemas racionais ou proporcionais**, cando se busca maior precisión na representación minoritaria, de xeito que a composición do Parlamento se corresponda o máis exactamente posible coa estrutura do corpo electoral. Os máis importantes son:

■ O **sistema Hare**, no que o elector, a continuación do nome do candidato ó que lle dá o seu voto, pode engadir outros varios.

Calcúlase o cociente electoral dividindo o número de sufraxios emitidos polo número de representantes que hai que elixir; unha vez que o candidato alcanzou o cociente prescín-dese del e impútanselle os votos ó que lle segue en orde, ata obte-lo número de representantes asignados en cada distrito.

■ O **sistema Hagenbach**, no que se vota por listas de candidatos e se atopa o cociente electoral polo mesmo modo do sistema anterior pero, unha vez achado o cociente, utilízase como divisor común dos votos obtidos por cada lista, e o seu resultado produce o número de deputados que lle corres-

⁴ LIJPHART, A., *Sistemas electorales: Tipos, pautas, tendencias*, Centro de Estudios Constitucionais, Madrid, 1995. p. 55.

ponden a cada unha delas. Por exemplo, nunha circunscrición que debe elixir dez deputados emítense 40.000 sufraxios, correspondéndolle 20.000 ó partido A, 12.000 ó partido B e 8.000 ó partido C, o resultado sería:

$$\begin{aligned} 40.000 / 10 &= 4.000 \\ 20.000 / 4.000 &= 5 \\ 12.000 / 4.000 &= 3 \\ 8.000 / 4.000 &= 2 \end{aligned}$$

Os escanos serían 5 do partido A, 3 do B e 2 do C.

Agora ben, cando non exista unha distribución uniforme hai tres formas de resolve-lo problema. Supoñámo-lo mesmo caso pero que os votos recibidos por cada partido fosen 18.500 o A, 11.200 o B e 10.300 o C, ocorrería que ó dividir polo cociente existirían uns restos:

$$\begin{aligned} 18.500 / 4.000 &= 4 \text{ e sobran } 2.500 \text{ votos} \\ 11.200 / 4.000 &= 2 \text{ e sobran } 3.200 \text{ votos} \\ 10.300 / 4.000 &= 2 \text{ e sobran } 2.300 \text{ votos.} \end{aligned}$$

As tres formas serían:

■ **O método do resto maior**, polo que se atribúen os postos sen cubrir ás listas que obtivesen o resto máis próximo ó cociente, neste caso ó A e ó B, resultando 5 ó A, 3 ó B e 2 ó C.

■ **O método da media maior**, polo que se atribúen os postos sen cubrir á lista que ó dividi-los votos recibidos polo cociente dea un resultado máis elevado. No exemplo anterior, os dous postos sobrantes pasarían á lista A, resultando: 6 escanos para A, 2 para B e 2 para C.

■ **O método do cociente rectificad**o (sistema Hagenbach-Bischof ou Droop), polo que se rectifica o cociente engadíndolle unha unidade ó número de postos, resultando a asignación de postos dunha soa vez. No exemplo anterior resultaría: $q = 40.000/11 = 3.636$, e en consecuencia:

$$\begin{aligned} 18.500 / 3.636 &= 5 \text{ e sobran } 320 \text{ votos} \\ 11.200 / 3.636 &= 3 \text{ postos e sobran } 292 \text{ votos} \\ 10.300 / 3.636 &= 2 \text{ postos e sobran } 3.028 \text{ sufraxios.} \end{aligned}$$

Existen dúas variantes, a **Imperiali normal** (en que se divide por $M+2$) e a **Imperiali reforzada** (en que se divide por $M+3$), resultando unhas cotas tan baixas que con frecuencia non haberá restos de escanos. Como advirte Arend Lijphart, “siempre que se disminuye la cuota hasta el punto de que todos los escanos puedan asignarse sin utilizar los restos de votos, el resultado será el mismo que el de la fórmula d’Hondt⁵”.

■ **O sistema d’Hondt**, no que o número de votos obtidos se divide por 1, 2, 3, 4, ..., obténdose cocientes dos que se to-

⁵ LIJPHART, A, *op. cit.*, p. 61. |

man, de maior a menor, tantos como deputados que elixir. O menor destes cocientes utilízase como divisor común do número de votos obtidos por cada lista, á que se atribuirán tantos deputados como cifra resulte da tal división.

Utilizando o exemplo anterior, teríamos:

A:	18.500,	9.250,	6.166,	4.625,	3.700,	3.083
B:	11.200,	5.600,	3.733,	2.800,	2.240,	1.866
C:	10.300,	5.150,	3.433,	2.325,	2.100,	1.750

Ordenando os resultados, teríamos 18.500, 11.200, 10.300, 9.250, 6.166, 5.600, 5.150, 4.325, 3.733, 3.700, sendo o cociente menor de 3.700. O resultado final sería:

$$18.500 / 3.700 = 5 \text{ escanos para A}$$

$$11.200 / 3.700 = 3 \text{ escanos para B}$$

$$10.300 / 3.700 = 2 \text{ escanos para C}$$

Utilízase en Alemaña, Austria, Bélxica (onde se inventou), Finlandia, Francia (antes de 1.958), Noruega (antes de 1.953), Suíza e España.

O sistema Lagüe é similar ó anterior pero utiliza como cocientes os números: 1,4; 3; 5; 7; ... $2n-1$. Utilizado nos países escandinavos tivo un efecto triple: reforzou os partidos medianos non socialistas reducindo a "sobrerrepresentación dos socialdemócratas, diminuíu o rendemento das fusións dentro da oposición e axudou a tódolos partidos establecidos desanimando os partidos minúsculos e novos"⁶. Emprégase actualmente en Noruega, Suecia e, en parte, en Dinamarca.

■ O sistema do número uniforme, polo que non se fixa de antemán o número de representantes que elixir, senón que se establece a cantidade de sufraxios necesaria para ser elixido, cantidade que se denomina número **uniforme**. Cada lista terá tantos representantes coma postos resulten ó dividi-lo número de votos acadado polo dito **número uniforme**. Os restos de cada distrito agrúpanse por partido e divídense polo número uniforme incrementando o resultado. Foi establecido en Alemaña en 1920, durante a República de Weimar, sendo 60.000 o **número uniforme elixido**.

A Lei electoral española

En 1977 estaba claro que España debía adoptar algunha forma de representación proporcional, dado o papel histórico que este tipo de representación tivera no continente europeo, e porque as fortes presións das minorías nacionalistas e o perigoso

⁶ RAE, Douglas e RAMÍREZ, Victoriano, *El Sistema electoral español*, McGraw-Hill, Interamericana de España S.A., Madrid, 1993, p. 43.

localismo aconsellaban evita-la aplicación dun sistema maioritario en distritos uninominais.

O Real decreto que regulou os procesos electorais iniciais publicouse o 18 de marzo de 1977, instrumentando a aplicación do sistema proporcional de D'Hondt en distritos electorais relativamente pequenos.

A partir de 1985 regulouse por medio da Lei orgánica 5/1985, do 14 de xuño, modificada pola Lei orgánica 1/1987, do 2 de abril, que establece no seu art. 1 que é aplicable a:

a) As eleccións de deputados e senadores ás Cortes Xerais sen prexuízo do disposto nos estatutos de autonomía para a designación dos senadores previstos no art. 69.5 da Constitución.

b) As eleccións dos membros das corporacións locais.

c) As eleccións dos deputados do Parlamento europeo.

No art. 2 establécese que teñen dereito a sufraxio tódolos españois maiores de idade que non estean comprendidos nos supostos do art. seguinte, e que serían:

a) Os condenados por sentenza xudicial firme á pena principal ou accesoria de privación do dereito de sufraxio durante o tempo do seu cumprimento.

b) Os declarados incapaces en virtude de sentenza xudicial firme, sempre que a mesma declare expresamente a incapacidade para o exercicio do dereito de sufraxio.

c) Os internados nun hospital psiquiátrico con autorización xudicial, durante o período que dure o seu internamento, sempre que na autorización o xuíz declare expresamente a incapacidade para o exercicio do dereito de sufraxio.

O art. 4 establece, ademais, que o elector exercerá o seu dereito de sufraxio na sección en que se atope inscrito, segundo o censo e na Mesa electoral que lle corresponda, sen prexuízo das disposicións sobre o voto por correspondencia e o voto dos interventores. Tamén establece que ninguén pode votar máis dunha vez nas mesmas eleccións.

O art. 8 determina que a Administración electoral ten como finalidade garantir nos termos da lei a transparencia e obxectividade do proceso electoral e do principio de igualdade. A continuación, establece os órganos que a forman: as xuntas electorais central, provincial, de zona e, de se-lo caso, de Comunidade Autónoma, e as mesas electorais.

O art. 16, pola súa parte, establece que os membros das xuntas electorais son inamovibles e só poderán ser suspendidos

por delitos ou faltas electorais, tras expediente aberto pola Xunta superior en categoría, mediante acordo da maioría absoluta dos seus compoñentes, e sen prexuízo do procedemento xudicial correspondente. Así mesmo, establece a competencia da Xunta Central para acorda-la suspensión dos seus propios membros. Esta Xunta Central ten a súa sede en Madrid e está composta por oito vocais maxistrados do Tribunal Supremo designados polo CXPX e cinco vocais catedráticos de dereito, en activo, designados por proposta conxunta dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores con representación no Congreso dos Deputados.

O art. 44 di, no seu apartado 1, **que poderán presentar candidatos ou listas de candidatos:**

- a) Os partidos e federacións inscritos no rexistro correspondente.
- b) As coalicións constituídas segundo o disposto no apartado seguinte.
- c) As agrupacións de electores que reúnan os requisitos establecidos polas disposicións especiais da presente lei.

O apartado 2, pola súa parte, establece que **os partidos e federacións que establezan un pacto de coalición para concorreren conxuntamente a unha elección deben comunicarllo á Xunta competente, nos dez días seguintes á convocatoria, facendo consta-la denominación da coalición, as normas polas que se rexe e as persoas titulares dos seus órganos de dirección ou coordinación.**

No apartado 3 determínase que **ningún partido, federación, coalición ou agrupación de electores pode presentar máis dunha lista nunha mesma circunscrición.**

Do art. 59 ó 68 regúlase a utilización de medios de comunicación de titularidade pública durante as campañas electorais. E do art. 95 ó 160 a forma de escrutinio, o contencioso electoral, as regras xerais de procedemento en materia electoral, dos gastos e subvencións e dos delitos e infraccións electorais.

O art. 161, pola súa parte, regula o sistema electoral, establecendo o art. 162 que o Congreso dos Deputados estará formado por 350 membros, correspondéndolle a cada provincia un mínimo inicial de dous deputados, se ben Ceuta e Melilla só estarán representadas, cada unha delas, por un deputado. Os 248 deputados restantes distribúense entre as provincias en proporción á súa poboación. Divídese para iso o total da poboación de dereito da península e das illas por 248, obténdose a correspondente **cota de repartimento.** Adxudícaselle a cada provin-

cia o número de deputados resultante de dividir, en números enteiros, a poboación de dereito provincial pola cota de repartimento. Os deputados restantes distribúense asignándolle un a cada unha das provincias o cociente das cales, obtido conforme ó apartado anterior, teña unha fracción decimal maior. En todo caso, no decreto de convocatoria fixarase o número de deputados que se van elixir en cada provincia, de acordo co disposto no citado artigo 162.

No artigo 163, pola súa vez, determínase a atribución de escanos en función dos resultados do escrutinio e en función de certas regras que se corresponden coa denominada Lei ou sistema d'Hondt.

No art. 164 determínase que en caso de pasamento o escano lle será atribuído ó seguinte ou ó suplente da lista do partido que lles correspondese ó finado.

No art. 165 determínase que en cada circunscrición provincial se elixen 4 senadores, coa excepción de Gran Canaria, Mallorca e Tenerife que elixen 3, Ceuta e Melilla en que se elixen 2 e as illas menores que elixen 1, a través dun sistema non proporcional de voto imperfecto ou limitado, polo que cada elector lles dá o seu voto a un máximo de 3 candidatos (2 en Gran Canaria, Mallorca, Tenerife, Ceuta e Melilla, e 1 nas demais circunscricións insulares).

Por último, nos seguintes artigos regúlase a convocatoria de eleccións, o procedemento electoral, as eleccións municipais, as provinciais e as europeas.

Aplicación do sistema d'Hondt ás eleccións españolas

Como especifica Punset, o exemplo electoral español "sacrifica sin consideraciones el principio de la representación necesaria de todos o casi todos los ciudadanos en el Congreso, con tal de asegurar gobiernos estables"⁷.

Utilízase para iso, como se expuxo no epígrafe anterior, o sistema d'Hondt, tal e como reflicte o art. 163 da lei electoral vixente, que establece as regras seguintes:

- a) Non se teñen en conta aquelas candidaturas que non obtivesen, polo menos, o 3% dos votos válidos emitidos na circunscrición.
- b) Ordénanse de maior a menor, nunha columna, as cifras de votos obtidos polas restantes candidaturas.
- c) Divídese o número de votos obtidos por cada candidatura por 1, 2, 3,... ata un número igual de escanos correspon-

⁷ PUNSET, Eduardo., Prólogo á obra citada en (4), p. VII.

dentes á circunscrición, formándose un cadro similar ó que aparece no exemplo práctico adxunto. Os escanos atribúenselles ás candidaturas que obteñan os cocientes maiores non cadro, atendendo a unha orde decrecente.

Exemplo: 480.000 votos válidos emitidos nunha circunscrición que elixa 8 deputados, repartíndose a votación entre seis candidaturas da forma seguinte: A (168.000), B (104.000), C (72.000), D (64.000), E (40.000) e F (32.000).

	1	2	3	4	5	6	7	8
A	168.000	84.000	56.000	42.000	33.600	28.000	24.000	21.000
B	104.000	52.000	34.666	26.000	20.800	17.333	14.857	13.000
C	72.000	36.000	24.000	18.000	14.400	12.000	10.285	9.000
D	64.000	32.000	21.333	16.000	12.800	10.666	9.142	8.000
E	40.000	20.000	13.333	10.000	8.000	6.666	5.714	5.000
F	32.000	16.000	10.666	8.000	6.400	5.333	4.571	4.000

Aplicando a Lei d'Hondt resultaría:

A: 4 escanos

B: 2 escanos

C: 1 escano

D: 1 escano

Debe terse en conta, tamén, que se no repartimento coinciden dous cocientes correspondentes a distintas candidaturas, o escano se lle atribuirá á que maior número de votos total obtivese. Se estivesen empatados a número de votos, o primeiro empate resólvese por sorteo e os sucesivos de forma alternativa.

Por outra parte, os escanos correspondentes a cada candidatura adjudícanse ós candidatos incluídos nela, con base na orde de colocación en que estean situados na lista.

Ademais, con respecto a Ceuta e Melilla, ó seren circunscricións uninominais, o sistema que se debe aplicar será o de **maioría relativa**, adjudicándose o escano ó candidato que maior número de votos obtivese.

Para comprende-lo favoritismo que introduce o sistema d'Hondt a favor do partido máis votado pode observarse a prima de escanos a favor dos partidos maioritarios con respecto ós minoritarios no ano 1989, con respecto ós escanos que lles corresponderían de ser un repartimento proporcional puro.

Cadro nº 1. Beneficios do sistema d'Hondt nas eleccións de 1989

Partidos	Nº de votos	Cota proporcional	Nº escanos s/d'Hondt
PSOE	8.088.072	148,8	176 (+27)
PP	5.282.877	97,0	106 (+9)
IU	1.851.080	34,0	17 (-17)
CDS	1.617.104	29,6	14 (-15)
CIU	1.030.476	18,9	18
PNV	253.769	4,7	5
HB	216.822	4,0	4
PA	212.802	3,2	2 (-1)
UV	144.655	2,6	2
EA	136.595	2,5	2
EE	105.217	1,9	1
PAR	71.628	1,3	1
AIC	64.989	1,2	—

Aplicación da Lei electoral en Galicia durante as eleccións de 3 de marzo de 1996

Un exemplo máis claro do exposto ata este momento pódese observar analizando as eleccións de 1996, e máis especialmente, as eleccións ó Congreso dos Deputados no que se refire á Comunidade Autónoma de Galicia.

A CORUÑA

Censo: 922.408

Participación: 72,59%

Abstención: 27,41%

Nº deputados: 9

Partidos	Votos	%	Deputados
PP	317.163	47,35	5
PSOE	223.798	33,41	3
BNG	87.505	13,06	1
EU	29.483	4,40	—
Verdes	2.781	0,42	—
UC	1.092	0,16	—
Outros	8.038	1,20	—
Total	669.860	100,00	9

LUGO*Censo:* 320.918*Participación:* 73,59%*Abstención:* 26,41%*Nº deputados:* 4

Partidos	Votos	%	Deputados
PP	127.508	53,98	3
PSOE	74.942	31,73	1
BNG	24.017	10,17	—
EU	6.231	2,64	—
Verdes	747	0,32	—
UC	417	0,18	—
Outros	2.315	0,98	—
Total	236.177	100,00	4

OURENSE*Censo:* 297.002*Participación:* 74,28%*Abstención:* 25,62%*Nº deputados:* 4

Partidos	Votos	%	Deputados
PP	108.108	49,00	2
PSOE	78.777	35,70	2
BNG	27.547	12,49	—
EU	3.787	1,72	—
VE-VG	418	0,19	—
UC	216	0,10	—
Outros	1.765	0,80	—
Total	220.618	100,00	4

PONTEVEDRA
Censo: 724.903

Participación: 73,97%

Abstención: 26,03%

Nº deputados: 8

Partidos	Votos	%	Deputados
PP	254.236	47,41	4
PSOE	170.717	31,84	3
BNG	79.988	14,92	1
EU	22.136	4,13	—
VE-VG	1.763	0,33	—
UC	713	0,13	—
Outros	6.649	1,24	—
Total	536.202	100,00	8

Como exemplo de aplicación do método d'Hondt, elixímo-
a provincia da Coruña, resultando:

	1	2	3	4	5
PP	317.163	158.582	105.721	79.291	63.433
PSOE	223.798	111.899	74.599	55.949	44.760
BNG	87.505	43.752	29.168	21.876	—
EU	29.483	14.742	9.828	—	—
Verdes	2.781	1.390	—	—	—
UC	1.092	—	—	—	—
Outros	8.038	—	—	—	—

Así pois, o primeiro escano correspóndelle ó PP (317.163 vo-
tos), o segundo ó PSOE (223.798), o terceiro ó PP (158.582),
o cuarto ó PSOE (111.899), o quinto ó PP (105.721), o sexto ó
BNG (87.505), o sétimo ó PP (79.291), o oitavo ó PSOE (74.599)
e o noveno ó PP (63.433). Resulta, polo tanto, a asignación se-
guinte:

PP: escanos 1º, 3º, 5º, 7º e 9º, é dicir, **5**.

PSOE: escanos 2º, 4º e 8º, é dicir, **3**.

BNG: escano 6º, é dicir, **1**.

Vexamos agora o que ocorrería se, no canto de toma-los ca-
tro distritos provinciais, se tomase o territorio da Comunidade
Autónoma como distrito único.

O resultado final das eleccións do 3 de maio foi:

GALICIA

Censo: 2.266.231

Nº votos: 1.662.857

Participación: 73,38%

Abstención: 26,62%

Nº deputados: 25

Resultando a seguinte distribución de escanos:

Partidos	Votos	%	Deputados obtidos o 3-3-96
PP	807.015	48,53	14
PSOE	548.234	32,97	9
BNG	219.057	13,17	2
EU	61.637	3,71	—
Verdes	5.709	0,34	—
UC	1.725	0,11	—
Outros	19.480	1,17	—
Total	1.662.857	100,00	25

Se, en troques, se lle aplicase o método d'Hondt ó territorio galego, como se fose distrito único, o resultado sería:

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15
PP	807.015	403.507	269.005	201.754	161.403	134.503	115.288	100.877	89.668	80.701	73.365	67.251	62.078	57.644	53.801
PSOE	548.234	274.117	182.744	137.058	109.647	91.372	78.319	68.529	60.914	54.823	49.839	—	—	—	—
BNG	219.057	109.528	73.019	54.764	43.811	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—
EU	61.637	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—
VER.	5.709	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—
UC	1.725	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Otros	19.480	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—

Neste caso, o primeiro escano corresponderíalle ó PP (807.015), o segundo ó PSOE (548.234), o terceiro ó PP (403.507), o cuarto ó PSOE (274.117), o quinto ó PP (269.005), o sexto ó BNG (219.057), o sétimo ó PP (201.754), o oitavo ó PSOE (182.744), o noveno ó PP (161.403), o décimo ó PSOE (137.058), o undécimo ó PP (134.503), o duodécimo ó PP (115.288), o décimo terceiro ó PSOE (109.647), o décimo cuarto ó BNG (109.528), o décimo quinto ó PP (100.877), o décimo sexto ó PSOE (91.372), o décimo sétimo ó PP (89.668), o

décimo oitavo ó PP (80.701), o décimo noveno ó PSOE (78.319), o vixésimo ó PP (73.365), o vixésimo primeiro ó BNG (73.019), o vixésimo segundo ó PSOE (68.529), o vixésimo terceiro ó PP (67.251), o vixésimo cuarto ó PP (62.078) e o vixésimo quinto a EU (61.637). A asignación, polo tanto, sería a seguinte:

PP: os escaños nº 1º, 3º, 5º, 7º, 9º, 11º, 12º, 15º, 17º, 18º, 20º, 23º e 24º, cun total de 13 escaños.

PSOE: os escaños nº 2º, 4º, 8º, 10º, 13º, 16º, 19º e 22º, cun total de 8 escaños.

BNG: os escaños nº 6º, 14º e 21º, cun total de 3 escaños.

EU: o escano nº 25º, cun total de 1 escano.

Obsérvase, polo tanto, que se se utilizase Galicia como distrito único, o BNG gañaría un escaño a conta do PP, e EU outra a conta do PSOE, claro exemplo de cómo a fragmentación en distritos e a aplicación do sistema d'Hondt beneficia sempre os partidos máis votados.

Efectos da aplicación do sistema d'Hondt nas eleccións do 3 de marzo de 1996

De tódolos xeitos, e para analizar con máis detalle a forte influencia que a favor do partido máis votado xoga a utilización dun método proporcional corrixido como é o d'Hondt, utilizáremo-los resultados xerais das eleccións ó Congreso dos Deputados do 3 de marzo de 1996, para confeccionar un cadro similar ó nº 1, no que se podían observa-los efectos e beneficios da aplicación do sistema d'Hondt nas eleccións de 1989, respecto do partido máis votado.

Por comunidades autónomas os resultados foron os seguintes:

ANDALUCÍA (5.510.562 votos, 62 escaños)			ARAGÓN (993.091 votos, 13 escaños)		
Partidos	nº votos	nº escaños	Partidos	nº votos	nº escaños
PP	1.562.052	24	PP	369.805	8
PSOE	1.999.154	32	PSOE	265.262	5
IU	580.987	6	IU	70.436	—
Outros	143.407	—	Outros	52.300	—

ASTURIAS

(932.295 votos, 9 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	294.811	4
PSOE	282.337	4
IU	111.774	1
Outros	17.230	—

CASTELA-A MANCHA

(2.570.325 votos, 20 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	534.190	11
PSOE	480.773	9
IU	94.806	—
Outros	6.659	—

BALEARES

(602.347 votos, 7 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	194.201	4
PSOE	155.243	3
IU	33.169	—
Outros	40.930	—

CASTELA-LEÓN

(2.100.694 votos, 33 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	874.402	22
PSOE	581.921	11
IU	153.148	—
Outros	24.484	—

CANARIAS

(1.258.168 votos, 14 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	329.891	5
PSOE	260.531	5
IU	48.141	—
CC	220.069	4
Outros	5.859	—

CATALUÑA

(5.044.894 votos, 46 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	694.980	8
PSOE	1.519.999	19
CIU	1.144.884	16
IU	296.231	2
ERC	161.835	1
Outros	7.755	—

CANTABRIA

(434.255 votos, 5 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	174.867	3
PSOE	122.464	2
IU	39.399	—
Outros	2.548	—

COMUNIDADE VALENCIANA

(3.151.627 votos, 32 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	1.128.554	15
PSOE	984.365	13
IU	285.451	3
UV	91.350	1
Outros	46.812	—

ESTREMADURA
 (845.491 votos, 11 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	281.600	5
PSOE	337.693	6
IU	62.256	—
Outros	9.815	—

NAVARRA
 (437.549 votos, 5 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	119.340	2
PSOE	97.951	2
IU	40.550	1
Outros	55.826	0

GALICIA
 (2.265.231 votos, 25 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	807.015	14
PSOE	548.234	9
BNG	219.057	2
IU	61.637	—
Outros	26.914	—

PAÍS VASCO
 (1.757.955 votos, 19 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	229.897	5
PSOE	295.485	5
IU	115.805	1
PNV	314.228	5
HB	154.286	2
EA	103.252	1

A RIOXA
 (218.468 votos, 4 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	87.568	2
PSOE	64.570	2
IU	15.485	—
Outros	6.622	—

MELILLA
 (43.214 votos, 1 escaño)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	13.691	1
PSOE	11.599	—
IU	935	—
Outros	259	—

MADRID
 (4.144.805 votos, 34 escaños)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	1.630.891	17
PSOE	1.034.544	11
IU	545.215	6
Outros	30.233	—

CEUTA
 (50.390 votos, 1 escaño)

Partidos	nº votos	nº escaños
PP	17.192	1
PSOE	11.439	—
IU	2.348	—
Outros	795	—

MURCIA
 (850.893 votos, 9 escaños)


Partidos	nº votos	nº escaños
PP	349.732	5
PSOE	364.449	3
IU	73.721	1
Outros	4.212	—

Elaborando un cadro similar ó n° 1, estes resultados agrúpanse da forma seguinte:

Cadro n° 2. Beneficios do sistema d'Hondt nas eleccións de 1996

Partidos	n° de votos	cota proporcional	n° escanos s/ d'Hondt
PP	9.694.761	138	156 (+18)
PSOE	9.318.013	133	141 (+8)
IU	2.631.494	38	21 (-17)
CIU	1.144.884	16	16
PNV	314.228	5	5
HB	154.286	2	2
ERC	161.835	2	1 (-1)
BNG	219.057	3	2 (-1)
UV	91.350	1	1
CC	220.069	3	4 (+1)
EA	103.252	2	1 (-1)
Outros	463.870	7	0 (-7)
Total	24.517.099	350	350

Como se pode apreciar, e como adoita pasar, o partido máis votado –neste caso o PP– viuse favorecido con 18 escanos máis dos que lle corresponderían por cota proporcional, mentres que é IU o menos favorecido, ó obter 17 escanos menos dos que, seguindo o sistema de cota proporcional, lle corresponderían.

Nestes resultados, por conseguinte, poden apreciarse as vantaxes e inconvenientes dun sistema tan difundido hoxe en día por todo o mundo, especialmente, entre os países de Europa occidental. 



**NOTAS
COMENTARIOS** ^E

A autonomía das universidades galegas e a súa relación coas comunidades autónomas*

Decano da facultade de
Dereito da Universidade
de Vigo

Luis Rodríguez Ennes

“**E**n el momento actual –escribía nun interesante libro sobre *Administración Universitaria*, aparecido en 1971, Alberto Moncada– aparte del problema semántico, de cómo cada uno entiende las palabras ‘autonomía’ y ‘autogobierno’, se plantean, sobre todo, cuestiones concretas, alumbradas por dos principios de casi universal aceptación. Uno es que la enseñanza superior, la Universidad, no puede dejar de ser de alguna manera controlada por la sociedad, cuyas necesidades satisface y cuyas rentas disfruta. Y otro, que es muy deseable el grado máximo de independencia de los centros, entendida como una libertad para responsabilizarse del cumplimiento de unas metas ampliamente consentidas por la sociedad”.

¿Como conciliar, pois, a tan desexada autonomía, co necesario control social? E é que, non cabe dúbida de que no ámbito universitario “autonomía” foi a palabra máxica por excelencia. Tódolos seus males lle eran atribuídos sistematicamente ós perfdos designios do ministerio en cuestión. Á parte dos loables

* Conferencia pronunciada polo Prof. Dr. Luis Rodríguez Ennes, dentro do marco dos cursos de dereito público galego que se organizan en desenvolvemento do convenio de formación de xuíces e maxistrados asinado entre o Consello Xeral do poder xudicial e a Xunta de Galicia. Santiago-Pontevedra, febreiro 1994.

esforzos dos seus titulares por consolidar este modelo, xogaba sempre ó seu favor a tendencia inconsciente de identifica-los problemas da universidade e as solucións razoables correspondentes, cos problemas da Universidade de Madrid, e as solucións que a súa patolóxica constitución esixise. Toda a normativa universitaria se realizou a través dun angosto ollo de pechadura que, para colmo, ofrecía como campo de exploración dubidosamente arquetípico un dos exemplos universitarios máis macrodisparatados que imaxinarse poida. O resultado era delicioso: os problemas do numeroso resto das universidades españolas quedaban fóra do campo visual e, por tanto, sen solución razoable; pero para dar máis ambiente, as "solucións" ós problemas madrileños chovían sobre a periferia como sarabia, provocando gratuitamente novas traxedias. Non é de estrañar que entre unhas e outras cousas, a "autonomía" se ansiara como unha panacea.

Nesta tesitura eran xa tres os elementos que entraban en xogo. O Estado centralista aparecía como inimigo inevitable da autonomía universitaria. Pero, ó mesmo tempo, as propostas de contratación de profesorado en cada universidade parecían xustificar un medo cerval a determinados aspectos da dita autonomía. O perigo dun "provincianismo" que esgotara o alento científica, e dun xogo de intereses localistas que confundisen expediente académico con partida de nacemento, levaba a pedirlo auxilio dos corpos estatais –coas súas oposicións– para salvarla "obxectividade científica". A autonomía da universidade esixiría, pois, acabar coa tutela madrileña da Universidade; pero tamén era preciso deixar a salvo da debilidade das autonomías universitarias todo o relativo á selección do profesorado. E é que non podo estar de acordo coa idea, tan estendida entre os coñecedores do estamento universitario, de que a organización para a cultura ou a investigación sería como un mundo á parte que rexeitaría calquera intromisión de fóra. E non concordo con tal punto de vista, por algo moi elemental que vou tratar de expoñerlles en dúas palabras. O cal non impide que eu mesmo entenda desexable un grao de autonomía para a universidade, que a deixe a cuberto dos pequenos pero alborotadores combates da política menor. E non estou de acordo con esa pretensión de separación porque a situación de ausencia total de control leva consigo hábitos de irresponsabilidade, tan abundantes por desgracia nos diversos chanzos da universidade española.

Son consciente, pois, de que o concepto de autonomía é un concepto esencialmente demarcado e limitado. Estamos, sen dúbida, por definición, ante un concepto angosto. Nada ten que ver a autonomía dos entes territoriais e caracterizados pola plu-

ralidade dos seus fins coa das universidades. A LRU parte dun concepto no que se confunde "autonomía universitaria" con "comunidades autónomas". A autonomía universitaria non se entende –como don Francisco Giner– como emancipación dunha innecesaria tutela a cargo do Estado. Mantense máis ben a dependencia universitaria, aínda que agora xa non só respecto ó Estado central, senón tamén respecto do ente autonómico. E iso por unha interpretación, ó meu xuízo nesgada, do artigo 27.10 da Constitución: **"Recoñécese a autonomía das universidades, nos termos que a lei estableza"**. Así como para as rexións, por exemplo, as leis encontran un límite na autonomía, para as universidades, pola contra, a autonomía atopa un límite claro na lei. As leis delimitan innegablemente, por tanto, este principio organizativo en que consiste a autonomía universitaria a teor da Constitución. Hai que evitar que o reforzamento da idea autonómica da universidade, establecendo vasos comunicantes coas autonomía rexionais, poida en parte estar animado pola intención de montar unha estratexia local de consolidación de posicións.

Estamos falando de autonomía universitaria e non de independencia, o cal quere dicir que a universidade, como servizo público, ten que vir regulada nas súas liñas mestras pola sociedade a través das institucións que a representan e a quen corresponden tamén esixir contas materiais e morais sobre a xestión que realizar. De aí que en tódalas nacións lles corresponde a instancias públicas superiores defini-las liñas mestras do complexo universitario. A universidade, posteriormente, e a través dos seus estatutos, completará a armazón definitiva concretando o *modus operandi*.

As leis universitarias, con todo, non poden afectar, sen desnaturaliza-la institución, á liberdade de ensino e investigación, aínda que si definir cales son os aspectos que máis lle importan á sociedade, homologando títulos e concedendo subvencións. Tampouco os pronunciamentos xerais poden, sen desvitaliza-la institución, sufocar esta con decisións pormenorizadas. A autonomía supón autorresponsabilidade e é antinómica con centralismo e dirección xerárquica. Non se trata, pois, de reclama-la pervivencia dun dogma, senón de darlles ás universidades a flexibilidade de xestión que garanta a liberdade intelectual, á par que a súa propia eficacia como servizo público.

A longa historia da universidade occidental, contemplou un longo desfile de formas de organización do máis diverso tipo: fundacións públicas, privadas, rexias, relixiosas, municipais, estatais, empresas, organismos administrativos, corporacións de profesores sós, de profesores con estudantes, profesores como

profesionais libres ou como empregados laborais, ou como funcionarios; organizacións rozando o límite da informalidade ou estrictamente burocratizadas. O panorama occidental sobre organización universitaria está fracturado en dous grandes modelos, en certo modo contrapostos. En primeiro termo está o modelo continental europeo, no que, como resposta ás demandas estudiantís de 1968, se alzou un principio de conxestión dos órganos universitarios, poñéndolle fin á universidade dos catedráticos, e asignándolle participación na xestión a estratos docentes inferiores ó de catedráticos ou profesores ordinarios, ós estudantes e ata ós funcionarios administrativos (incluso a organizacións sociais, sindicais e políticas externas), por unha parte, e, por outra, acentuouse unha intervención dos poderes centrais e rexionais baixo a capa da planificación do ensino e da investigación e da aseguraza dun dereito ó estudo por parte dos cidadáns aptos.

O segundo modelo é o anglosaxón, inglés e norteamericano. Sen prexuízo de importantes diferencias entre eles, teñen en común o mantemento da estrutura fundacional gobernada por padroados de leigos, aínda que cun crédito de confianza moi extenso confiado ós profesores de primeiro nivel, que son os que normalmente designan a eses padroados ou, polo menos, participan na súa designación. O Estado (os membros da Federación ou o da Unión, de se-lo caso) non planifica directamente a actividade educativa ou de investigación a este nivel de ensino, pero a vía subvencional, de importancia crecente na economía das universidades, produce un certo vínculo, máis ou menos estricta, ás directrices políticas dos titulares dese poder financeiro, tal acontece no Reino Unido a partir da "Great Education Reform Bill" que realiza unha planificación moito máis directa.

Á vista desta situación de pluralismo, debemos inferir que ningunha desas formas parece se-la expresión dunha esencia inmutable, precisamente porque non existe unha organización inmutable e canónica. Con todo, debemos tratar de identifica-lo principio oculto que lles permitiu ás universidades cumprir-las súas funcións esenciais baixo estruturas tan diversas e variables. E ese principio é, xustamente, o que chamamos de autonomía universitaria. Toda organización ten unha estrutura externa, pero tamén unha función á que esa estrutura debe servir. A función xeral da universidade é a formación dos profesionais e dos científicos superiores, pero dentro dun ensino constantemente posto en cuestión, ela mesma, aberta á investigación e ó cambio permanentes, plural e non dogmática, unida, por tanto, inescindiblemente á elaboración da ciencia. É, como xa notamos, a

verdadeira función crítica dunha sociedade, curiosa pero esencialmente vinculada á formación dos profesionais e científicos superiores.

Neste sentido, a autonomía universitaria hai que vinculala, como o seu "contido esencial", co cumprimento desa función crítica. Autonomía universitaria quere dicir, en primeiro termo, pois, liberdade dos docentes para poñer en cuestión a ciencia recibida, para investigar novas fronteiras do cognoscible, para transmitir versións propias da ciencia e incorporación desa liberdade no proceso formativo. A autonomía universitaria fai, polo tanto, referencia inicial á autonomía crítica e ensinante do docente, *sine qua non*. Pero establecido o cal, é evidente que esa liberdade crítica e ensinante requirirá un apoio institucional concreto que as faga posibles. As estruturas universitarias son e teñen sido diversas, irreductibles a un modelo formal determinado, vímoloxa, pero calquera delas, desde o seu peculiar sistema, deberá facer posible que o que se acha no seu seo sexa ciencia precisamente e o que se ensina se faga co espírito crítico da permanente posta en cuestión do recibido.

Esa probabilidade resultará algunhas veces das mesmas normas universitarias, pero outras moitas dos costumes dos hábitos, ou das regras relativas ó funcionamento da carreira docente. Por exemplo: na universidade francesa anterior á Lei Faure de orientación de 1968, que iniciou a serie das reformas posteriores á revolución estudiantil dese ano, e tamén nas universidades dos países latinos que seguían un modelo análogo, os profesores eran puros funcionarios. As leis non acostumaban especificar a súa exención do deber xerárquico xeral ó que os funcionarios están sometidos no seo da organización administrativa, pero era admitido por un consenso tácito esa exención no exercicio das súas funcións docentes e investigadoras. Por outra parte, as regras relativas á selección do profesorado dábanlle participación predominante ó xuízo polos pares, que se guiaban pola súa libre convicción sobre os méritos científicos. O desenvolvemento temperán da idea dunha liberdade de cátedra no século XIX excluíu a posibilidade de controlar ideoloxías do profesorado (desde a política ou desde concepcións relixiosas ou científicas determinadas; pénsese no que significou a entrada nas universidades do evolucionismo). No seo dunha estrutura administrativa burocrática aniñaba, pois, unha real autonomía universitaria.

Agora ben, a fórmula anterior, se non se complementase, resultaría en exceso esquemática e formal. O valor "autonomía universitaria" ten, en efecto, ese contido primario: asegura-la actitude crítica e investigadora do docente e facer posible que esa

actitude ante a ciencia que ensina sexa na que precisamente se formen os escolares. Dito isto, imos enunciarnos algúns principios xerais arredor dos cales poderemos reflexionar sobre as consecuencias dese aserto básico, segundo o cal a verdadeira autonomía non é un don gratuito co que as universidades contan en todo caso, senón un obxectivo que alcanzar e que pode ser facilitado ou obstruído.

a. Por de pronto, resulta claro que o obxectivo final desa autonomía, como aseguranza da función crítica da universidade, resulta favorecido se non se ordena a esta como unha simple dependencia dunha organización máis xeral (o Estado, ou o Ministerio de Educación, dentro del ou a Comunidade Autónoma e a Consellería correspondente), senón como unha *universitas* independente. Este é, xustamente, o peso da tradición occidental fóra deses excesos organizativos que xorden do modelo administrativo francés do século XIX, e esa é, como é ben sabido, a orixe mesma da palabra universidade, que alude a unha corporación independente, ben de carácter fundacional, ben sobre a base corporativa estrita de mestres ou de mestres e escolares. Esa fórmula fixo, pois, as súas probas seculares e hoxe revélase-nos como insubstituíble. Os países latinos, que a abandonamos circunstancialmente, retornamos á mesma coas leis posteriores a 1968, que proporcionaron, por de pronto, esta ganancia indiscutible.

b. A consideración de cada universidade como unha organización independente e autocéfala, con personalidade xurídica propia, dicimos os xuristas, non ha de ser un puro dato formal, senón que debe apoiarse nun substrato real e positivo e, ademais, ha de expresarse nunha capacidade de autoorganización e de autodecisión. A unha organización destes trazos é ó que os xuristas acostumamos reserva-lo cualificativo de autónoma e ó que o sentido orixinario do termo alude (autonormación), aínda que eu estime agora, como xa expresei, que un último reducto de autonomía universitaria é capaz de manterse aínda sen o apoio dunha independencia xurídica e formal.

Os problemas comezan en canto se intenten precisa-los dous temas básicos xa aludidos, do substrato real desa independencia e do contido material das súas facultades regulativas. O primeiro tema condúcenos a dúas fórmulas distintas que son as que se reparten hoxe o mundo occidental: a fórmula de base fundacional que foi historicamente a primeira, sobre a base de cartas reais ou pontificias e que continúa sendo substancialmente a do mundo anglosaxón; e a fórmula de base corporativa ou participativa (corporación de mestres ou de mestres e escolares), ta-

mén historicamente prestixiosa e hoxe recollida substancialmente nas leis europeas de reforma posteriores a 1968. Pola súa vez, esta última fórmula cuestiona dous problemas non susceptibles dunha solución abstracta e sobre a infinidade de variantes dos cales resultaría agora van deterse: corporación dunha soa clase xa depurada ou superior de docentes, ou tamén dos que van en camiño de chegar a esa clase final ou que colaboran nas tarefas da mesma, en primeiro termo; máis os alumnos, e en que proporción; máis o do persoal administrativo e a través de qué taxas; máis, en fin, representacións sociais externas, procedentes da sociedade mesma, cáles e en qué grao de intervención e participación. Todo iso resulta en exceso abstruso, ben se comprende, para poder ser discutido en termos abstractos e xerais. A adopción, a configuración e a modulación dun modelo concreto, partindo dunha desas posibles bases ou mesturándolas, e en qué dose e termos concretos, foi a obra das recentes leis de reforma dos distintos países continentais, a incidencia nos tecidos universitarios existentes dos cales determinou unha das máis notorias conmocións da xa longa historia universitaria.

Nos modelos corporativo-participativos configurados polas leis continentais de reforma sempre está presente o principio fundacional dunha maneira incluso preponderante, a través dos verdadeiros fundadores e sustentadores dos centros, que son o Estado ou as comunidades autónomas, a posición das cales lles permite reservarse poderes de intervención non pequenos, os que administran o Ministerio de Educación ou a correspondente consellería.

As leis universitarias enmarcan coidadosamente estes centros, configuran elas os seus órganos, a súa composición e as súas competencias, condicionan plans ou aprobacións no desenvolvemento dunha boa parte da súa actividade, outorgan fondos con asignacións específicas, condicionan con algún rigor a formación e o movemento do seu persoal docente e discente, incluso da organización das súas propias ensinanzas. De feito, non é difícil concluír nunha maior independencia e liberdade das universidades anglosaxonas de tipo fundacional que as que lles queda ás universidades corporativo-participativas, que aparecen sempre enmarcadas nunha estreita malla normativa coas que as entidades públicas que a sosteñen se cobran este sostemento.

Hoxe este feito é vivido de maneira especialmente intensa pola maior parte das universidades europeas continentais, que descubriron que non gañaron coa busca do seu substrato real de autonomía no principio participativo unha maior independencia real, senón en ocasións o contrario (rixideces, controis, bu-

rocratización, exercitados, ademais, por quen non ten contacto co "núcleo esencial" autonómico que xa precisamos, por quen experimenta a actuación de intereses políticos ou locais ou persoais tantas veces contradictorios co devandito núcleo). O corporativismo conduce na práctica a disfuncións graves e, por de pronto, a unha potenciación do socio superior, o que paga, que é o Estado, logo de lles deixar ós outros partícipes que se entreteñan na persecución de pequenos intereses menores, sen relación, ou incluso en contradición, co que verdadeiramente importa, que é a liberdade e o desenvolvemento da ciencia. Entendo que, aínda tan cedo, o modelo participativo europeo posterior a 1968 demostrou graves inconvenientes e os seus malos resultados, de xeito que parece inescusable que se abra un novo período de reforma da reforma, se se quere evitar unha verdadeira degradación substantiva. O *Bill* inglés de 1988 é xa unha mostra desta terceira xeración de leis universitarias liberadas dos complexos menos consistentes de maio de 1968.

Este predominio virtual do Estado no sistema participativo, única instancia portadora ás veces de intereses non parciais no conglomerado de representacións heteroxéneas, é un resultado paradoxal, que tamén debe ser corrixido.

Detereime un momento nun punto delicado, o da capacidade das universidades para selecciona-lo seu propio persoal docente e discente. A selección do persoal docente debe facela a propia comunidade científica. Sen un *corpus* académico preparado, ilusionado, traballador, non hai universidade, simplemente, no sentido estricto no que concretámo-la súa función; o prestixio dunha universidade é o do seu profesorado e non o da suposta perfección dos mecanismos representativos. Agora ben, só a "comunidade científica" é capaz de axuizar obxectivamente os seus membros, pois só é no seu seo onde a ciencia se produce, se desenvolve e cambia. A selección debe atribuírselle, directa ou indirectamente, a esa comunidade científica como *corpus* que excede necesariamente dun certo departamento ou dunha certa persoa. O intento de desautorizar ese procedemento, que ten sido o tradicional da universidade, con epítetos fáciles como os pexorativos de "cooptación elitista", "cacicatos" e análogos non adoita ser senón un intento de esconder intereses moito menos respectables que o da ciencia. É obvio que cada universidade debe coñecer e valora-las necesidades e as oportunidades de cada situación e de cada nova provisión, pero será un erro articular desde esta consideración calquera sistema que exclúa a "comunidade científica" no recoñecemento dos que son os seus verdadeiros membros.

En canto á selección dos estudantes, a cuestión complicouse pola famosa e manifesta masificación estudiantil. Os estados fixéronse valedores dun recoñecido dereito xeral ó estudio de tódolos cidadáns e, baixo a capa da “planificación” acabaron por impoñerlles ás universidades o número dos seus estudantes, cotas, incrementos, directamente ou indirectamente, polo manexo do instrumento financeiro ou subvencional.

A autonomía administrativa apóiase primeiro sobre unha certa autonomía financeira. En principio, as universidades, o persoal das cales está pagado polo Estado ou polas comunidades autónomas, poden utiliza-lo persoal e os créditos de funcionamento que tales entes lles atribuíron da forma que elas xulguen máis útil, xa que os controis financeiros funcionan teoricamente só *a posteriori*, co fin de verifica-la regularidade material e xurídica das contas. De feito, os textos regulamentarios de aplicación foron menos liberais do que a lei permitía esperar. Sucede a miúdo que, cando o Estado ou a Comunidade Autónoma outorga novas prazas de persoal ou novos créditos, faino con vistas a unha utilización determinada que se lle impón de feito á universidade. Pero aínda hai máis: con frecuencia os mesmos universitarios chaman á autoridade política no seu auxilio; ocorre, en efecto, que certas disciplinas minoritarias na universidade se queixan de que as disciplinas maioritarias acaparan os créditos e as prazas dispoñibles. De feito, como o presuposto do Estado ou da Comunidade Autónoma é a fonte de financiamento case exclusiva, a Administración competente promulgou certas regras obxectivas co fin de evita-las incesantes querelas sobre repartimento dos créditos, que relacionan o volume destes co número de estudantes, coa importancia dos locais, etc.

A mellor maneira de concilia-los dereitos do Estado (é dicir, dos contribuíntes que financian a universidade) coa autonomía das universidades sería, sen dúbida, que cada universidade fose titular dunha carta contractual na que se definisen as ensinanzas e os campos de investigación que asume e os medios que recibirá para este fin, engadindo, suprimindo ou revisando o que fose necesario. Deste xeito quedarían definidas as responsabilidades de cada un. Pero este sistema contractual non encontra partidarios nin no Goberno, que prefere as actuacións de autoridade ás actuacións contractuais, nin na maioría dos universitarios, que non están preparados para discusións e formas de xestión moi próximas ás que se observan en materia de concesión de servizos públicos.

O artigo 27.10 da Constitución afirma, como nos consta, que se recoñece a autonomía das universidades nos termos que a lei

estableza. Trátase agora de analizar non a intensidade posible desa regulación legal, senón cal ha de ser esa lei e as relacións "en abstracto" coa normativa estatutaria propia das universidades.

Temos que partir aquí dun dato importante: non se atopan referencias ó ensino universitario en ningunha das dúas relacións que serven de base para construí-lo repartimento de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas (arts. 148.1 e 149.1 da Constitución). Haberá que acudir a outros enunciados materiais da Constitución para descubri-lo código que propicia ese repartimento.

Estes enunciados poden ser: a) as condicións básicas que garantan a igualdade de tódolos españois no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais (art. 149.1.1.); b) as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos funcionarios, así como o procedemento administrativo (art. 149.1.18); c) o fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica (art. 149.1.15); d) a regulación das condicións de obtención, homologación e expedición de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do art. 27 da Constitución, co fin de garanti-lo cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia (art. 149.1.30).

A distribución de competencias entre Estado e comunidades autónomas artículase en torno a estes enunciados, todos eles correspondentes a materias sobre as que ten competencia exclusiva o Estado. Singularmente se observa que as comunidades autónomas de autonomía inicial plena, de acordo coas previsións dos seus respectivos estatutos poderán desenvolver-la lexislación básica do Estado nas cuestións ás que se refire o artigo 27 da Constitución. Concretamente, e polo que respecta a Galicia, o artigo 31 do seu Estatuto de autonomía establece: "É da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ó apartado 1º do artigo 81 da mesma, o desenvolvan; das facultades que lle atribúe ó Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía "Efecto semellante operaron as leis orgánicas de transferencia ás comunidades autónomas de Valencia e Canarias. Pero foron os profesores Leguina e Ortega os primeiros en pronunciarse acerca das materias de índole universitaria a competencia

normativa das cales lle foi reservada pola Constitución ó Estado. Estas materias poderían ser:

- a)* En aplicación do artigo 149.1.1: condicións básicas de acceso dos estudantes ós centros universitarios; condicións básicas de mobilidade e traslado dunhas universidades a outras, tanto de estudantes como de profesores, con prohibición expresa dun trato discriminatorio; condicións xerais de permanencia dos estudantes nos centros universitarios, con especial referencia ó número mínimo e máximo de probas avaliadoras, réxime disciplinario básico.
- b)* En execución do artigo 149.1.15: medidas de fomento da investigación universitaria e a súa coordinación noutros centros de investigación científica e técnica extrauniversitarios.
- c)* En desenvolvemento do artigo 149.1.18: aspectos básicos do réxime xurídico das universidades, dos seus funcionarios docentes e do procedemento administrativo para a emanación de actos xurídicos.
- d)* En aplicación do artigo 149.1.30: requisitos necesarios de aptitude para obter a condición de profesor universitario nas súas diferentes categorías e sistema básico de selección de profesorado polas universidades; contido mínimo indispensable dos plans de estudo; duración mínima do ensino nos seus distintos graos; probas obxectivas mínimas para a colación de títulos académicos.

Pola súa parte, as comunidades autónomas poderían, en función das previsións dos seus respectivos estatutos, de acordo cos autores citados, exercer competencias comprendidas en tres niveis:

- a)* Competencia legislativa compartida para desenvolver as normas básicas dictadas polo Estado.
- b)* Competencia legislativa e regulamentaria exclusiva para regular tódolos aspectos do ensino universitario, ou se se prefire, tódolos elementos do servizo público universitario non expresamente reservados ó Estado polo texto constitucional. Así, o artigo 1º da Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, dispón: "A presente lei desenvolve o sistema universitario de Galicia. É obxecto desta lei establece as bases de ordenación, territorial, funcional e financeira do sistema universitario de Galicia, así como os criterios para a implantación de novas titulacións e a creación dos correspondentes centros, tendo en conta as características e esixencias demográficas, científico-educativas, socioeconómicas e socioculturais da sociedade galega".
- c)* Competencias exclusivas de execución e xestión do servi-

cio público universitario (excepción feita da alta inspección), incluída a titularidade das universidades públicas existentes no territorio de cada Comunidade Autónoma. O artigo 3º do precitado texto legal, establece: "Créanse por esta lei a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña. O sistema universitario de Galicia estará constituído pola Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo. Encoméndaselles ás tres universidades o servicio público do ensino superior en Galicia, mediante o exercicio da docencia, o estudio, a investigación e a creación do coñecemento".

Interesa aquí facer unha precisión no sentido de que a distribución de competencias Estado-comunidades autónomas nesta materia encontra unha importante matización no feito de que a Constitución garanta a autonomía das universidades. Isto vai actuar como contrapeso tanto do Estado como da Comunidade Autónoma. A autonomía das universidades impón, ó dicir do prof. Nieto, un equilibrio delicadísimo dos distintos principios, suxeitos e intereses afectados, e pode resumirse así: a) A competencia estatal encóntrase limitada pola autonomía universitaria e polas eventuais transferencias realizadas en favor das comunidades autónomas; b) as eventuais competencias das comunidades autónomas atópanse igualmente limitadas pola autonomía universitaria e polas facultades intransferibles que lle corresponden ó Estado en protección dos intereses xerais; c) a autonomía universitaria atópase limitada pola natureza de servicio público que ten o ensino universitario e que se expresa na competencia administrativa dos poderes públicos.

Este equilibrio entre principios e suxeitos ten o seu reflexo no artigo 6 da LRU cando dispón que as universidades se rexerán pola presente lei, polas normas que dicten o Estado e as comunidades autónomas no exercicio das súas respectivas competencias e polo seus estatutos.


O prazo da distribución de competencias en materia universitaria entre o Estado e as comunidades autónomas conta cun ingrediente necesario: a autonomía que a Constitución lles recoñece ás universidades. Desta realidade é consciente e se fai eco o Tribunal Constitucional cando declara na súa Sentencia 26/1987, do 27 de febreiro, fundamento xurídico 11: "en materia universitaria o repartimento de competencias presenta unha estrutura peculiar respecto da doutros sectores, consistente en que ás competencias do Estado e das comunidades autónomas hai que engadírille-las derivadas da autonomía das universidades que limitan necesariamente aquelas".

Trátase, pois, dun repartimento a tres bandas, situadas, iso si, en distinto plano, pero cada unha delas necesaria de acordo coas previsións da Constitución e dos estatutos de autonomía respectivos. A determinación de cando unha norma do Estado ou da Comunidade Autónoma configura de modo lexítimo a autonomía universitaria é tarefa de deslinde que non sempre resultará sinxela.

Para esta tarefa haberá que acudir á Constitución en canto que esta reconece a autonomía das universidades e senta as bases da distribución de competencias entre Estado e comunidades autónomas. Distribución, que polo que respecta a Galicia, queda patentemente establecida polo artigo 31 do seu Estatuto de autonomía e pola Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia.

Unha intervención dos poderes públicos na vida universitaria deuse case sempre, pola vía de *chárter*s ou estatutos universitarios, cando non pola configuración das universidades como unha dependencia máis do Goberno. Xa notamos que isto último resulta especialmente contradictorio coa idea de autonomía universitaria e, polo tanto, coa Universidade mesma. Pero o feito de que porcións crecentes dos presupostos universitarios deban nutrirse das finanzas públicas, máis a importancia social crecente das finanzas universitarias, todo isto levou en case tódalas leis europeas de reforma posterior a 1968 a destacar un título substantivo de intervención do Estado, o título da planificación xeral ou nacional das necesidades e dos recursos universitarios.

É verdade que nas décadas 60-70 ese concepto de planificación central gozou de especial prestixio. Hoxe é máis común o escepticismo sobre a omnisciencia dos gobernos. Así como os plans económicos de desenvolvemento, detallados e plurianuais, desaparecieron en case tódolos países de occidente, tamén debe ser posta en cuestión a idea mesma da planificación exhaustiva dese proceso complexo que é o desenvolvemento e as actividades das universidades. A idea esencial da autonomía universitaria, tal como quedou exposta máis atrás, permítenos ser bastante categóricos na expresión dunha desconfianza sobre as políticas universitarias dos responsables de educación estatais e autonómicos e na facilidade coa que tenden a reconverter en simple burocratismo esa suposta omnisciencia previsor e directora que intenta expresarse no concepto de planificación. Por instinto e pola nosa propia experiencia do longo contacto con estas materias, cremos bastante máis na capacidade de resposta dos nosos propios órganos universitarios para enfrontarnos ós problemas novos. Os gobernos deben facilitar esa "devolución" efectiva.

A modo de colofón debemos facer fincapé en que a clave de todo é a autonomía universitaria. A devandita autonomía varía amplamente tanto en grao como en calidade dun país a outro, segundo a historia, as tradicións e as circunstancias especiais de cada un deles, pero en ningún é total e absoluta. Tal como vimos anteriormente, a nova autonomía das universidades españolas vese limitada polos diversos poderes que conserva o Goberno central e polos novos poderes transferidos ás comunidades autónomas. Neste sentido, a autonomía acabada de conquistar das universidades españolas segue a ser considerablemente menor que, por exemplo, a que gozan as universidades norteamericanas, tanto públicas coma privadas, e as universidades británicas, apoiadas polo Goberno, pero sen embargo independentes (aínda que neste segundo caso, a autonomía se viu significativamente reducida durante a última década debido ó maior poder exercido polos sucesivos ministros de Educación e Ciencia). Sen embargo, e a pesar de tódalas súas limitacións, a autonomía concedida ás universidades españolas, incluíndo unhas doses importantes de liberdade para controla-las súas propias finanzas e asuntos internos, é moi superior ás que gozaron durante máis dun século. Unha comparación máis xusta e realista sería a que se podería efectuar non coas universidades norteamericanas e británicas, os antecedentes históricos das cales son moi diferentes, senón coa actual autonomía das universidades en países do continente europeo como Francia e Alemaña. 

As formas de gobernar na España do antigo réxime*

Maxistrado.
Profesor de dereito
administrativo

José Yusty Bastarreche

*A meu pai, José Yusti Pita,
almirante e membro da Sociedade Matemática Española.*

Nestas páxinas, e como dirían hai anos uns coñecidos cómicos, falaremos do Goberno.

O artº. 97 da Constitución española de 1978 di:

“O Goberno dirixe a política interior e exterior, a Administración civil e militar, e a defensa do Estado. Exerce a función executiva e a potestade regulamentaria de acordo coa Constitución e coas leis”.

A simple lectura deste precepto constitucional expresa claramente que el Gobierno manda e manda moito, o cal está de acordo coa impresión xerada pola simple observación da realidade: xornais, radios, televisións transmítennos continuamente a idea de que o Goberno é un órgano todopoderoso: manexa os milleiros de millóns do presuposto do Estado, dirixe as Forzas Armadas, ten á súa disposición a Policía, un auténtico exército de funcionarios entre os que hai enxeñeiros de tódalas ramas,

* Este traballo é o texto escrito, máis extenso e documentado, da conferencia pronunciada con este mesmo título, o día 28 de febreiro de 1995, na Escola Naval Militar (Marín). Ó seu comandante-director, capitán de navío Sánchez-Barriga, agradézolle a invitación e o permiso para a súa publicación nesta revista.

químicos, físicos, Avogados do Estado e outros moitos mecanismos para exercita-los numerosos poderes que a Constitución e as leis lle outorgan.

O Goberno, segundo o artº. 98 CE está constituído polo presidente do Goberno, os vicepresidentes, que son cargos eventuais, poden existir ou non, e os ministros. En teoría, este concepto estricto de Goberno poderíase ampliar a outras persoas ou altos funcionarios que non sexan ministros, pero esta posibilidade non se deu nunca na práctica española.

Agora ben, a cuestión que quero abordar neste traballo é explicar cómo se chegou a formar e a regular un órgano tan compacto, tan definido e tan poderoso que dirixe, ás veces enerxicamente, a vida nacional. As institucións xurídicas, sociais ou económicas non nacen perfectamente acabadas, totalmente delineadas. Adoitan te-la súa orixe na necesidade de resolver unha cuestión, e logo, a través dunha longa evolución, con pasos adiante e atrás, chégase a unha fórmula máis ou menos perfecta, máis ou menos acabada. Co Goberno como institución, que hoxe nos parece algo moi definido, e que ocupa unha posición na armazón político-constitucional moi clara, ocorreu o mesmo. É verdade que sempre existiu un goberno, pero tamén o é que os modos e maneiras de gobernar e os instrumentos precisos para iso foron evolucionando paulatinamente.

Ímonos situar no ano 1500. En España reinan os Reis Católicos, hai tempo que Granada se incorporou á Coroa de Castela, América está descuberta e en plena exploración e colonización, e xa se adiviña a súa magnitude e as súas inmensas posibilidades. España empeza o que será un longo período de hexemonía en Europa: nada da política europea será alleo ós reis de España nin poderá alterarse o equilibrio político sen o seu consentimento. España nestes momentos, os albores do século XVI, compórtase como os Estados Unidos na época que nos tocou vivir: Non hai lugar onde non teña intereses, nin rincón de Europa, que entón é o mundo coñecido, o mundo que interesa, onde non haxa axentes do goberno español vixilando os ditos intereses. Non é que España sexa unha grande potencia: é a primeira potencia, e como tal será temida, reverenciada, adulada e, para qué negalo, odiada polos demais estados europeos.

Esa política, omnipresente en tódolos campos, será dirixida persoalmente polos reis. Pero é evidente que dúas persoas, no caso de Isabel e Fernando, ou unha soa, caso de Carlos I en adiante, non poden atender ós milleiros de problemas que a inmensidade do imperio provocaba. E naturalmente, necesitan axuda para examinar eses problemas e atopar-las solucións.

¹ O ocorrido co Almirantado de Castela non deixa de ser curioso. Nace o cargo a raíz da toma de Sevilla en 1246, por Fernando III O Santo. Na dita acción foi decisiva a axuda da flota, polo que o rei nomeou o seu xefe, o cabaleiro burgalés D. Ramón de Bonifaz, en 1248, almirante de Castela (almirante, emir do mar), con xurisdicción propia, civil e criminal sobre tódalas xentes de mar. Durante moito tempo, o xefe efectivo da flota castelá foi designado almirante, cargo ó que se foron engadindo innumerables privilexios, en atención á súa crecente importancia. Tratábase, pois, dun cargo profesional, propio dun mariño. Durante século e medio foron mariños de profesión os que ostentaron este título, como Jofre Tenorio, Gil de Bocanegra e Paio Gómez Charriño. Sen embargo,

Enrique III de Castela, expediu título de almirante, o 4 de abril de 1405, a D. Alfonso Enríquez, curmán seu, e a partir deste momento, o cargo convértese en dignidade hereditaria nesta familia, sen ningún vínculo coa Mariña. En 1705 faleceu D. Juan Tomás Enríquez de Cabrera e Álvarez de Toledo, duque de Medina de Rioseco, sen herdeiros, e como queira que na Guerra de sucesión de España tomara partido polo arquiduque Carlos de Austria, o rei Felipe V non repuxo a dignidade, co que esta se extinguiu. Subsisten, en cambio, as de almirante de Aragón, e a de almirante de Indias, ambas con carácter nobiliario, honorífico e hereditario, a primeira vinculada ó duque do Infantado, e a segunda ó duque de Veragua.

² As capitánías xenerais eran cargos servidos normalmente por militares pero con outras funcións acumuladas: a función militar ou de defensa do territorio era a máis importante, pero á vez o cargo levaba consigo tarefas e cometidos que hoxe nos parecen propios de autoridades civís. Por exemplo, o capitán xeneral de Galicia era o presidente nato da Real Audiencia da Coruña. En xeral, naquelas zonas do territorio onde existía perigo de guerra ou de orde pública, ou inseguridade, a autoridade, tanto civil como militar exercíaa o capitán xeneral, que era un militar de profesión. Este era o caso de Flandres, e en América, o de Guatemala, Yucatán, Venezuela e Chile.

Esta axuda, esta colaboración virá proporcionada por dous grupos ou estamentos: consellos e secretarios.

Os consellos, xa entón cunha longa tradición, eran, como o seu nome indica, reunión de persoas entendidas nunha materia. Normalmente, e dada a mentalidade da época, acostumaban ser personaxes da alta nobreza, duques, marqueses, condes, ou de alta alcurnia eclesiástica, como bispos e arcebispos, ou xenerais do Exército e o almirante de Castela¹.

Había unha certa proliferación de consellos, que hoxe seguramente nos parece esaxerada. Entre eles debemos facer mención dos seguintes: Consello Real de Castela, ou Consello de Castela, a competencia do cal nun principio se estendeu a tódolos asuntos, e que pouco a pouco se irá reducindo á función de impartir xustiza. Converterase, xa no século XVI, a finais, nun Tribunal Supremo de Xustiza.

Consello de Facenda, peza fundamental naquela monarquía sempre escasa de diñeiro, sempre con problemas económicos, ó tempo que de vez en cando se lle sublevaban os tercios de Flandres porque non lles pagaran e que tivo que declararse en bancarrota en varias ocasións. A súa misión será a de encontrar formas de financia-los inmensos gastos que unha política de primeira potencia en Europa levaba consigo.

Consello de Guerra, que debía atender á formación e mantemento dos diversos exércitos que o rei de España mantiña, en Flandres, en Alemaña, para axudar ós parentes Habsburgo, nas Alpujarras cando se sublevan os mouriscos, etc.

Consellos de Italia e de Flandres, creados para dirixi-lo Goberno daqueles territorios, sen prexuízo de que houbese un virei en Nápoles e un capitán xeneral en Flandres.

Consello de Indias, que se ocupaba das múltiples cuestións que formulaba o Novo Mundo: desde a organización de expedicións de exploración, tanto navais como por terra, a creación de órganos de administración en América, como virreinos, capitánías xerais², audiencias, universidades, etc... Tamén interviña na organización e mantemento da flota, a principal misión da cal era asegurar-las comunicacións con América.

En total 13 chegaron a se-los consellos no século XVII con Felipe III, Felipe IV e Carlos II. Non se trata nestas páxinas de examinalos todos. Pero si convén cita-lo Consello de Estado, que se ocupaba dunha parcela fundamental da política española, que foi continuamente aumentando a súa importancia: os asuntos exteriores, durante moito tempo denominados asuntos de Estado. Curiosamente, nos actuais Estados Unidos, o ministro de Asuntos Exteriores séguese chamando secretario de Esta-

do, mentres que en España a figura orixinal desapareceu e logo rexurdiu polo Real decreto do 4 de xullo de 1977, aínda que con caracteres moi diferentes ós que tivo na súa etapa histórica.

O Consello de Estado³, que asesora o rei en materia de política internacional, dada a importancia que esta tivo na monarquía española dos séculos XVI e XVII, vai escurecer a tódolos demais. Será, co tempo o Consello máis importante de toda a monarquía, entre outras razóns porque tivo entre os seus membros figuras tan relevantes como Granvela e Gattinara. E ser conselleiro de Estado, supoñía un grande honor e un alto posto dentro daquela complexa organización. É a partir de Carlos I cando o Consello de Estado se converte no eixe da política española en Europa, no século XVI.

Os consellos, sen embargo, teñen certos inconvenientes: Un deles, derivado da súa mesma natureza colexiada, que facía necesario convocar ás sesións cunha mínima antelación, o que os fai órganos de funcionamento intermitente, non continuo. Sen embargo, ó principio, século XVI, e isto fala moi en favor do amor ó traballo e espírito de servicio daqueles conselleiros, era normal a convocatoria verbal, avisando no domicilio, e a reunión practicamente inmediata do Consello, non só do Consello de Estado, senón de tódolos consellos, é dicir, os conselleiros estaban permanentemente en disposición de reunirse para tratar do asunto correspondente. Este espírito foi decaíndo, pero con todo, e aínda tendo en conta que eran consellos de 5 ou 6 persoas, número relativamente pequeno, é indubidable que un órgano colexiado ten sempre menos axilidade burocrática que un órgano unipersoal.

Ademais, como se pode observar, os consellos non tiñan ben definidas as súas competencias, o seu campo de actuación, o que daba lugar a interferencias entre uns e outros. Así, o Consello de Guerra, era competente en materia de operacións militares. Pero se estas se desenvolvían, como foi frecuente, nos Países Baixos, tamén resultaba competente o Consello de Flandres. E como as tropas tiñan que ser mantidas e pagadas, raro sería que non tiñese que intervi-lo Consello de Facenda. E non nos podemos esquecer de que a guerra en Flandres, por moito que os reis de España a partir de Felipe II pretendesen que era un asunto interno, era en realidade unha cuestión internacional, e naturalmente, o Consello de Estado tería algo que dicir.

En definitiva, todo iso provocaba complicacións burocráticas que facían pouco eficaz o labor dos consellos, por outro lado abnegada e meritória.

O sistema de consellos funcionou mentres a cabeza do mes-

³ Creado por Carlos I en Granada, en 1526. Cfr. CORDERO TORRES, J. M., *El Consejo de Estado. Su trayectoria y perspectivas en España*, Madrid, 1944, p. 46. Pola súa parte ESCUDERO, J. A., *Los Secretarios de Estado y del Despacho*, 2ª ed., Madrid, 1977, tomo I, p. 70, entende que o Consello de Estado existía xa desde 1523, e que foi reformado en 1526.

mo, o rei, estivo atento a tódalas cuestións e pasaba longas horas resolvendo os asuntos e tomando decisións. Pero cando Felipe III sucede o seu pai en 1598 e abandona as funcións de Goberno, e o mesmo fan o seu fillo Felipe IV e o seu neto Carlos II, o sistema empeza a fallar cada vez máis⁴.

Xa antes, homes sensatos e conscientes das súas responsabilidades, como Carlos I e Felipe II, empezan a buscar outras fórmulas administrativas que lles permitan unha maior axilidade, eficacia e rapidez na toma de decisións.

E esta fórmula concretarase nos secretarios. Os secretarios son uns empregados, normalmente pertencentes á fidalguía, é dicir, a baixa nobreza, ou a burguesía cidadá, isto é, clases sociais inferiores naquela sociedade estamental, e cun denominador común que é a súa formación, conseguida a través dos seus estudos universitarios e a súa práctica en distintas oficinas ou dependencias dos consellos ou da Corte, e a súa discreción. Os secretarios, que traballan co rei, fisicamente ó seu lado, o que naqueles tempos era un inmenso privilexio, ver e falar co rei, fan da súa discreción e da súa fidelidade unha das súas armas máis poderosas, pois a seguridade que proporciona o segredo, fan que logren a confianza e estima dos reis.

A vontade do monarca é nestes anos do século XVI e durante unha boa parte do Antigo Réxime, a fonte absoluta do poder e, polo tanto, estar xunto a ela non pode menos que reportar beneficios ós directos servidores, os secretarios.

Nun principio, os secretarios sono do rei, como secretarios particulares, e se a experiencia é boa, é dicir, se son verdadeiramente útiles, dilixentes e coidadosos, poden pasar a ser secretarios dun dos consellos, sendo o máis apetecido o Consello de Estado polo papel central que representa na monarquía este Consello. Por riba de tódolos consellos da monarquía, álzanse os de Estado e Guerra, que son os únicos presididos polo rei, se ben non acostuma asistir ás sesións, o que leva a que sexa o secretario de Estado unha peza fundamental da engranaxe entre rei e consellos. Co tempo, simultanean as funcións de secretarios do Consello de Estado cos de secretarios do rei ata o punto de que chega un momento en que será frecuente que os secretarios do rei o sexan logo de Estado ou desempeñen á vez ámbalas funcións. Chegará un momento en que a expresión Secretario de Estado sexa un título, unha especie de grao na Administración, con independencia que efectivamente se exerza ou non a Secretaría do Consello de Estado.

Estes personaxes, que mercé á súa relación directa e persoal co rei irán acumulando un certo poder, sempre de facto, nunca

⁴ "Mientras hubo gentes aplicadas, fé en el porvenir, remesas indianas de plata y un rey tan puntual, trabajador y amante de los papeles como lo fué Felipe II, aquella compleja maquinaria, tal cuerpo de Monarquía -por usar las imágenes de entonces-, pudo aplicarse, con efectivos resultados, al gobierno y administración de la cosa pública. ... Cambiaron los tiempos, crecieron las empresas mucho más allá de las posibilidades -con una Castilla pechera, sufrida y cumplidora, pero que no daba para más -, vinieron los reveses y todo fueron duelos y quebrantos. Ni que decir tiene que, a la busca de responsables, un tanto bueno de culpa se echó del lado de la Administración,

Cfr. BERMEJO CABRERO, José Luis, *Estudios sobre la Administración Central Española (Siglos XVII y XVIII)*, CEC, 1982, p. 9.

expresado nas leis, manterán unha situación escura e subordinada ós grandes personaxes da Corte, os cales sen embargo captan o importante que é manter boas relacións cos secretarios, e estes, conscientes en moitos casos, do seu humilde posto administrativo e social, non pretenderán nunca facerlle a competencia ós consellos no que se refire a honores e representación, senón que basearán a súa existencia na súa aplicación ó traballo, na súa laboriosidade no manexo dos papeis, con independencia de que algúns ademais, cheguen a ser amigos do rei, como Francisco de los Cobos con Carlos I, e que todos ascendan, social e economicamente, durante os anos de exercicio da Secretaría. É o caso do propio Cobos, Gonzalo Pérez, os Idiáquez, Eraso, Gaztelu, e outros secretarios da época que acumulan riquezas e se elevan de clase social, o que naquela sociedade tiña unha importancia fundamental.

A categoría administrativa dos secretarios, tanto de Despacho como de Estado non está nada clara. Polas súas funcións son uns empregados importantes, sen os cales se paralizaría a maquinaria estatal. Pero pola súa clase e situación xurídica, á sombra dos grandes consellos da monarquía, non son máis que uns empregados dun nivel administrativo corrente⁵.

Esta indefinida posición reflíctese nunha curiosa anécdota: Felipe II, xa maior, tivo unha vellez achacosa. Atopábase un día de verán no Escorial, traballando co seu secretario de Estado, Antonio Pérez, que aínda era o seu home de confianza⁶, e díxolle: Pérez, non me encontro ben, estou canso. E Antonio Pérez, rapidamente viu a oportunidade e repuxo: Vaia V.M. para a cama, que non hai nada máis fresco no verán, nin máis cálido no inverno, que o leito de V.M. A Felipe II pareceulle unha boa idea e marchou ás súas habitacións, onde Antonio Pérez o axudou a espirarse e poñer-lo camisón. É dicir, o secretario de Estado non tivo ningún inconveniente en facer un traballo propio de axuda de cámara. E non o tivo porque era consciente da pequenez da súa figura administrativa. E, pola contra, era un honor que o monarca máis poderoso da Terra, aquel nos dominios do cal non se puña o sol, aceptase a axuda dun simple secretario.

A historieta remata así: Felipe II métese na cama, e Antonio Pérez empeza a ler en alta voz un libro. O rei vai quedando trasposto, e chega un momento no que o secretario pensa que xa está dormido, polo que deixa de ler, pecha o libro, e, suavemente, empeza a saír da estancia. Nese momento, Felipe II espabíbase, e di: Pérez, non me durmín. E Antonio Pérez contestou: O Rei de España non se durmiu, pero o secretario de Estado de V.M. está a punto de facelo. E marchou.

⁵ Chama a atención que, fronte a tres instrucións de correxedores, de 1500, 1648 e 1788, non hai unha regulación xeral da figura do secretario real, tanto de despacho como de Estado, durante todo o Antigo Réxime. Existen, en cambio, diversas obras doutriniais sobre a figura, que máis ben parecen manuais ou consellos para o exercicio da profesión:

El Secretario de Estado y del Despacho instruído, anónimo, aproximadamente do primeiro tercio do XVIII, editado por J. A. ESCUDERO.

PRADO DE ROZAS, *Reglas para oficiales de Secretarías y Catálogo de Secretarios*, Madrid, 1755.

BERMUDEZ DE PEDRAZA, *El Secretario del Rey*, Madrid, 1620.

⁶ Antonio Pérez, secretario de Estado de Felipe II é seguramente, o paradigma de cortesán intrigante. A súa conducta, desleal ó seu rei e á súa patria, e orixe da lenda negra, non pode menos que ser obxecto de censura. Sobre este personaxe e a súa época escribiu o Dr. Marañón unha apaixonante obra.

Cf. MARAÑÓN, G., *Antonio Pérez*, Espasa Calpe, Madrid, 1943.

A dualidade consellos-secretarios manterase durante todo o século XVI, nos reinados de Carlos I e Felipe II; morto este en 1598, os seus sucesores Felipe III, Felipe IV, e Carlos II, non manterán este esquema durante o século XVII.

A razón fundamental é que, subsistindo tanto os consellos como os secretarios, aparece unha nova figura, non regulada xuridicamente, que é o valido ou privado. O esencial do valido non é a súa experiencia política ou militar, como lles ocorre ós conselleiros, nin o seu traballo persoal como empregado da Corte ou dos consellos como os secretarios, senón a súa amizade co rei. O que leva a ser uns auténticos primeiros ministros, normalmente sen nomeamento oficial de tales, ós duques de Lerma e de Uceda e a Zúñiga con Felipe III, ó conde duque de Olivares e a D. Luis de Haro con Felipe IV, e os distintos validos que tivo Carlos II, o duque de Medinaceli, Valenzuela, Nithard ou D. Juan José de Austria, é a súa amizade íntima co rei por riba de toda outra consideración de nobreza, experiencia política ou coñecementos⁷.

Durante todo o século XVII, durante os reinados de Felipe III, Felipe IV e Carlos II, tanto os consellos, como os secretarios, pero sobre todo estes últimos, verán enormemente reducida a súa influencia persoal e política. No caso dos secretarios ten a explicación, lóxica desde o punto de vista do valido, de que a este non lle conviña que ninguén máis tivese acceso directo ó rei, que o chamado "despacho a boca" por emprega-la expresión de entón, é dicir, o "man a man" co rei, se efectuase só e exclusivamente polo valido, de forma que as únicas opinións que lle susurren ó oído do rei sexan as do valido ou privado. O conde duque de Olivares, levou a tal extremo a súa desconfianza de tódolos demais cortesáns, secretarios incluídos, que espertaba persoalmente a Felipe IV tódalas mañás para evitar que algún se lle adiantase e puidese dicirle ó rei o que non lle conviña a Olivares que oíse. Por iso, faise habitual escribi-las queixas e deixalas, coa complicidade dun servidor convenientemente subornado, debaixo da servilleta do rei, como se di que fixo un singular e divertido cabaleiro de Santiago, de nome D. Francisco de Quevedo y Villegas, polo que foi preso en San Marcos de León.

O sistema irá entrando en decadencia, ó compás da monarquía, con innumerables episodios de corrupción e simultáneos enriquecementos rápidos e sospeitosos, tanto de secretarios coma de validos (non hai nada novo baixo o sol), e o que é bastante peor, desaparición da eficacia dos consellos, que se perden nun mar de deliberacións, sen chegar a ningunha decisión, e en conflitos de precedencia e protocolo⁸.

⁷ Cfr. TOMÁS Y VALIENTE, F., *Los Validos en la Monarquía española del siglo XVII*, Siglo XXI editores, Madrid, 1982, p. 54.

⁸ Isto debeu ser moi frecuente. Como exemplo, xa no século XVIII, a Xunta Suprema de Estado ten que ocuparse dun conflito, ó parecer grave, que incluso se entende como un dos factores da caída do conde de Floridablanca: Dous decretos do 24 de maio de 1788, estendendo os honores dos virreis, capitáns e tenentes xenerais, conselleiros de Estado, grandes de España e outros, ós secretarios de Estado e de despacho, o que ó parecer resultou intolerable para o conde de Aranda, e os demais militares que se enemistaron con Floridablanca (secretario de Estado).

Cfr. BERMEJO CABRERO, J. L., obra citada, p. 140 e seguintes.

ALCÁZAR, C., "España en 1792. Floridablanca. Su derribamiento del Gobierno y sus procesos de responsabilidad política", *Revista de Estudios Políticos* n.º 71, 1953, p. 94.

A chegada do novo século, o XVIII, coa morte de Carlos II, e a instauración da nova dinastía, os Borbóns, fará cambiar notablemente o panorama dos órganos de goberno da monarquía.

Finalizada a Guerra de Sucesión, e xa firmemente asentado no trono de España Felipe V, o primeiro Borbón, o Decreto do 30 de novembro de 1714 divide a Secretaría de Despacho do monarca en cinco: Estado, Xustiza, Guerra, Facenda, e Mariña e Indias; a batalla pola supervivencia entre secretarios e consellos gañáranos os primeiros. Non obstante, os consellos, tendo en conta o papel que desempeñaran, e a categoría social dos seus compoñentes, resistíanse a morrer. Pero as súas funcións políticas foron asumidas polos propios reis e polos secretarios de Despacho e, polo tanto, os seus días estaban contados. Sen embargo, subsistiron aqueles que tiñan algunha función que cumprir. Isto é, aqueles consellos que á parte da dirección política, xa en mans dos secretarios do Despacho, cumprían un papel determinado, como foi o caso do Consello de Castela (tamén chamado Consello Real) e o Consello de Guerra, que por constituí-la última instancia da xustiza, ordinaria ou militar, por se-lo respectivo Tribunal Supremo, diríamos hoxe, viron a súa existencia garantida. Os Borbóns recelan daqueles consellos compostos por grandes personaxes, e vinculados á dinastía anterior e procuran acabar con eles. Unhas veces resulta fácil, como no caso dos consellos de Flandres e de Italia: a súa razón de existir desaparece ó mesmo tempo que a presenza española nos ditos territorios. Noutros, faise de forma discreta e hábil, como é o caso do Consello de Estado, antano o máis importante da monarquía, que para evita-lo custo político de suprimilo expresamente, o que se fixo foi non volver convocalo despois de 1720, co cal morreu por puro esquecemento. Xa no século XIX o Consello de Estado renacerá das súas cinzas, pero con composición e funcións totalmente distintas.

Os secretarios de despacho, nesta segunda edición da figura, xa non son aqueles escuros personaxes, a influencia dos cales estaba sempre en segundo plano. Trátase agora de auténticos xefes das grandes unidades administrativas da monarquía, é dicir, auténticos ministros, que acoden directamente ó rei, que é quen decide ou resolve, sen prexuízo de que a execución quede en mans dos propios secretarios. Sen pertencer á máis alta nobreza, tampouco a súa orixe será excesivamente humilde, e coinciden cos seus antecesores na súa boa preparación profesional no campo da Administración. Tamén, como aqueles, alcanzaron poder e riqueza, e moitos, ademais, chegaron a ser amigos dos reis e foron distinguidos por estes. É o caso de importantes secretarios

de Mariña e Indias, como Patiño, D. Zenón de Somodevilla, logo marqués de la Ensenada, Valdés, mariño de profesión ou de Estado e Facenda, como Carvajal e outros. A forma de traballo consiste en que o rei despacha directamente con cada un dos secretarios, que farán realidade os desexos e decisións daquel. Isto criticouse duramente por D. José de Carvajal y Lancaster, emparentado coa familia real inglesa⁹, que afirmaba que desta forma cada secretario de despacho era un auténtico primeiro ministro na súa secretaría. Tan ilustre crítico apuntaba á necesidade, sempre sentida e difícil de conseguir, de coordinar a acción do goberno para obter os mellores resultados. Esta situación mantense durante moito tempo, ata que en 1787, a enorme valía persoal e política do conde de Floridablanca fai que, sen chegar a ser un valido de Carlos III, nin subtraer en absoluto o rei das tarefas de Goberno, adquira, sen embargo, unha auténtica posición de supremacía respecto dos outros secretarios de despacho, ó que se une a súa amizade co propio monarca. Por iso, e tendo en conta que Carlos III xa é de idade avanzada, consegue o asinamento do Decreto do 8 de xuño de 1787, creando a Xunta Suprema de Estado, coa misión de acometer todo un programa de goberno: Exame das relacións internacionais e adecuación da política española ás mesmas; configuración do Exército e a Mariña segundo a dita política; continuación das reformas emprendidas en Facenda, etc... A Xunta presídea o rei, se asiste ás sesións, e se non, non temos constancia de que esa presidencia interina correspondese a Floridablanca, aínda que parece ser que a forma de referirse a el de Carlos III, chamándoo "mi primer Secretario de Estado", parece apuntar a unha certa preeminencia. As reunións da Xunta Suprema de Estado son semanais, ata comezos de 1792, reinando xa Carlos IV¹⁰. Naturalmente, a Xunta estaba condenada a desaparecer desde o momento en que se fai co poder, como valido, Manuel Godoy. Cúmrese aquí tamén a regra da amizade: Godoy chega ó seu posto mercé á amizade, non tanto co rei Carlos IV, senón coa raíña María Luisa. Amistade ou o que fose.

A pesar da súa curta vida, a Xunta Suprema de Estado merece ser tida como o antecedente remoto, pero directo do Consello de Ministros, pois dánse nela, como neste, as mesmas notas características: 1) Composición polos xefes dos grandes departamentos, chámense secretarías ou chámense ministerios. 2) Función executiva, decisoria e de dirección de tódolos proxectos, tanto políticos coma de normas xurídicas e obras e realizacións materiais. 3) Mando directo sobre os máis importantes resortes do Estado: Exército, Mariña, Facenda, Correos, Minas, Montes, Moeda e Crédito, etc... 4) Relación directa co rei, entón xefe do poder executivo.

⁹ "De no querer tener el Rey un Primer Ministro, ha pasado a tener muchos, porque, no nos engañemos, ¡hay Primer Ministro que pueda hacer más su gusto que cada Secretario lo hace en sus dependencias!... Si es malo tener un Primer Ministro, peor es tener varios; si es bueno, mejor que lo sea uno solo".

Tomo a cita de GONZÁLEZ MARINÁS, Pablo, *Génesis y evolución del Consejo de Ministros en España (1800-1875)*, IEA, Madrid, 1974, p. 35, nota 23. Este autor á súa vez tómaa de GIL CREMADES, R., "La Junta Suprema de Estado 1787-1792", en *Actas del II Symposium de Historia de la Administración*, IEA, Madrid, 1971, na que cita o "Testamento Político" do ilustre secretario de Guerra e Facenda con Fernando VI.


¹⁰ Cfr. BERMEJO CABRERO, J. L., obra citada, pp. 85 e seguintes.

A Xunta Suprema de Estado non ten, pois, nada que ver cos antigos consellos. É certo que asesora ó rei, pero ten outras moitas funcións, e sobre todo, os seus membros, os secretarios do despacho, son os máis altos funcionarios do Estado, con responsabilidades executivas e non só de asesoramento.

Tamén é verdade que o parecido da Xunta Suprema de Estado co actual Consello de Ministros é discutible. O poder executivo residía no rei, non na Xunta, e ese concepto lastraba toda a súa actividade. A Xunta Suprema de Estado existe e ten actividade mentres goce do favor real. Cando cambie este vento, caerá a Xunta. E iso ocorre no reinado seguinte.

Godoy exerce un poder persoal practicamente absoluto, pero en canto se desate a Guerra da independencia, os españois, esta vez por propia iniciativa, instauraron uns órganos colexiados, para facerlle fronte ó invasor francés, que precisamente chamarán xuntas e que asumen tódolos poderes que antes tiña o rei, é dicir, o executivo.

Coa volta a España de Fernando VII en 1814, liberado da súa catividade en Baiona, iníciase un período de absoluta turbulencia na política española, no que, sen embargo, se irá afianzando a reunión dos ministros co rei. Fernando VII, a pesar das súas ideas totalmente contrarias a todo o que puidese representalo novo estilo de gobernar da Constitución de Cádiz, vese obrigado a crear, polo Decreto do 19 de novembro de 1823 o Consello de Ministros, e desde esa data tense constancia das súas reunións. Desde entón, o Consello de Ministros, non deixará de se-lo auténtico eixe da acción de goberno e da vida política nacional e con ese carácter chegará ata os nosos días.

Pero esta xa é outra historia, por certo, moi ben investigada e relatada por ilustres autores¹¹. 

¹¹ Remítome ós seguintes:

ESCUADERO, J. A., *Los orígenes del Consejo de Ministros en España*, Madrid, 1979.

GONZÁLEZ MARIÑAS, P., obra citada na nota 9.

GUAITA MARTORELL, A., *El Consejo de Ministros*, ENAP, Madrid, 1967.

Quero aproveitar a ocasión para renderlle homenaxe ó profesor Guaita (+ 1990), director do Departamento de Dereito Administrativo da Universidade Autónoma de Madrid, polo seu labor á fronte do mesmo, polo seu exemplo de dedicación universitaria, e polo seu traço, exquisitamente amable en todo momento.

A participación das rexións italianas na formación das decisións comunitarias

Área de Dereito Administrativo,
Universidade de Santiago de
Compostela

María Antonia Arias Martínez

1. As rexións italianas e as relacións internacionais

1.1. Recoñecemento do feito rexional na Constitución italiana de 1947

A Constitución italiana de 1947 ¹ prevé o establecemento dun Estado rexional². O principio da autonomía rexional³ consagrado na Carta Constitucional desenvolveuse en dúas etapas. Nunha primeira, de 1946 a 1948, creáronse as cinco rexións de Estatuto especial⁴ (Sicilia, Sardeña, Val de Aosta, Trentino-Alto Adige⁵ en 1946-1948, e en 1963 Friuli-Venecia Julia), e nun momento posterior, concretamente en 1971⁶, aprobáronse os estatutos das quince rexións ordinarias⁷. A diferenza básica entre unhas e outras xace no nivel de competencias⁸. Mentres as do Estatuto especial teñen competencias exclusivas⁹, concorrentes e de execución, as de Estatuto ordinario posúen unicamente competencias concorrentes e executorias. As rexións poden acu-

dir á Corte Constitucional cando estimen que unha lei de Estado invadiu a súa propia esfera de atribucións¹⁰.

A Constitución italiana no seu artigo 117 elabora a lista de materias de competencia lexislativa rexional, non aparecendo relacionadas no texto constitucional as competencias estatais. Sen embargo, a Comisión Parlamentaria para as Reformas Institucionais elaborou un proxecto articulado de revisión da Constitución, presentado o 11 de xaneiro de 1994, no que, co gallo de reforza-lo ámbito de autonomía das rexións, se prevé a extensión das súas competencias lexislativas. Este proxecto tenta cambia-lo actual repartimento de competencias mediante a enumeración taxativa no texto constitucional das competencias lexislativas estatais devindo ás rexións titulares da competencia xeral¹¹.

O Estado rexional italiano considérase, desde o punto de vista constitucional, completamente formado desde o momento no que tivo lugar o segundo traspaso de funcións ás rexións de Estatuto común¹².

1.2. A competencia das rexións en materia de relacións internacionais

Introducirémonos na análise deste tema co exame daqueles artigos da Constitución de 1947 que se ocupan das relacións internacionais. O texto constitucional establece no seu artigo 10 que a orde xurídica italiana se axustara ás normas de dereito internacional xeralmente recoñecidas. No seu artigo 11 dispón que Italia repudia a guerra como instrumento de ataque á liberdade dos outros pobos e, como medio de solución das controversias internacionais, accede, en condicións de igualdade cos outros estados, ás limitacións de soberanía necesarias para un ordenamento que asegure a paz e a xustiza entre as nacións, e promoverá e favorecerá as organizacións internacionais encamiñadas cara a este fin.

Á vista do establecido neste proxecto non é difícil adiviñar que o constituínte italiano reserva as relacións internacionais á competencia exclusiva do poder central. Estes artigos ignoran a estrutura descentralizada do Estado italiano, descoñecendo, en consecuencia, a posibilidade de participación dos entes rexionais na definición do poder exterior do Estado.

Esta regulación internacional ofrece –cito textualmente ó Prof. Soriano¹³–:

“Un concepto de las relaciones internacionales anclado en los moldes clásicos, esto es, que la soberanía pertenece al Estado y que las relaciones internacionales son un atributo de la misma,

por lo que correspondería al Estado tal materia al ser el único sujeto de las relaciones internacionales y único responsable ante este Derecho”.

Sen embargo, debemos ter en conta que o propio texto constitucional, alén de dispo-la unidade e a indivisibilidade da República no seu artigo 5, consagra neste mesmo precepto o principio autonómico, que debe verse reflectido dalgún xeito na proxección exterior do Estado.

Algúnhas das rexións dotadas de autonomía especial prevén no seus estatutos a participación en convenios internacionais, ben porque interesen ó tráfico fronteirizo no caso do Estatuto de Friuli-Venecia Julia (art. 47), ou ben porque afecten ós produtos típicos rexionais, suposto previsto no Estatuto da Sardeña (art. 52). Polo que respecta ós acordos comerciais e sempre que estea en xogo un interese rexional específico, estas rexións poden participar na súa elaboración a través da consulta e incorporación de representantes da rexión nos procedementos de elaboración dos devanditos convenios.

A norma coa que se pecha o proceso de transferencias de competencias estatais ás rexións ordinarias, o Decreto do presidente da República do 24 de xullo de 1977, dispón no seu artigo 4 que o Estado é o único competente para desenvolver as relacións internacionais e as relacións coa Comunidade Europea. Ó mesmo tempo este mesmo precepto establece que as rexións non poden desenvolver no exterior máis actividades cás promocionais, sobre materias da súa competencia, e previo acordo co Goberno.

A ríxida esixencia do acordo previo foi suavizada polo propio Goberno a través de circulares que exclúan deste requirimento aquelas iniciativas das rexións que tivesen finalidades de estudo, información ou contacto coas comunidades italianas no estranxeiro, coa condición de que sexan notificadas á Presidencia do Consello de Ministros¹⁴.

A Corte Constitucional, nos seus primeiros pronunciamentos sobre este tema, sostiña rotundamente a imposibilidade da participación rexional na actividade exterior do Estado, xa que a materia de relacións internacionais caía dentro da competencia exclusiva do Estado e, como tal, era monopolizada por este¹⁵.

Con posterioridade, con base en estudos desenvolvidos pola doutrina, a xurisprudencia constitucional¹⁶ fará unha distinción entre as relacións internacionais e as denominadas “actividades de mero alcance internacional”, distinguíndoas á súa vez das actividades de tipo promocional previstas no artigo 4 do Decreto do presidente da República 616, de 1977¹⁷.

Esta xurisprudencia recollerase posteriormente polo Goberno no Decreto do presidente da República do 31 de marzo de 1994(18). Neste Decreto establécense as diferentes clases de relacións internacionais: (i) relacións internacionais en sentido estricto, (ii) as actividades de promoción, e (iii) as actividades de simple alcance internacional. As accións de carácter externo englobadas en calquera dos dous últimos supostos poden ser levadas a cabo polas rexións. Se desenvolven actividades de promoción, deberán formalizar previamente un acordo co Goberno e, no caso das actividades de simple alcance internacional, cómpre unha comunicación ó Goberno por parte das rexións.

A conclusión á que cabe chegar tras esta rápida panorámica que acabamos de ofrecer sobre a participación das rexións italianas nas relacións internacionais é que, sen chegaren ó grao de subxectividade internacional recoñecido ós outros entes subestatais europeos como os *länder* alemáns¹⁹, os austríacos²⁰, os cantóns suízos²¹ ou as comunidades belgas²², os entes rexionais italianos empezan a deixarse sentir no plano internacional. Tanto a xurisprudencia como o legislador adoptan unha actitude favorable á participación destas colectividades nas relacións exteriores. Esta postura do Goberno italiano adecúase mellor ás esixencias dun Estado de estrutura complexa. A actitude contraria suporía nega-lo carácter plural deste Estado rexional sancionado pola Constitución italiana de 1948.

2. A participación das rexións nos asuntos comunitarios

A referencia previa á materia relacións internacionais débese ó feito de que as relacións coa Comunidade inclúense, nun principio, dentro da materia relacións internacionais, e, polo tanto, quedan sometidas como esta última ó poder exterior do Estado.

Sen embargo, co tempo, as relacións comunitarias en conexión co proceso de integración europea fóronse especificando respecto das relacións internacionais propiamente ditas.

A participación rexional nos asuntos comunitarios ten o seu fundamento no propio texto constitucional, que se decantou polo establecemento dun Estado composto. A rexionalización da República italiana non só produce efectos cara dentro, senón que tamén debe manifestarse na proxección do Estado cara ó exterior, e, máis concretamente, nas relacións coa Comunidade Europea.

Semella que o atraso do nacemento dos entes rexionais como consecuencia dos distintos eventos que foron acontecendo

ata que en 1971 finalizara por fin o proceso de rexionalización iniciado en 1947, influíu na atribución exclusiva ó Estado das relacións coa Comunidade²³. Coa adhesión de Italia á Comunidade Europea moitas materias de competencia rexional foron cedidas á mesma.

Non embargantes, a pesar destes datos, atopámonos co feito de que a Constitución italiana non prevé de xeito expreso a intervención dos devanditos entes nos asuntos comunitarios, máis concretamente na formación das decisións comunitarias. Os propios tratados comunitarios, ata incluso o Tratado da Unión Europea, descoñecían totalmente o feito rexional sen se preocupar do papel que os entes subestatais deberían desempeñar tanto na formación das decisións comunitarias coma na execución das mesmas. En consecuencia, todo o protagonismo nos asuntos comunitarios foi acaparado polos estados.

Por todo isto podemos afirmar, sen temor a nos trabucar, que a adhesión á Comunidade resultou ser máis custosa para os entes subestatais que para os estados. Como consecuencia da adhesión, as rexións sufriron un recorte dunha boa parte da súa autonomía política, en contra das previsións do constituínte italiano.

Con absoluto respecto ós criterios de distribución de competencias Estado-rexións establecidos no texto constitucional, debemos busca-las vías pertinentes para a participación das rexións tanto na fase ascendente, ou de formación de decisións comunitarias, coma na descendente ou de execución das mesmas.

O tema que agora nos ocupa, isto é, a participación das rexións na formación das decisións comunitarias, pode ter lugar tanto na fase interna de preparación da posición que o Estado defenderá ante o Consello de Ministros da Unión (participación indirecta ou mediata²⁴) coma mediante o establecemento de contactos directos das rexións coas institucións comunitarias (participación directa).

2.1. A participación indirecta das rexións na formación das decisións comunitarias

Neste traballo centrarémonos na fase ascendente da participación rexional nos asuntos comunitarios. Isto supón analizarmos exclusivamente cal é o papel que desempeñan os entes rexionais na formación das decisións comunitarias.

Xa comprobamos, en alíneas precedentes, que o texto constitucional non se pronuncia de xeito expreso sobre a posibilidade de intervención dos entes rexionais nos asuntos comunitarios. Nembargantes, entendiamos que a lóxica do sistema establecido

pola propia Constitución impuña a participación das rexións italianas nos asuntos comunitarios.

Esta mesma lóxica deberá ser aplicada á hora de sinalármolas razóns que fundamentan a colaboración rexional na formación da posición italiana que o Estado defenderá en Bruxelas no seo do Consello de Ministros da Unión. Deste xeito, esta participación atopa xustificación (i) no carácter de Estado plural e de estrutura descentralizada que a Constitución lle outorgou á República italiana²⁵; (ii) no feito de que algúns estatutos de autonomía, o sardo e o de Friuli-Venecia Julia, establezan o dereito destas rexións a participaren na elaboración dos convenios de carácter comercial que o Goberno vaia establecer con terceiros estados e afecten a intereses específicos dos devanditos entes subestatais²⁶; (iii), con Andreu i Fornás, no feito de a participación das rexións nesta fase interna de formación da posición nacional está favorecida precisamente porque o Estado é o único responsable a nivel internacional. En efecto,

“esta se revela como un útil remedio para evitar el incumplimiento regional de las obligaciones asumidas por el Estado y obligaría a las Regiones a considerar estas últimas como impuestas por el Estado, al haber participado en su asunción”²⁷;

(iv) en que os tratados se amosan indiferentes ante os órganos que deben intervir na formación interna da posición estatal, sen impoñeren a presenza ou ausencia dos entes rexionais. Poderíase afirmar que tralo Tratado da Unión Europea, a Comunidade semella favorable a que as decisións sexan adoptadas o máis preto posible dos cidadáns²⁸. Isto acadarase con mellores resultados se se ten en conta o nivel rexional á hora de forma-la posición do Estado; e (v) polo feito de que o dobre déficit democrático²⁹ que leva consigo a integración europea podería verse paliado en grande medida coa participación rexional na formación das decisións comunitarias.

A continuación analizaremos cáles foron os mecanismos previstos polo dereito italiano co gallo de darlles entrada ás rexións na fase interna de preparación das decisións comunitarias. Distinguiremos entre aqueles que permiten a participación rexional en sede executiva e as posibilidades que acadaron estes entes de intervir en sede parlamentaria.

2.1.1. *A participación en sede executiva*

a) Relacións bilaterais Estado-rexións

A Lei n^o 183, do 16 de abril de 1978³⁰, sobre a coordinación das políticas referentes á pertenza de Italia á Comunidade e adaptación do ordenamento interno ós actos comunitarios, dispón

no seu artigo 9 que os proxectos de regulamentos de recomendacións e de directivas deberán remitirse ás cámaras, ás rexións e ás provincias autónomas, polo presidente do Consello de Ministros ou polo ministro encargado dos asuntos comunitarios. Ademais, as rexións poderán enviarlle ó Goberno observacións.

Consonte co disposto no artigo 10 da devandita norma, o presidente do Consello de Ministros ou o ministro encargado de asuntos comunitarios deberá enviarlles ás rexións as recomendacións ou directivas aprobadas na Comunidade cando estas normas afecten ás súas competencias.

Isto significa que non só obterán información sobre os proxectos de actos comunitarios con anterioridade á súa aprobación no seo do Consello da Unión, senón que poderán formular as observacións que estimen axeitadas, influíndo deste xeito na negociación interna da postura que Italia defenderá en Bruxelas.

Non embargantes, só en contadas ocasións as rexións puideron manifesta-las súas opinións sobre os proxectos normativos comunitarios. Agostini³¹ explícanos cáles foron as razóns do escaso éxito da vía aberta por esta norma: (i) As observacións que as rexións poden enviarlle ó Goberno carecen de relevancia xurídica ou política. Esta autora sostén que as observacións serán decisivas cando sexan "filtradas a través de un organismo interregional³² capaz de mediar los eventuales contrastes y de conferir a las mismas observaciones la autoridad de posiciones comunes a todas las regiones". E (ii) as rexións non saben cál é o estadio no que se atopa un proxecto a nivel comunitario, ata o punto de que, en moitas ocasións, a proposta comunitaria xa está nunha fase moi desenvolvida.

En conclusión, para que estas disposicións fosen operativas, as rexións deberían, en primeiro lugar, ter coñecemento dos proxectos comunitarios nas diversas fases que atravesan ata se converteren en actos definitivos. E, en segundo lugar, sería necesario que o Goberno tivese en conta as observacións enviadas polas rexións fundamentalmente cando afectan ás súas competencias ou a materias do seu específico interese.

b) A participación a través dos departamentos ministeriais

En virtude do artigo 1 da devandita Lei do 16 de abril de 1978, creouse o Departamento para a Coordinación da Política Comunitaria. Esta podería ser outra vía para a participación rexional nos asuntos comunitarios, que levara á creación dun órgano de representación rexional adscrito a este ministerio e en conexión permanente con el. Incluso se podería prever que fose a propia Conferencia de Presidentes a que mantivese contac-

tos non esporádicos, senón con carácter regular, co fin de defende-los intereses rexionais nas negociacións internas sobre os asuntos comunitarios que afecten ós devanditos entes.

Recentemente, a Lei nº 491, do 4 de decembro de 1993³³, que instaura o Ministerio de Recursos Agrícolas, prevé no seu artigo 7, parágrafo 6, a instalación dun Comité Permanente das Políticas Agroalimentarias e Forestais no ámbito da Conferencia Estado-rexións. A creación deste Comité supón a apertura de novas esperanzas para a colaboración das rexións nos asuntos comunitarios. Como afirma Agostini³⁴, esta "puede llegar a ser la sede donde las Regiones establezcan junto al Estado de modo continuo objetivos en las negociaciones comunitarias en materia agrícola".

Se este Comité resultase operativo, podería servir de base cara á creación futura de mecanismos semellantes para o tratamento interno de todas aquelas materias do interese específico das rexións sobre as que a Comunidade dicte normas.

c) A Conferencia Permanente para as relacións entre o Estado e as provincias autónomas

A participación rexional nos temas comunitarios quíxose solventar mediante a creación dunha estrutura orgánica que permitise o mantemento de contactos continuos entre o Estado e as rexións. Queríasele poñer fin ó sistema sectorial³⁵ de colaboración Estado-rexións, utilizado ata ese momento. Con este fin, irían acontecendo toda unha morea de proxectos³⁶, ata que o 12 de outubro de 1983, en virtude dun decreto do presidente do Consello de Ministros, se crea a Conferencia Estado-rexións, que se constituirá definitivamente, en virtude do artigo 12 da Lei do 23 de agosto de 1988 nº 400³⁷, na Conferencia Permanente para as Relacións entre o Estado, as Rexións e as Provincias Autónomas. Esta Conferencia sitúase na sede da Presidencia do Consello de Ministros como órgano de contacto permanente entre o Estado e as rexións.

Polo que atinxe á súa composición, prevese que ás súas reunións asistan, alén do presidente do Consello de Ministros e do ministro para Asuntos Rexionais, os presidentes de tódalas rexións, tanto as ordinarias coma as de Estatuto especial, e os das provincias autónomas. Ademais, cando o presidente do Consello o estime axeitado, por razón da materia, poderá chamar á mesma ós ministros competentes e a representantes das administracións públicas do Estado³⁸.

A función desta Conferencia é a de información, consulta e contacto, en relación coas grandes liñas da política nacional sus-

ceptibles de incidiren nas materias de competencia rexional, excluídas as orientacións xerais relativas á política exterior, á defensa e seguridade nacional, e á xustiza³⁹. Mentres que as liñas xerais sobre a acción exterior se reservan con carácter exclusivo para o Estado, prevese, pola contra, que "a Conferencia sexa consultada nas liñas xerais⁴⁰ sobre a elaboración e execución dos actos comunitarios que incidan sobre as competencias rexionais" (artigo 12, parágrafo 5, letra b) [a traducción é miña].

Estas competencias da Conferencia veranse reforzadas e ampliadas en virtude da Lei do 9 de marzo de 1989, n° 86⁴¹, tamén chamada Lei La Pergola por referencia ó profesor no que ten a súa orixe a devandita norma⁴². Esta prevé no seu artigo 10 o deber da Conferencia de expresar opinións sobre as directrices xerais relativas á elaboración e actuación dos actos comunitarios que afectan ás competencias rexionais, do mesmo xeito que sobre os criterios e as modalidades para conformalo exercicio das funcións rexionais á observancia e o cumprimento das obrigas derivadas de actos comunitarios ou de pronunciamentos do Tribunal de Xustiza.

Coa doutrina⁴³ subliñámo-lo feito de que por primeira vez o lexislador italiano diferencia entre política exterior e política comunitaria, no ámbito da formación da vontade nacional. Isto supón non poder botar man da socorrida fórmula da competencia exclusiva do Estado en materia de relacións internacionais, para impedi-la participación das rexións nos asuntos comunitarios que afecten a materias da súa competencia.

No artigo 10 da devandita Lei 86/1989 prevese que o Presidente do Consello, a pedimento do ministro para a Coordinación das Políticas Comunitarias, convoque, alomenos cada seis meses, unha sesión especial da Conferencia para trata-los aspectos das políticas comunitarias de interese rexional ou provincial. Os informes desta Conferencia teñen como finalidade influír en nas decisións do Consello de Ministros.

A Conferencia foi deseñada cun carácter fundamentalmente político, polo que os seus dictames non teñen carácter vinculante para o Goberno. O éxito deste mecanismo de colaboración Estado-rexións depende, segundo CHITI⁴⁴, de "la voluntad real de las Regiones en utilizar una sede que permite un debate al más alto nivel con el Estado y las demás Regiones". Sen embargo, ó non seren vinculantes as opinións das rexións, este organismo non é moi operativo, xa que o feito de que os seus informes teñan efecto ou non no momento de elaborar a nivel estatal a posición que Italia defenderá en Bruxelas, dependerá unicamente da boa vontade do Goberno.

Agostini⁴⁵ infórmanos de que esta canle de participación rexional non tivo moito éxito, xa que ata este momento as súas sesións comunitarias estiveron dedicadas unicamente a cuestións referidas á actuación interna das políticas comunitarias, como a elaboración dos proxectos integrados mediterráneos, ou a utilización do Fondo Social Europeo, interesándose a penas na designación dos membros do Comité das Rexións previsto polo Tratado de Maastricht.

2.1.2. *Participación en sede parlamentaria: o Senado*

En Italia, á diferenza doutros países europeos como, por exemplo, Alemaña⁴⁶, non é posible dirixir-la participación rexional nos asuntos comunitarios pola vía parlamentaria⁴⁷.

En efecto, o Senado italiano, como o español, non constitúe unha auténtica cámara de representación territorial, o que supón, afirma Giannini⁴⁸, que "hasta que esto ocurra -y tal hipótesis es lejana-, las regiones son Entes de relevancia constitucional, pero no participan en los procesos de toma de decisiones constitucionales".

En Italia, a previsión constitucional para a elección do Senado sobre unha base rexional foi deseñada polo lexislador nos meros termos dun sistema electoral que se adapte ás circunscricións rexionais, sen que para tal efecto lle fose asignada función ningunha ó ente rexional. Isto leva a Pizzo Russo⁴⁹ a afirmar que "el vínculo que media entre cada senador y la región en la que viene elegido no es distintivo al que liga a cualquier miembro del Parlamento a su colegio respectivo, y ni siquiera tiene aquél el deber de ser originario de la región en cuestión o de residir en ella".

Co gallo de asegura-la participación rexional na formación das decisións comunitarias, e contribuíndo deste xeito a reforzalo ámbito de autonomía que a Constitución lle outorgou ós entes rexionais, o Senado deberá transformarse nunha Cámara das Rexións, seguindo o modelo do *Bundesrat* alemán. As vantaxes que esta transformación comportaría desde un punto de vista comunitario serían, segundo Agostini⁵⁰, as seguintes: (i) Chamar o Senado ou Cámara das Rexións, xunto á Cámara dos Deputados, para da-lo seu consentimento a calquera modificación dos tratados comunitarios. Deste xeito, non hai dúbida de que quedaría asegurada a participación das rexións no momento de se producir unha nova cesión de soberanía; (ii) A devandita Cámara podería desenvolver algunhas das funcións que na actualidade lle están atribuídas á competencia do Parlamento nacional; (iii) Levaría ó Goberno a concertar acordos coas rexións co ga-

llo de regular a nivel interno a participación rexional na formación das decisións comunitarias; (iv) Permitiría a participación directa das rexións na formación das decisións comunitarias. Isto é, as rexións conseguirían estar representadas nas negociacións que afectasen a materias da súa competencia, manifestando de xeito unitario a vontade nacional.

Non embargantes, semella que, polo de agora, esta vía de participación non poderá ser utilizada polas rexións, xa que a Comisión Parlamentaria para as Reformas Institucionais, que presentou en xaneiro de 1994 un proxecto articulado de revisión da Constitución, non prevé ningunha solución satisfactoria á participación rexional no Parlamento nacional.

2.2. A participación directa

2.2.1. *Contactos rexionais coas institucións comunitarias*

No que atinxe á participación directa dos entes rexionais na formación das decisións comunitarias, pódese afirmar que nos últimos anos se suavizou “la práctica absolutamente centralista”⁵¹ consagrada polo lexislador italiano no tempo que agora nos ocupa.

En efecto, as primeiras normas⁵² que facían referencia á competencia rexional para desenvolver contactos de alcance comunitario prevían que, no caso de que as rexións tivesen un interese particular en manteren contactos ou adquiriren calquera tipo de información dos órganos comunitarios, deberían solicitarlo previo acordo do Goberno ou dos ministros competentes.

Esta intransixencia estatal na toma de contactos directos entre as rexións e a Comunidade Europea non lles impediu a aquelas abrir algunhas canles que lles permitisen relacionarse de xeito directo cos órganos comunitarios. Isto lévanos a concluír con Muñoz Machado que esta experiencia demostra que:

“la negativa formal a la participación ha servido para que la imaginación italiana idee muy variadas fórmulas de aproximación a la Comunidad que, naturalmente, son mucho más perturbadoras para los intereses unitarios italianos que las soluciones más generosas y claras establecidas en Alemania”⁵³.

O lexislador, recoñecendo por fin as diferencias esenciais existentes entre as relacións internacionais e as relacións coas institucións comunitarias, dispón no artigo 60 da Lei comunitaria para 1993 (Lei 146 de 1994⁵⁴) que non se aplique máis a estas últimas o establecido no artigo 4 do Real decreto 616, de 1977, para as relacións co estranxeiro.

Posteriormente, o Decreto do presidente da República, do 31

de marzo de 1994, que deixa sen aplicación o Decreto do presidente do Consello de Ministros de 1980, dispón que as rexións poderán manter relacións coas oficinas, os órganos e as institucións comunitarias sen a necesidade do acordo previo do Goberno nin de comunicación previa.

Ámbalas normas supoñen, sen lugar a dúbidas, un avance significativo na regulación das relacións das rexións coa Comunidade Europea. Nós entendemos que, aínda que estas normas foron pensadas para aumenta-la participación rexional na fase descendente da actuación comunitaria, indubidablemente, ó mesmo tempo, lles abriron ás rexións canles que posibilitan a súa actuación directa na fase ascendente. De feito, as rexións poderán emprega-las posibilidades ofrecidas polo Decreto de 1994 para trataren de exercer presión e influencia nos organismos da Unión cos que entablen contacto e que dalgún xeito participen no proceso comunitario de adopción de decisións.

Esta participación na fase ascendente verase igualmente favorecida coa introducción na representación permanente italiana⁵⁵ dun funcionario nomeado pola Conferencia de Presidentes das Rexións. Este asume funcións de representación das rexións, polo de agora limitadas ó sector agrícola, o que lles permitirá ás rexións actuar rapidamente no ámbito do Comité Permanente das Políticas Agro-alimentarias e Forestais.

Aínda que é cedo para facermos unha avaliación dos resultados que as rexións acadarán en aplicación deste novo regulamento, podemos prever que estas disposicións lles posibilitarán ás rexións establecer contactos máis intensos cos órganos comunitarios. Isto permitiralles adquirir información directa sobre tódolos asuntos comunitarios que afecten ós seus intereses, e actuar en consecuencia, tanto nas súas relacións internas cos órganos estatais como nos seus contactos directos cos órganos comunitarios que dalgún xeito interveñan na formación dos actos normativos comunitarios.

2.2.2. O Comité das Rexións

O Tratado da Unión Europea destaca a dimensión rexional da Comunidade mediante a creación do Comité das Rexións (art. 198 A). O carácter deste órgano non é estrictamente rexional, senón que nel caben representantes tanto das rexións autónomas, onde as haxa, coma dos entes locais.

Este Comité é un órgano de carácter exclusivamente consultivo. Deberá ser consultado nos supostos en que se prevexa no Tratado da Comunidade Europea, e pode, ademais, emitir ditames de oficio cando o considere axeitado.

Os seus membros son designados polo Consello por proposta dos estados membros, por un período de catro anos, e non están vinculados por mandato imperativo.

A designación dos membros rexionais italianos integrantes do devandito Comité foi realizada polo Goberno. A diferenza dos *länder* alemáns, as comunidades belgas e as comunidades autónomas españolas, as rexións italianas non conseguiron un representante por cada un dos vinte entes rexionais nos que se divide o Estado italiano. En efecto, os 24 escanos dos que dispuña foron repartidos do seguinte xeito: 12 para as rexións, 5 para as provincias e 7 para os concellos. Os outros países de estrutura complexa da Comunidade aseguraron un escano dos que lles foron atribuídos para cadanseu ente subestatal de maior autonomía, e deixaron os escanos sobranceiros para os entes locais.

Polo de agora, como consecuencia da curta vida deste órgano, é cedo para elaborarmos un xuízo sobre cal será o protagonismo do Comité das Rexións na adopción das decisións comunitarias. Noutras palabras, aínda non se coñece en qué medida as institucións da Unión terán en conta os seus dictames. Nembargantes, é de desexar que os entes rexionais aproveiten esta oportunidade para coñeceren as propostas legislativas da Comisión coa antelación suficiente para influíren tanto na postura que adopten os órganos comunitarios ante a mesma coma nas negociacións internas cos órganos centrais para que defendan a posición que máis beneficie os seus intereses.

3. Conclusión

Neste momento, non podemos menos que concluír con Agostini que, desde o punto de vista da participación das rexións no proceso comunitario de adopción de decisións, as rexións italianas atópanse "en una posición más parecida a la de los países europeos de estructura unitaria o descentralizada, como la del Reino Unido y de Francia (...) que a la de los países de estructura federal o regional (...) a cuyo grupo Italia pertenece en razón del diseño autonomista contenido en la Constitución"⁵⁶.


En verdade, as rexións italianas aínda non articularon a nivel interno os instrumentos de colaboración axeitados que lles permitan participar na elaboración da lexislación estatal, fundamentalmente naquelas materias que afecten ás súas competencias. Non existe un elemento de cooperación horizontal eficaz que posibilite que os representantes rexionais elaboren unha posición común nos asuntos de interese rexional para defendelos ante o Estado. E xa comprobamos que, no que atinxe ó mecanismo de

cooperación vertical, a Conferencia Permanente para as Relación entre o Estado, as Rexións e as Provincias Autónomas carece na actualidade de operatividade. Todo isto desemboca na ausencia de solucións que freen o desequilibrio producido na articulación de competencias internas como consecuencia da adhesión de Italia á Comunidade. É obvia, pois, a necesidade de desenvolver canles de cooperación axeitadas entre o Estado e as rexións, co gallo de posibilita-la intervención rexional nos asuntos comunitarios, tanto desde o punto de vista da participación indirecta coma desde o da directa ou inmediata.

Referido a esta última, é dicir, á participación rexional directa nos asuntos comunitarios, cómpre apuntar que, aínda que se abriron novas posibilidades a raíz do Tratado da Unión Europea, podemos afirmar que o ordenamento italiano non aproveitou, nin de xeito parcial, as oportunidades que lle brindaba o dereito comunitario para mellora-la posición das rexións na defensa directa das súas posicións en Bruxelas. Ata o momento, unicamente o ordenamento interno alemán e mailo belga se fixeron eco da posibilidade aberta polo artigo 146 do Tratado de Maastricht. En Alemaña, o artigo 23, parágrafo 6, da lei fundamental establece que, cando se trate de asuntos da competencia legislativa exclusiva dos *länder*, a representación dos intereses da República Federal Alemana no Consello da Unión lles será conferida a un ministro rexional designado polo Consello Federal. A defensa destas competencias levarase a termo coa participación e aprobación do Goberno federal. En Bélxica, o Acordo de cooperación do 8 de marzo de 1994, relativo á representación do reino de Bélxica dentro do Consello de Ministros, reparte o poder de representación do Estado no Consello da Unión entre o Goberno federal, os gobernos rexionais e comunitarios, tendo en conta a distribución de competencias entre as tres instancias de poder.

No que atinxe á outra canle de participación rexional directa arbitrada polo Tratado da Unión Europea, isto é, a prevista no artigo 198 A, o Comité das Rexións, Italia só contará aí con doce representantes rexionais, aínda que o número de rexións é vinte. Unha vez máis, o Estado italiano afástase dos países comunitarios con estrutura semellante á súa, os cales distribuíron o número de membros que o Tratado lles atribúe, dándolle prioridade á representación de todos e cada un dos entes subestatais dotados dun maior grao de autonomía.

Todas estas deficiencias da participación rexional nos asuntos comunitarios deben superarse desde o propio Estado italiano. Esta é unha cuestión á que cómpre imprimir grandes doses

de vontade política favorable á intervención dos entes rexionais nos asuntos comunitarios que lles afecten directamente. Esta participación rexional na fase ascendente da política comunitaria favorecerá non só ás rexións, pois os actos comunitarios adoptaranse coñecendo de antemán as posicións que lles son máis proveitosas ás comunidades. O Estado beneficiarase tamén, posto que a participación das rexións na formación das decisións comunitarias contribuirá a unha máis eficaz execución do dereito comunitario, evitando deste xeito o nacemento da responsabilidade internacional daquel. En conclusión, mellorarase, por razóns obvias, o funcionamento da Comunidade no seu conxunto. 

Notas

¹ A Constitución italiana apróbase o 22 de decembro de 1947, e entra en vigor o 1 de xaneiro de 1948.

² Polo que atinxe ó sistema rexional italiano, pódense ver, entre outros, J. C. ESCARRAS, "L'Italie un État régional?", *L'Etat autonome: forme nouvelle ou transitoire en Europe?*, dirixido por A. BIDÉGARAY, Económica, París, 1994, pp. 85-112, M. S. GIANNINI, *Las Regiones en Italia*, Cuadernos Civitas, Madrid, 1984, pp. 19-24, ou A. MASTROPAOLO, "La question Régionale en Italie", *L'Etat autonome: forme nouvelle ou transitoire en Europe?*, *op. cit.*, pp. 37-47.

³ Artigos 5, 114 e 115 da Constitución italiana de 1948.

⁴ Os estatutos destas rexións son leis do Estado con rango de leis constitucionais, segundo o establecido no artigo 116 da Constitución.

⁵ Esta rexión está composta por tres organizacións: a rexión e as dúas provincias autónomas de Trento e Bolzano.

⁶ GIANNINI, M. S., *Las Regiones en Italia*, *op. cit.*, pp. 24-28, describe o proceso de constitución das rexións ordinarias. Os consellos rexionais deberían ser elixidos no prazo dun ano a partir da entrada en vigor da Constitución. Sen embargo, as eleccións non tiveron lugar ata 1970, de tal xeito que os estatutos das rexións se aprobaron en 1971.

⁷ As rexións de Estatuto ordinario son: Piamonte, Lombardía, Véneto, Liguria, Emilia-Romaña, Toscana, Marcas, Umbria, Lazio, Abruzos, Molise, Campania, Basilicata, Apulia e Calabria. O artigo 123 da Constitución atribúelles ás rexións potestade estatutaria. Os estatutos das rexións ordinarias son actos das propias rexións aprobados mediante lei do Estado.

⁸ Tocante ó sistema de distribución de competencias en Italia, véxase o artigo de G. ROLLA "El sistema de distribución de competencias entre el Estado y las Regiones en Italia: aspectos de su evolución", en *Revista Vasca de Administración Pública* n^o 36, 1993, pp. 207-219.

⁹ Estas competencias están sometidas, de conformidade co artigo 117 da Constitución, ós límites dos principios fundamentais establecidos nas leis do Estado, ós intereses nacionais e ós das outras rexións.

¹⁰ Artigo 134 da Constitución italiana, desenvolvido pola Lei do 11 de marzo de 1953, n^o 87, *Gazzetta Ufficiale* –máis adiante G.U.– 14 de marzo de 1953, n^o 62, sobre a Constitución e sobre o funcionamento da Corte Constitucional, no seu artigo 39.

¹¹ Sobre o proxecto de revisión da Constitución, pódese ver A. D'ATENA, "La vicenda del regionalismo italiano ed i problemi della transizioni al federalismo", *Federalismo e regionalismo in Europa*, dirixido polo mesmo autor, Dott. A. Giuffrè Editore, Milán, 1994, pp. 227 e ss. Este sistema de distribución de competencias foi deseñado na reforma constitucional exposta no texto unificado da Comisión de Asuntos Constitucionais da Cámara dos Deputados de 1991. Polo que atinxe a este proxecto de reforma constitucional, véxase G. RUIZ-RICO RUIZ, "El proyecto de Reforma Constitucional en Italia: la nueva concepción del bicameralismo y regionalismo", *Revista Española de Derecho Constitucional* n^o 36, 1992, pp. 151-189.

¹² Decreto legislativo 616/1977, do 24 de xullo, G.U. 29 de agosto de 1977, n^o 234, aprobado polo presidente da República.

¹³ SORIANO, J. E., *Comunidades Autónomas y Comunidad Europea*, Tecnos, Madrid, 1990, p. 71.

¹⁴ Véxase a Circular do 1 de abril de 1978, dirixida polo presidente do Consello de Ministros ós Comisarios do Goberno. Posteriormente, o Goberno adoptará de novo unha actitude máis restrictiva a través do Decreto do presidente do Consello de Ministros do 11 de marzo de 1980, G.U. 17 de abril de 1980, n^o 106. O artigo 4 deste decreto establece que tódalas actividades de carácter externo levadas a cabo polas rexións están supeditadas ó acordo previo co Goberno.

¹⁵ Véxanse as sentencias citadas por SORIANO en *Comunidades Autónomas y Comunidad Europea*, op. cit., pp. 55-60.

¹⁶ Sentencias n^o 179, de 1987, n^o 737 e 739, de 1988, e n^o 43, de 1989 (citadas por M. V. AGOSTINI en "Líneas de evolución de la acción de las Regiones italianas en el exterior y de su participación en el proceso de adopción de decisiones comunitarias", en *La acción exterior y comunitaria de los Länder, Regiones, Cantones y Comunidades autónomas*, dirixido por M. PÉREZ GONZÁLEZ, IVAP, Bilbao, p. 25).

¹⁷ Artigo 4: "As rexións non poden desenvolver no exterior máis actividades cás promocionais, sobre materias da súa competencia, e previo acordo co Goberno e dentro da ordenación e coordinación que lles outorga o parágrafo anterior".

¹⁸ G.U. 19 de xullo de 1994, n^o 167. Substitúe ó Decreto do presidente do Consello de Ministros, do 11 de marzo de 1980.

¹⁹ A lei fundamental de Bonn prevé no artigo 32.3 que sempre que os *länder* sexan competentes para legislar, poden, co consentimento do Goberno federal, establecer tratados con estados estranxeiros.

²⁰ O artigo 16, parágrafo 1, da Constitución austríaca establece: "Os *län-der* poden concluír tratados de Estado en asuntos que pertencen ó seu ámbito de actuación autónoma con estados limítrofes con Austria ou cos seus estados membros".

²¹ En Suíza, a Constitución federal establece, no seu artigo 9, que: "Excepcionalmente, os cantóns conservan o dereito a concluíren, cos estados estranxeiros, tratados sobre materias relativas á economía pública, relacións de veciñanza e de policía; sen embargo, estes tratados non deben conter nada que sexa contrario á Confederación ou ós dereitos dos outros cantóns" –a tradución é miña–.

²² A Constitución belga no seu artigo 167, parágrafo 1, dispón: "O rei dirixirá as relacións internacionais, sen prexuízo da competencia das comunidades e das rexións para a cooperación internacional, incluíndo a conclusión de tratados, para as materias que sexan da súa respectiva competencia, segundo a presente Constitución ou en virtude dela" –a tradución é miña–.

²³ Véxanse as opinións ó respecto de O. SEPE, "La relación entre las Regiones italianas y las Comunidades Europeas: las instituciones y la organización", *Documentación Administrativa* n.º 198, 1984, p. 23, e F. D'ONOFRIO, "Aspectos constitucionales concernientes a las relaciones entre las Regiones y la CEE e Italia", *Documentación Administrativa* n.º 198, 1984, p. 10. Estes autores entenden que cómpre que teñamos en conta as características fundamentais do rexionalismo italiano á hora de analiza-la participación de Italia no proceso de integración europea.

²⁴ ANDREU I FORNÓS, E., "Las Regiones italianas y la Comunidad Europea", *La aplicación del Derecho de la Comunidad Europea por los organismos subestatales*, Institut d'Estudis Autonòmics, Barcelona, 1986, p. 136, afirma que "una participación regional en la elaboración de las directrices y objetivos de la política exterior del Estado, es imaginable y deseable, puesto que actuarían de modo de compensación de la inevitable pérdida de autonomía que supone el hecho de que sólo el poder central tenga capacidad para obligarse internacionalmente".

²⁵ GIANNINI, M. S. (citado por ANDREU I FORNÓS, "Las Regiones italianas...", *op. cit.*, p. 136) afirma: "En un Estado pluralista, la unidad de los fines y objetivos no debe ser unilateralmente impuesta por el Estado ente, sino que ha de resultar del concurso o contribución de cuantos sujetos y entes operan en el ordenamiento, y en particular de las Regiones en la medida en que son centros de participación y promoción de las mismas actividades que los órganos centrales".

²⁶ Afírmase que estes estatutos consagran un principio xeral aplicable a tódalas rexións e a toda clase de acordo internacional. Véxase ó respecto a nota a pé de páxina n.º 7 de ANDREU I FORNÓS ("Las Regiones italianas...", *op. cit.*, p. 137).

²⁷ ANDREU I FORNÓS, "Las Regiones italianas...", *op. cit.*, p. 137.

²⁸ O Tratado da Unión Europea establece no seu artigo A, parágrafo 2: "O presente Tratado constitúe unha nova etapa no proceso creador dunha Unión cada vez máis estreita entre os pobos de Europa, na que as decisións serán tomadas do xeito máis próximo posible ós cidadáns" –a tradución é miña–.

²⁹ Fálase de "dobre déficit democrático" porque tanto o Parlamento Europeo coma os parlamentos nacionais están marxidados no proceso de construción europea. Malia isto, este dobre déficit democrático é, como afirma G. LAPRAT ("Réforme des traités: Le risque du double déficit démocratique. Les Parlements nationaux et l'élaboration de la norme communautaire", *Revue du Marché Commun et de l'Union Européenne* n.º 351, 1991, p. 711), paralelo pero non idéntico. O Parlamento Europeo reclama un dereito de codeci-

sión lexislativa, mentres que os parlamentos nacionais reclaman un maior control sobre os executivos nacionais nos asuntos europeos.

³⁰ G.U. 13 de maio de 1987, nº 109.

³¹ AGOSTINI, "Líneas de evolución de la acción de las Regiones italianas...", *op. cit.*, p. 32.

³² Existe a Conferencia de Presidentes das Rexións como mecanismo de coordinación interrexional. Este órgano foi creado polas rexións co firme propósito de acadaren posicións comúns sobre as principais cuestións de interese común. Algúns autores, como o profesor P. PÉREZ TREMPs (*Comunidades Autónomas, Estado y Comunidad Europea*, Ministerio de Xustiza, Madrid, 1987, p. 53), sosteñen que esta non é unha fórmula estable de coordinación entre as rexións.

³³ G.U. 4 de decembro de 1993, nº 285.

³⁴ AGOSTINI, "Líneas de evolución de la acción de las Regiones italianas...", *op. cit.*, p. 33.

³⁵ A ausencia de instancias de coordinación foi paliada coa utilización ocasional, con fins comunitarios, de certas instancias gobernamentais nas que os acordos entre autoridades rexionais e centrais interviñesen para a elección de políticas económicas.

³⁶ As diversas propostas e proxectos que foron acontecendo ata chegar á aprobación do Decreto do presidente do Consello de Ministros, do 12 de outubro de 1983 (G.U. do 21 de novembro de 1983, nº 300), polo que se crea a Conferencia de Presidentes, pódense ver en ANDREU I FORNÓS ("Las Regiones italianas...", *op. cit.*, pp. 141 e ss.).

³⁷ G.U. 12 de setembro de 1988, nº 214.

³⁸ Artigo 12, parágrafo 2, da Lei do 23 de agosto de 1988, nº 400.

³⁹ Artigo 12 da Lei do 23 de agosto de 1988, nº 400.

⁴⁰ CHITI, M. P. ("La creación y ejecución del Derecho comunitario en Italia", *La Comunidad Europea, la instancia regional y la organización administrativa de los Estados miembros*, dirixido por J. BARNÉS VÁZQUEZ, Civitas, Madrid, 1993, p. 262) sostén que estas "líneas xerais" das que fala a lei "no consisten en a suma de una serie identificable de decisións, sobre las cuales discutir una a una, sino del desarrollo de una orientación política -proceso que se debe valorar sistemáticamente con criterios de periodicidad-".

⁴¹ G.U. 10 de marzo de 1989, nº 58.

⁴² Os obxectivos que se perseguen con esta norma son: (i) Garantir o cumprimento das obrigas comunitarias e que o Goberno informe ó Parlamento sobre tódolos actos normativos comunitarios, co gallo de evitar que se dicten leis que vaian en contra das disposicións comunitarias. A peza fundamental para cumprir estes obxectivos é a elaboración dunha lei comunitaria anual. Nesta norma incluíranse, por unha banda, tódalas disposicións modificativas e derogatorias das normas internas que estean en contradición coas obrigas comunitarias e, por outra, conterá tódalas disposicións que sexan necesarias para executar as obrigas comunitarias. Véxanse, sobre esta norma, os comentarios feitos por A. E. NAVARRO MUNERA ("Notas sobre la Ley Italiana 86/1989, de 9 de marzo, de normas xerais sobre la participación de Italia en el proceso normativo comunitario y sobre los procedimientos de ejecución de las obligaciones comunitarias", *Autonomías* nº 13, 1990-91, pp. 117-124) e SORIANO (*Comunidades Autónomas y Comunidad Europea, op. cit.*, pp. 74 e ss.).

⁴³ BULLAIN LÓPEZ, I., *Las Regiones autónomas de la Comunidad Europea y su participación en el proceso de integración*, IVAP, Bilbao, p. 185; CHITI, "La creación y ejecución...", *op. cit.*, p. 262; VALERIA, "Líneas de evolución de las Regiones italianas...", *op. cit.*, p. 32.

⁴⁴ CHITI, "La creación y ejecución...", *op. cit.*, p. 264.

⁴⁵ AGOSTINI, "Líneas de evolución de las Regiones italianas...", *op. cit.*, p. 33.

⁴⁶ O Consello Federal ou *Bundesrat* é a Cámara Alta do Parlamento federal alemán. Está composto por membros dos diferentes gobernos rexionais (isto é, os gobernos dos *länder*) ou de delegados representantes directamente designados por estes.

⁴⁷ Tampouco cumpriu este cometido a Comisión Parlamentaria para as Cuestións Rexionais, prevista na propia Constitución (artigo 126) e creada en virtude da Lei do 10 de febreiro de 1953. Esta Comisión está composta por 20 deputados e 20 senadores, designados por cada Cámara, de acordo co criterio da proporcionalidade. As súas tarefas son fundamentalmente de control e de asesoramento. SORIANO (*Comunidades Autónomas y Comunidad Europea, op. cit.*, p. 50), seguindo a doutrina italiana que se ten ocupado do estudio desta Comisión, afirma que a Comisión non foi obxecto de atención da clase política e que consecuencia diso foi o establecemento de relacións inmediatas entre as rexións e o Goberno central, deixando o Parlamento nun segundo lugar. A doutrina pide que se reforme esta Comisión, e se dote dos medios necesarios para que chegue a se-lo grande órgano decisorio da política do Estado no que atinxe ás rexións e, pola súa vez, o camiño participativo destas naquel.

⁴⁸ GIANNINI, *Las Regiones en Italia, op. cit.*, p. 93.

⁴⁹ PIZZORUSSO, A., "Las Regiones italianas como sujetos de la vida constitucional del Estado", *Revista Española de Derecho Constitucional* n° 6, 1982, p. 37.

⁵⁰ AGOSTINI, "Líneas de evolución...", *op. cit.*, pp. 41 e 42.

⁵¹ Gráfica expresión tomada de PÉREZ TREMPES, *Comunidades Autónomas, Estado...*, *op. cit.*, p. 52.


⁵² Referímonos fundamentalmente a dúas normas: por unha banda, ó artigo 4 do Decreto do presidente da República n° 616, de 1977, que equipara as relacións entre os órganos comunitarios e as relacións internacionais, esixíndolles ás rexións a autorización previa do Goberno para levar aquelas a cabo; e, por outra banda, o Decreto do 11 de marzo de 1980, que lles esixía ás rexións que solicitasen a mediación dos ministros interesados para establece-los contactos necesarios cos órganos da Comunidade cara ó desenvolvemento das cuestións referidas ás materias de competencia rexional.

⁵³ MUÑOZ MACHADO, S., *El Estado, el Derecho interno y la Comunidad Europea*, Civitas, Madrid, 1986, p. 79.

⁵⁴ G.U. 4 de marzo de 1994, n° 52.

⁵⁵ Esta modificación da Representación Permanente foi operada polo artigo 7, parágrafo 2, da devandita Lei do 4 de decembro de 1993, n° 491.

⁵⁶ AGOSTINI, "Líneas de evolución de la acción...", *op. cit.*, p. 21.



DOSIER
Protección fiscal do
medio ambiente

Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica

1 Cando se repasa o mapa de problemas medioambientais na Comunidade galega destaca, sobre calquera outra característica, a súa concentración nos núcleos industriais da área da Coruña e de Pontevedra, ata o punto de que, á marxe destes grandes focos de contaminación, podería dicirse que a situación medioambiental de Galicia resulta bastante satisfactoria. Non é estraño, pois, que sexa a contaminación xerada nestas dúas áreas xeográficas concretas a que demande a maior atención da política medioambiental, especialmente no que se refire ós vertidos industriais en augas continentais e marítimas, por unha banda, e ás emisións de determinados gases á atmosfera, pola outra, que consti-

túen as principais vías de contaminación. Resulta xa que logo indiscutible a existencia dunha seria problemática no medio ambiente galego por mor da emisión de gases contaminantes que provocan graves impactos nos recursos naturais do noso país.

Así, desde a perspectiva dos instrumentos económicos e fiscais que nos ocupa, o problema dos vertidos foi abordado na Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia, mediante a creación dun canon de saneamento; agora, na presente norma, lévase a cabo a creación dun imposto sobre a contaminación atmosférica, que contribuirá a paliar-la outra vertente do problema da contaminación.

Todo iso sen prexuízo da plena vixencia da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e doutras normas concordantes na materia, respecto das cales esta lei se entenderá como instrumento complementario da política medioambiental da Comunidade Autónoma.

2 A política medioambiental operou tradicionalmente establecendo límites legais á emisión de substancias contaminantes e, en xeral, á utilización dos recursos naturais, acompañados de sancións no caso de que tales límites fosen sobrepasados.

Esta presentación da política medioambiental viuse complementada durante os últimos anos coa introducción de instrumentos fiscais –exaccións que permitiron gradua-las políticas–. Así, fronte á discontinuidade que comporta o esquema prohibición-sanción, un gravame sobre as emisións permite actuar continuamente ó longo de todo o percorrido, isto é, desde o inicio das emisións contaminantes, e pode facerse, ademais, de forma progresiva, co que, nun primeiro tramo, o gravame operará como un instrumento de recuperación dos custos que comporta a política medioambiental e os correspondentes controis e, máis adiante, convértese nun auténtico instrumento regulador que favorecerá a limitación das emisións, como sucede cunha sanción. En suma, o obxectivo principal deste tributo non é acadar un volume determinado de recursos monetarios. O fin que se procura é conseguir que as empresas afectadas adopten, nun prazo curto, as medidas anticontaminantes precisas para diminuír substancialmente as emisións sinaladas.

Esta flexibilidade característica

dos instrumentos fiscais é o que propiciou a súa utilización xeneralizada na política medioambiental e é igualmente a que aconsella, no noso caso, o establecemento do tributo que se contén na presente lei.

3 Respondendo ós criterios e propósitos que acaban de referirse, a articulación do gravame faise arredor do concepto de foco emisor, constituído, normalmente, por unha instalación industrial emisora das substancias contaminantes gravadas. Esta é a referencia para a determinación da base imponible, que, como cabería esperar, consiste na cantidade de substancias contaminantes emitidas. Trátase pois dun tributo con perfís reais que aparecen reforzados co establecemento do rexistro obrigatorio dos focos de emisión, rexistro que constitúe a peza clave para unha adecuada xestión do tributo.

As restriccións iniciais do gravame teñen o seu reflexo na ordenación do tipo impositivo nunha tarifa de carácter progresivo. O primeiro tramo opera cun tipo cero, deixando desta forma á marxe do gravame tódolos focos que non sexan grandes emisores. A continuación, o segundo e o terceiro teñen unha pretensión basicamente de carácter compensatorio e por iso estableceuse a un nivel moderado en termos comparados.

Finalmente, o cuarto tramo, regulador das emisións gravadas, déixase en suspenso ata o ano 2000 co propósito de acadar unha implantación gradual e sen traumas do gravame.

A natureza e funcións do gravame fano proclive á súa afectación e tal é o criterio da lei. Nembargantes, trátase dunha afectación xenérica ó servizo dunha política

de protección medioambiental e de conservación dos recursos naturais de Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, no nome de El-Rei, a Lei do imposto sobre a contaminación atmosférica.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Fin do tributo.

Co obxecto de contribuír a regular a utilización dos recursos naturais de Galicia, e de forma específica a emisión de substancias contaminantes, créase un imposto sobre a contaminación atmosférica.

Artigo 2. Normativa aplicable.

O imposto sobre a contaminación atmosférica rexeráse, ademais de polas disposicións da presente lei, polo establecido nas normas tributarias que lle sexan aplicables.

Artigo 3. Ámbito do tributo.

O imposto sobre a contaminación atmosférica recaerá sobre as emisións nas que os seus focos se atopen situados dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

Artigo 4. Afectación dos ingresos.

1. Os ingresos provenientes do imposto sobre a contaminación atmosférica, deducidos os custos de xestión, destinaranse a financiar as actuacións da Comunidade en materia de protección medio-

ambiental e conservación dos recursos naturais de Galicia.

2. Cun 5% dos ingresos obtidos en cada exercicio dotarase un fondo de reserva para atender danos extraordinarios e situacións de emerxencia provocados por catástrofes medioambientais ata alcanza-la contía de mil millóns de pesetas, cantidade que será reposta a medida que sexa utilizada mediante novas dotacións anuais en porcentaxe non superior á citada.

As prestacións do fondo terán o carácter de anticipo reintegrable.

O funcionamento e demais aspectos concretos do fondo regularanse por decreto.

3. Do destino dos recursos a que se refire o apartado 1 anterior será informado o Consello Galego do Medio Ambiente, para os efectos das súas funcións.

Artigo 5. Órganos competentes.

1. A xestión, inspección e recadación do imposto sobre a contaminación atmosférica correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda.

2. A modificación das tarifas impositivas, de acordo co establecido no artigo 11.2 desta lei, efectuarase logo do informe da Comisión Galega do Medio Ambiente.

CAPÍTULO II

Elementos do imposto

Artigo 6. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible a emisión á atmosfera de calquera das seguintes substancias:

- a) Dióxido de xofre ou calquera outro composto osixenado do xofre.
- b) Dióxido de nitróxeno ou calquera outro composto osixenado do nitróxeno.

2. Presumirase realizado o feito imponible mentres as instalacións emisoras non cesen na súa actividade e tal circunstancia sexa posta en coñecemento da Administración.

Artigo 7. Suxeito pasivo.

Serán suxeitos pasivos en calidade de contribuíntes as persoas ou entidades que sexan titulares das instalacións ou actividades que emitan as substancias contaminantes gravadas.

Artigo 8. Base imponible.

1. Constitúe a base imponible a suma das cantidades emitidas de cada unha das substancias contaminantes por un mesmo foco emisor.

Para estes efectos:

- a) As cantidades emitidas de dióxido de xofre e de dióxido de nitróxeno expresaranse en toneladas.
- b) As cantidades emitidas de compostos osixenados de xofre expresaranse en toneladas equivalentes de dióxido de xofre.
- c) As cantidades emitidas de compostos nitroxenados expresaranse en toneladas equivalentes de dióxido de nitróxeno.

2. A cuantificación da base imponible referirase ó ano natural.

Artigo 9. Foco emisor.

1. Para os efectos da presente lei constitúe un foco emisor o conxunto de instalacións de calquera natureza que emitan á atmosfera substancias contaminantes gravadas.

2. A Administración establecerá o rexistro obrigatorio dos focos emisores, así como das súas características e incidencias.

Artigo 10. Determinación da base imponible.

1. A base imponible determinarase:

- a) Por estimación directa, deducida da declaración do suxeito pasivo e verificada pola Administración, nos casos nos que as instalacións incorporen sistemas de medida da cantidade de substancias contaminantes emitidas.
- b) Nos demais casos, mediante estimación obxectiva, deducindo a cantidade de contaminantes emitida de indicadores obxectivos vinculados á actividade ou ó proceso de produción de que se trate.

2. Mediante decreto, a Xunta determinará os supostos nos que sexa aplicable o réxime de estimación obxectiva, os índices ou módulos que hai que utilizar en cada caso así como a súa valoración.

Artigo 11. Determinación de oficio.

A Administración poderá sinalar de oficio, coa información dispoñible, a base que lle corresponda a aquel suxeito pasivo que, incumprindo as normas fiscais, fíxese imposible a súa determinación a través das vías ordinarias previstas na presente lei.

Artigo 12. Tarifa impositiva.

1. O gravame sobre a contaminación atmosférica esixirase conforme á seguinte tarifa por tramos de base:

Tramos de base	ptas./t
1º.- De 0 a 1.000 t anuais.	0
2º.- De 1.001 a 50.000 t anuais.	5.000
3º.- De 50.001 t anuais en adiante	5.500

2. A contía e os tramos da anterior tarifa poderán ser modificados pola Lei de presupostos de cada ano. Poderase, á súa vez, es-

tablecer un cuarto tramo da anterior tarifa, con carácter regulador, de acordo co previsto na disposición adicional da presente lei.

Artigo 13. Devengo.

O gravame devéngase no momento da emisión de calquera das substancias contaminantes gravadas.

CAPÍTULO III

Xestión do tributo

Artigo 14. Normas de xestión.

Por proposta da Consellería de Economía e Facenda, e mediante decreto, a Xunta aprobará as normas de xestión e liquidación do tributo.

Artigo 15. Liquidación e ingreso.

Os suxeitos pasivos están obrigados, nos prazos que se establezan regulamentariamente para o efecto, a liquidar e ingresa-lo imposto que lles corresponda a tódolos focos de emisión dos que sexan titulares.

Artigo 16. Reclamacións.

Os actos de xestión, liquidación, inspección e recadación do tributo serán reclamables perante os órganos económico-adminis-

trativos da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da vía contenciosa.

Artigo 17. Infraccións e sancións.

As infraccións tributarias do imposto sobre a contaminación atmosférica serán cualificadas e sancionadas de acordo co establecido na Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O tramo regulador previsto no artigo 12.2 desta lei non se establecerá con anterioridade ó ano 2000. A súa determinación levarase a cabo por lei do Parlamento de Galicia, e nese momento fixarase o tipo de gravame que sexa aplicable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira. Autorízase a Xunta de Galicia para proceder ó desenvolvemento regulamentario da presente lei dentro dos seis meses seguintes á súa entrada en vigor.

Segunda. A presente lei entrará e vigor o día 1 de xaneiro de 1996.

Santiago de Compostela,
vintenoventa e cinco de decembro de mil novecientos noventa e cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Decreto 4/1996, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a contaminación atmosférica

A entrada en vigor da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica supuxo o establecemento e aplicación a partir do 1 de xaneiro de 1996 dun novo imposto que recae sobre a contaminación atmosférica, producida por emisións de dióxido de xofre ou calquera outro composto osixenado do xofre, e de dióxido de nitróxeno ou calquera outro composto osixenado do nitróxeno.

Co obxecto de lle dar cumprimento ó texto legal, é preciso dicar normas de desenvolvemento que regulen, entre outras materias, os aspectos de xestión e liquidación do citado tributo.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía de Facenda e logo de deliberación do

Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día doce de xaneiro de mil novecentos noventa e seis,

Dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1º

O imposto sobre a contaminación atmosférica recaerá sobre as emisións producidas polos focos que se encontren situados dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º

1. Os ingresos provenientes do imposto sobre a contaminación

atmosférica, deducidos os custos de xestión, destinaranse a financiar as actuacións da Comunidade en materia de protección medioambiental e conservación dos recursos naturais de Galicia.

2. Cun 5% dos ingresos obtidos en cada exercicio dotarase un fondo de reserva para atender danos extraordinarios e situacións de emerxencia provocados por catástrofes medioambientais ata acadala contía de mil millóns de pesetas, cantidade que será repostada a medida que sexa utilizada mediante novas dotacións anuais en porcentaxe non superior á citada.

As prestacións do fondo terán carácter de anticipo reintegrable.

3. Anualmente elaborárase un informe referido ós aspectos citados nos anteriores apartados deste artigo, que será remitido ó Consello Galego de Medio Ambiente.

Artigo 3º

A xestión, inspección e recadación do imposto sobre a contaminación atmosférica correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda.

CAPÍTULO II

Elementos do imposto

Artigo 4º

1. Constitúe o feito imponible a emisión á atmosfera de calquera das seguintes substancias:

- a) Dióxido de xofre ou calquera outro composto osixenado do xofre.
- b) Dióxido de nitróxeno ou calquera outro composto osixenado do nitróxeno.

2. Presumírase realizado o feito imponible mentres as instalacións emisoras non cesen na

súa actividade e tal circunstancia sexa posta en coñecemento da Administración.

Artigo 5º

Serán suxeitos pasivos en calidade de contribuíntes as persoas ou entidades que sexan titulares das instalacións ou actividades que emitan as substancias contaminantes gravadas.

Artigo 6º

1. Constitúe a base imponible a suma das cantidades emitidas de cada unha das substancias contaminantes por un mesmo foco emisor.

Para estes efectos:

- a) As cantidades emitidas de dióxido de xofre e de dióxido de nitróxeno expresaranse en toneladas.
- b) As cantidades emitidas de compostos osixenados de xofre expresaranse en toneladas equivalentes de dióxido de xofre e,
- c) As cantidades emitidas de compostos nitroxenados expresaranse en toneladas equivalentes de dióxido de nitróxeno.

2. A cuantificación da base imponible referirase ó ano natural.

Artigo 7º

Para os efectos de aplicación do imposto entenderase por foco emisor o conxunto de instalacións de calquera natureza que emitan á atmosfera substancias contaminantes gravadas.

Artigo 8º

Créase o Rexistro de focos emisores de substancias contaminantes incluídas no feito imponible da Lei do imposto sobre a contaminación atmosférica, con sedes nas delegacións territoriais da Con-

sellería de Economía e Facenda respecto dos situados no ámbito da súa demarcación territorial. Procederá a inscrición no citado rexistro dos focos emisores que superen as 100 toneladas anuais de emisión das substancias contaminantes gravadas.

Artigo 9º

1. Tódolos titulares dos focos emisores están obrigados a presentar unha declaración de alta, no modelo que se aprobe para o efecto, perante a Delegación da Consellería de Economía e Facenda correspondente.

2. No caso de establecemento e posta en marcha dun novo foco emisor, a dita declaración indicará o número de toneladas das substancias gravadas que se prevé emitir no ano. O prazo para realizala será o dun mes contado desde o día da súa posta en funcionamento.

3. Os titulares de focos emisores en funcionamento á entrada en vigor da Lei 12/95, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica, consignarán na oportuna declaración os datos relativos a 1995.

4. Se dos datos obtidos da declaración a que se refiren os apartados 2 e 3 anteriores se deduce que non procede a inscrición no Rexistro de focos emisores, conforme co establecido no artigo 8 anterior, persistirá a obriga de efectuar nova declaración de alta no suposto de que a contaminación efectiva anual superase as 100 toneladas. A dita declaración presentarse dentro do mes de xaneiro seguinte.

Artigo 10º

Cando se produza unha circunstancia modificativa dos extremos que figuran na declaración á que se refire o artigo anterior, e se-

gundo o que se dispoña na orde de desenvolvemento do presente decreto, o titular do foco emisor, no prazo dun mes contado desde o día que aquela circunstancia se producise, estará obrigado a comunicarllo á mesma delegación, segundo o modelo que para o seu efecto se aprobe.

Artigo 11º

A base imponible determinarase por estimación directa, deducida da declaración do suxeito pasivo e verificada pola Administración en casos nos que as instalacións incorporen sistemas de medida de cantidade de substancias contaminantes emitidas.

Artigo 12º

Nos supostos de focos emisores que non contengan aparellos de medición a que se refire o artigo anterior, procederá a determinación da base imponible mediante a estimación obxectiva que resulte dos indicadores que se aproben por decreto, tomando en consideración os parámetros máis significativos.

Artigo 13º

A Administración poderá sinalar de oficio, coa información dispoñible, a base que lle corresponda a aquel suxeito pasivo que, incumprindo as normas fiscais, fíxese imposible a súa determinación a través das vías ordinarias previstas no presente decreto.

Artigo 14º

O gravame sobre a contaminación atmosférica esixirase conforme á seguinte tarifa por tramos de base:

Tramos de base	ptas./t
1º.- De 0 a 1.000 t anuais.	0
2º.- De 1.001 a 50.000 t anuais.	5.000
3º.- De 50.001 t anuais en adelante	5.500

Artigo 15º

O gravame devengarase no momento da emisión de calquera das substancias contaminantes gravadas.

CAPÍTULO III**Outras normas****Artigo 16º**

Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar unha declaración liquidación segundo o modelo aprobado para o efecto, dentro de cada mes, ante a delegación da Consellería de Economía e Facenda correspondente.

A devandita declaración liquidación referirase á base imponible acumulada no ano ata o final do mes inmediatamente anterior, ingresándose a diferenza que resulte entre a cota correspondente á dita base e a ingresada nos meses anteriores referida ó exercicio obxecto de liquidación.

No mes de xaneiro presentarase a declaración liquidación correspondente a decembro. Ademais, nos tres primeiros meses de cada ano, e no modelo que para tal efecto se aprobe, presentarase un resumo anual.

Os ingresos correspondentes efectuaranse na caixa da delegación territorial da Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 17º

Non estarán obrigados a presentalas correspondentes declaracións liquidacións mensuais e o resumo anual, os suxeitos pasivos que, respecto dun foco emisor, non superasen as 800 toneladas emitidas das substancias gravadas no ano inmediato anterior.

Nestes casos, se ó longo dun exercicio se chegasen a supera-las 1.000 toneladas emitidas, presen-

taranse as oportunas declaracións liquidacións a partir do mes seguinte a aquel en que se producise esa circunstancia e, no prazo indicado no artigo precedente, o correspondente resumo anual.

Da forma expresada no parágrafo anterior procederán os suxeitos pasivos titulares de novos focos emisores a partir da súa posta en funcionamento.

Artigo 18º

As declaracións liquidacións presentadas conforme ós artigos anteriores serán obxecto de comprobación por parte dos Servizos de Xestión da Delegación Territorial de Economía e Facenda e, para estes efectos, poderase solicitar dos servizos técnicos da Consellería de Industria e Comercio a información precisa.

Artigo 19º

Contra os actos de xestión, liquidación, inspección e recadación do tributo poderase reclamar ante o Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da vía contenciosa.

Artigo 20º

As infraccións tributarias do imposto sobre a contaminación atmosférica serán cualificadas e sancionadas de acordo co establecido na Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira. Os titulares de focos emisores en funcionamento á entrada en vigor da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica deberán efectuar a declaración a que se refire o artigo 9.3º deste decreto no prazo do mes seguinte ó da entrada en vigor deste.

Segunda. O decreto que fixe os indicadores utilizados para o sistema de determinación obxectiva da base á que se refire o artigo 12 será aplicable, se é o caso, ós feitos imposíbles producidos a partir do 1 de xaneiro de 1996.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

Primeira. Facúltase o conselleiro de Economía e Facenda para dicta-las normas necesarias para o desenvolvemento do presente decreto.

Segunda. O presente decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de xaneiro de mil novecentos noventa e seis.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

El impuesto sobre la contaminación atmosférica de Galicia

Profesor Titular de Derecho
Financiero y Tributario.
Universidad de Barcelona

Luis Manuel Alonso González

1. La protección del medio ambiente atmosférico

“El aire es un elemento indispensable para la vida y, por tanto, su utilización debe estar sujeta a unas normas que eviten el deterioro de su calidad por abuso o uso indebido del mismo, de tal modo que se preserve su pureza dentro de unos límites que no perturben el normal desarrollo de los seres vivos sobre la tierra ni atenten contra el patrimonio natural y artístico de la Humanidad, que esta generación tiene el deber de proteger para legar un mundo limpio y habitable a las generaciones futuras. El aire, por otra parte, es un bien común limitado y, por tanto, su utilización o disfrute deberá supeditarse a los superiores intereses de la comunidad frente a los intereses individuales.

La saturación de la atmósfera –es decir, el agotamiento de todas sus posibilidades de asimilación de nuevos contaminantes por haberse alcanzado los niveles de contaminación máximos le-

galmente admisibles-, producida por las emisiones de contaminantes provenientes de las actividades ubicadas en una zona determinada, deberá encontrar como justificación, en último extremo, un adecuado retorno a la comunidad en forma de un mayor bienestar para la mayoría de los individuos que la componen. Por consiguiente, la saturación del medio atmosférico por las emisiones de un foco contaminador perteneciente a una actividad que, aun cumpliendo las normas sobre niveles máximos de emisión, aporte a la comunidad unos beneficios que no compensen los perjuicios que produce a la salud pública, podrá ser declarada ilegal, y la actividad causante de esta perturbación podrá ser sometida, por la fuerza del Derecho, a normas de emisión e inmisión más estrictas con el fin de dejar paso a otras actividades que satisfagan mejor los intereses económicos, sociales y comunitarios. Es, pues, necesario considerar que las normas sobre las emisiones e inmisiones son índices que no deben ser considerados como valores absolutos, sino que, según las condiciones de cada caso particular, pueden ser ajustadas en orden a su integración en un sistema de optimización”.

El texto reproducido se corresponde con un fragmento de la Exposición de Motivos de una norma de especial importancia en la protección del aire, la Ley 38/1972, de Protección de la Contaminación Atmosférica. Y si se ha traído a colación no es, desde luego, por su actualidad: ha pasado casi un cuarto de siglo desde su promulgación y hasta el más lego en la materia podría adivinar que un lapso temporal de esas dimensiones hace mella en una norma destinada a la protección del medio ambiente, materia ésta siempre sujeta a cambios de enfoque y al avance constante que experimentan las técnicas de protección. No, se ha elegido este texto y no otro porque condensa un buen número de los problemas que, en términos generales, suscita la degradación del medio ambiente natural y las iniciativas para contrarrestarla.

Por outro lado, interesa aludir á presunción *ius tantum* recollida no art. 6.2 da lei, xa que "se presumirá realizado o feito im-
 poñible en tanto as instalacións emisoras non cesen na súa actividade e tal circunstancia sexa posta en coñecemento da Administración"; con esta norma non só se confirma a idea –xa adiantada– de que a realización de cada feito im-
 poñible se verifica de forma continuada no tempo senón que, con independencia deste fraccionamento temporal articulado sobre a base do período impositivo e do devengo, se considera ademais que a xeración dos diferentes feitos im-
 poñibles se opera temporal-

⁶¹ Así o entendeu a STC 197/1992, do 19 de novembro (f.x. 5º).

⁶² En efecto, a teor do art. 8.2 "la cuantificación de la base im-
 ponible se referirá al año natural", e o dereito a esixilo tributo, como se sabe, "expresa el momento en que se ha realizado el hecho imponible y nace la obligación tributaria o el derecho de crédito a favor del sujeto activo" (STS do 16-XII-1983).

⁶³ Idéntica circunstancia foi advertida por ADAME MARTÍNEZ ó estudia-lo Imposto balear sobre Instalacións que Incidan no Medio Ambiente ("El impuesto sobre instalaciones...", *ob. cit.*, p. 459).

⁶⁴ No caso doutros impostos semellantes ó galego, como é o Imposto sobre o Dióxido de Carbono e a Enerxía (previsto na proposta de directiva comunitaria do 30-VI-1992), non só se prevén exencións obxectivas de carácter técnico senón tamén exencións subxectivas; (*vid.* HERRERA MOLINA e SERRANO ANTÓN: "La protección fiscal del medio ambiente...", *ob. cit.*, pp. 50-51).

mente de modo ininterrompido; ou dito doutra forma, o que en realidade se presume é que os procesos productivos das instalacións industriais contaminantes rara vez se deteñen e, de aí, que o suxeito pasivo deba comunicarlle á Administración en que momento cesan as emisións gasosas. Sen embargo, se a presunción do art. 6.2 pretende incidir indirectamente na cuantificación do elemento obxectivo do feito impositivo máis que na existencia mesma deste, ó noso entender, iso só ten sentido cando a determinación da base impositiva se efectúe utilizando o método de estimación obxectiva [art. 10.1 b)] pero non, en troques, cando a base constituía unha medición directa do elemento obxectivo do feito impositivo [art. 10.1 a)] xa que, neste segundo caso, bastará coa simple comprobación da cantidade detectada polos mecanismos de medida das substancias contaminantes para apreciarse se se realizou ou non o presuposto de feito do tributo e, en caso afirmativo, con que alcance cuantitativo.

Por tanto, no caso de aplicación do método de estimación directa de bases, a presunción do art. 6.2 supón un deber adicional para o suxeito pasivo respecto da obriga de incorporar técnicas de medición de substancias contaminantes; é dicir, na nosa opinión, a *probatio diabólica* que pesa sobre o obrigado tributario (demostrando que non se emiten gases prexudiciais para o medio ambiente⁶⁵) dalgún modo vén exceptualo réxime xeral que sobre estimación directa de bases impositivas prevé o art. 48 da LXT⁶⁶.

Polo que respecta ós suxeitos pasivos, ou sexa, “os titulares das instalacións ou actividades que emitan as substancias contaminantes gravadas” (art. 7), a súa configuración debe poñerse en relación co concepto de “foco emisor” (art. 9.1) xa que este aglutina o conxunto de instalacións emisoras dos gases nocivos para a atmosfera. En consecuencia, esta nova expresión acuñada pola lei galega refírese non só ó feito impositivo (xeograficamente cada foco emisor determinará a realización dun feito impositivo) senón tamén ó suxeito pasivo, xa que cada contribuínte deberá satisfacerlo tributo –en forma de autoliquidación– por tódolos focos de emisión dos que sexa titular⁶⁷, e, finalmente, tamén alude á base impositiva, en canto suma das substancias contaminantes expulsadas por un mesmo foco emisor⁶⁸.

c) O concepto de “foco emisor” e a súa incidencia no ámbito de aplicación do tributo

O Imposto sobre a Contaminación Atmosférica recae, como di o art. 3 da lei, “sobre as emisións nas que os seus focos se atopan situados dentro do ámbito territorial da Comunidade Au-

⁶⁵ Se ben, a rixidez da proba dos feitos negativos pretende temperala o lexislador autonómico ó intentar reconducilo deber do suxeito pasivo a unha simple comunicación ó órgano administrativo competente: “... tal circunstancia sea puesta en conocimiento de la Administración”; (a cursiva é nosa).

⁶⁶ En efecto, a teor deste precepto, “la determinación de las bases tributarias en régimen de estimación directa *corresponderá a la Administración* y se aplicará sirviéndose de las declaraciones o documentos presentados, o de los datos consignados en libros y registros comprobados *administrativamente*”; (a cursiva é nosa).

⁶⁷ Cfr. art. 15 da lei. Non obstante, o art. 17 do Regulamento do imposto establece un mínimo exento para declarar nos seguintes termos: “Non estarán obrigados a presenta-las correspondentes declaracións liquidacións mensuais e o resumo anual, os suxeitos pasivos que, respecto dun foco emisor, non superasen as 800 toneladas emitidas de substancias gravadas no ano inmediato anterior”.

⁶⁸ Vid. art. 8.1 da lei.

tónoma". As dificultades para encadrar xeograficamente a contaminación atmosférica obrigan a buscar un punto de referencia estable para efectos tributarios; esta referencia territorial dá o concepto de foco emisor. É certo que deste xeito se escapará do ámbito do tributo a contaminación xerada noutros territorios pero que faga senti-los seus efectos en Galicia, pero esta é a consecuencia inevitable de que a contaminación non coñeza fronteiras⁶⁹. Hai, xa que logo, que aclarar qué se considera foco emisor.

O concepto de foco emisor atópase definido na lei (art. 9). Para os efectos da norma legal considérase foco emisor "o conxunto de instalacións de calquera natureza que emitan á atmosfera substancias contaminantes gravadas"; exclúe, pois, a lei as fontes produtoras móbiles (vehículos) e as de orixe natural (incendios, animais)⁷⁰.

A lei cualifica como foco emisor o "conxunto de instalacións de calquera natureza". Segundo esta dición cabería considerar como foco emisor un conxunto de instalacións emprazadas nun mesmo lugar pero sen conexión entre si. Isto pode provocar equívocos, que tenderán a ser frecuentes en áreas de forte concentración industrial. Pensemos que en zonas industriais pode suceder que exista unha pluralidade de fontes produtoras de contaminación atmosférica que encaixarían perfectamente, sen ser individualizadas, na definición descrita. Máis ben, debería terse feito referencia a que o conxunto de instalacións deben estar destinadas ó mesmo fin ou pertencer á mesma empresa.

Pode contribuír a esvaer esta ambigüidade a creación do rexistro que prevé o apartado segundo do art. 9, xa que no rexistro os focos aparecerán individualizados. Neste artigo exprésase que "a Administración establecerá o rexistro obrigatorio dos focos emisores, así como das súas características e incidencias". Queda para un desenvolvemento normativo posterior a configuración concreta do rexistro; non obstante, temos un dato claro sobre o alcance que terá o rexistro: será obrigatorio para tódolos focos emisores. Non cabe, entón, que aqueles focos que polo momento se atopan no primeiro tramo do gravame, que opera cun tipo cero (polo que quedan exentos de imposición), non figuren no rexistro.

Non hai dúbida de que do correcto funcionamento do rexistro dependerá, en boa medida, o do propio tributo ambiental⁷¹. Tres elementos incidirán de forma crucial na articulación do rexistro: o deseño inicial das súas características, o funcionamento dos servizos de inspección ambiental e a colaboración interadministrativa.

⁶⁹ Neste sentido, algúns autores apuntan á necesidade de que se creen exaccións medioambientais de natureza global e ampla base territorial, tendo en conta que os problemas ecolóxicos actuais superan as fronteiras dos diferentes estados; *vid.*, por exemplo, CARBAJO VASCO, D., "La imposición ecológica...", *ob. cit.*, p. 11.

⁷⁰ C. ALONSO, (*ob. cit.*, p. 173), clasifica as fontes de produción de contaminación atmosférica en antropoxénicas (vehículos, actividades industriais, vivendas e outros locais) e bioxénicas (fontes naturais de contaminación). Non cabe dúbida da maior influencia do primeiro tipo de fontes nos males que sofre o aire hoxe en día; sen embargo, tampouco hai que despreza-los efectos que as fontes naturais poden ter no incremento do impacto: lémbrese, por exemplo, a alarma creada polo estoupido do volcán de Pinatubo ou pola elevada produción de metano nas zonas gandeiras.

⁷¹ No ámbito ambiental é frecuente a creación de rexistros, catálogos ou mapas como forma de recollida de información e control da realidade tutelada. Sirvan como exemplos o catálogo de especies ameazadas que prevé a Lei 4/1989, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres; o Rexistro de espazos naturais do que fala a Lei 1/1995 de protección ambiental de Galicia; o Rexistro de asociacións de protección ambiental que creou o Decreto 88/1987, ou o Rexistro de empresas adheridas ó sistema comunitario de ecoxestión e ecoauditoría do Regulamento 1836/93.

No que toca ó establecemento do rexistro, a Administración autonómica deberá determinar qué datos se fan constar nos seus libros. Ademais do emprazamento dos focos emisores, a lei falla de que deben constar as súas características e incidencias. Dentro das características cremos que sería necesario facer constar a actividade productiva á que se dedican e quén son os titulares das instalacións. Sería positivo que se indicase no rexistro os dispositivos de control da contaminación de que dispón a empresa e a tecnoloxía que se utiliza no proceso productivo. No apartado de "incidencias" deberían relacionarse os datos dos controis de emisións dos focos e os efectos comprobados destas emisións. Os datos que consten no rexistro poden proceder da propia empresa, despois dunha verificación por parte da Administración. Para isto, a Administración pode recorrer ós seus servicios de inspección ou, unha vez que o sistema de ecoauditoría ambiental se implante, ás declaracións ambientais validadas das empresas adheridas ó sistema⁷².

O eficaz funcionamento dos servicios de inspección autonómicos ten unha importancia inequívoca para a boa marcha do tributo. Deles dependerá a comprobación dos niveis de emisións para a correcta determinación da base imponible. Para estes efectos o Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental⁷³, xoga un papel esencial na delimitación e regulación da actividade inspectora.

Dentro das atribucións que lles confire o decreto de inspección ós servicios competentes, está a de exercer a función inspectora "con posterioridade á posta en marcha da actividade, co obxecto de comprobar que se cumpren de maneira continuada as condicións marcadas nos instrumentos preventivos, así como as sinaladas por calquera outra prescripción legal" (art. 12). Sen ningún xénero de dúbida esta previsión acolle a posibilidade de que se inspeccione o cumprimento dos datos que figuran no rexistro e se proceda, no seu caso, á súa actualización ou corrección.

No exercicio da actividade inspectora cabe reclamá-lo auxilio doutras administracións. O propio Decreto 156/1995 alude á posibilidade de que se establezan relacións de cooperación e coordinación interadministrativas. Ademais da necesidade de colaboración entre Administración autonómica e local, o decreto aludido prevé que a Administración autonómica poida demandalo auxilio da local para o exercicio das competencias en materia de inspección. Este auxilio poderá incluí-la remisión da información ou os expedientes necesarios á Xunta de Galicia para que esta comprobe a efectividade da aplicación da lexislación autonómica e estatal (art. 45).

⁷² A aplicación do Regulamento comunitario 1836/93 de ecoxestión e ecoauditoría vai contribuír decisivamente á difusión da información ambiental das empresas. A obriga de elaborar unha declaración medioambiental como resultado da auditoría para poder acceder ó recoñecemento público, que será validada por verificadores independentes, é unha fonte de información de primeira man sobre o proceso productivo e as emisións das empresas.

⁷³ DOGA do 5 de xuño.

É de agardar que os lazos de colaboración que establece este decreto sexan de grande utilidade para a posta en marcha do tributo que nos ocupa. A elaboración do rexistro de focos emisores é un traballo arduo se se quere que sexa completo tanto no número de focos rexistrados como nas súas características (independentemente de que, polo de agora, a maior parte dos focos rexistrados van entrar dentro do primeiro tramo da tarifa cun tipo cero). A colaboración dos concellos permitirá obter unha relación máis detallada dos focos, ademais de poñer en práctica o que debe ser un dos principios centrais de toda política medioambiental: a colaboración entre os distintos entes administrativos implicados na súa tutela.

d) Base imponible e tipo de gravame

A base imponible deseñada polo lexislador autonómico para o Imposto sobre a Contaminación Atmosférica é unha base expresada en unidades non monetarias, xa que se cifra en toneladas anuais de gases expulsados á atmosfera (dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno, e compostos osixenados dos dous anteriores); a raíz desta primeira articulación do art. 8.1, adóptase un tipo de gravame que, con independencia da nimia progresividade amosada pola tarifa impositiva, pode cualificarse de gradual⁷⁴, ou sexa, aquel en que "varía la suma de dinero a aplicar sobre la base según una escala en función de su magnitud"⁷⁵. En efecto, pese á declaración programática contida na exposición de motivos da lei, onde se fala de "tarifa de carácter progresivo"⁷⁶, o certo é que a anunciada progresividade se encontra notoriamente minguada ante a existencia de, tan só, tres tramos –máis un cuarto previsto polo art. 12.2, pero a aplicación do cal non se producirá antes do ano 2000 (disposición adicional da lei)–.

O primeiro dos citados tramos de base imponible (de 0 a 1.000 toneladas anuais) rexistra un tipo impositivo cero; pola contra, o potencial recadador do tributo maniféstase no segundo e terceiro tramo, xa que á emisión comprendida entre 1.001 e 50.000 toneladas/ano se lle aplica un gravame de 5.000 pesetas/tonelada, e, respectivamente, por riba das 50.000 toneladas/ano o tipo estipulado é de 5.500 pesetas/tonelada (art. 12.1)⁷⁷. Sen ningunha dúbida, a estrutura do primeiro tramo é un dos indicadores que permiten cualifica-lo imposto galego como tributo extrafiscal, posto que, ó exonerar de gravame "los focos que no sean grandes emisores"⁷⁸, créase un estímulo para a posta en marcha –na medida do posible– de tecnoloxías capaces de reducir as emisións por debaixo das 1.001 toneladas/ano. Sen embargo, como advertimos máis arriba, neste punto fórmulase

⁷⁴ En cambio, no ámbito da Comunidade Europea e en relación ó actualmente estudado Imposto sobre o Dióxido de Carbono e a enerxía, prevese un tipo de gravame específico; para este efecto *vid.*, entre outros, HERRERA MOLINA e SERRANO ANTÓN ("La protección fiscal del medio ambiente...", *ob. cit.*, p. 51), e ADAME MARTÍNEZ, F. D., ("El impuesto sobre instalaciones...", *ob. cit.*, pp. 457-458, nº 70 e 72).

⁷⁵ Cfr. MARTÍN QUERALT, LOZANO SERRANO, CASADO OLLERO e TEJERIZO LÓPEZ, *Curso de Derecho Financiero y Tributario*, 6ª ed., Tecnos, Madrid, 1995, p. 365

⁷⁶ *Vid.* parágrafo 2º do apartado III do preámbulo da lei.

⁷⁷ Precisamente, foi na tarifa impositiva onde o lexislador autonómico introduciu maiores novidades respecto do proxecto de lei enviado ó Parlamento rexional polo executivo; en efecto, a lei definitiva veu a potencia-lo nivel recadador do tributo, xa que no proxecto a tarifa só prevía dous únicos tramos onde o primeiro fixaba un mínimo exento ata unha emisión de 1.500 toneladas/ano, en tanto que o segundo tramo aplicaba un gravame de 5.500 pesetas/tonelada por riba da cifra anterior.

⁷⁸ Cfr. parágrafo 2º do apartado III da exposición de motivos da lei.

o problema de determinar se a mencionada tarifa impositiva reflicte en termos exactos o custo social que representa a emisión de gases nocivos para o medio ambiente⁷⁹; a solución deberá pasar, ó noso entender, pola aplicación de tipos impositivos o máis axustados posible ós resultados dos estudos técnicos e sociolóxicos sobre a degradación medioambiental, pola obxectividade dos cales deberá velar, para efectos de modificación da tarifa impositiva, a Comisión Galega do Medio Ambiente (art. 5.2).

Por último, merece unha mención á parte a previsión legal sobre os diferentes métodos de determinación da base imponible. A este respecto o art. 10 estipula a aplicación dos réximes de estimación directa e obxectiva –por índices ou módulos–, quedando supeditados os supostos desta última á súa fixación por un decreto da Xunta; como sinala autorizada doutrina, a estimación directa “es el método que mejor se adecúa a medir la capacidad económica real del sujeto gravado”⁸⁰, e esta última, como xa examinamos, no noso caso tradúcese na “capacidade contaminante” potencialmente reflectida na titularidade dunha masa patrimonial, ou máis concretamente, dun conxunto de instalacións industriais cuns peculiares caracteres desde o punto de vista medioambiental. Por outro lado, convén resaltar cómo –baixo a equívoca expresión “determinación de oficio”– o art. 11 encerra unha auténtica autorización para aplica-lo réxime de estimación indirecta⁸¹; con todo, trátase dunha norma superflua ante a ausencia da cal a lei non sufriría lagoa de ningún tipo, tendo en conta que os presupostos e procedemento deste réxime de determinación de bases se achan contidos na LXT⁸².

4. Conclusións

Da análise realizada ata o momento en torno ó Imposto sobre a Contaminación Atmosférica da Comunidade Autónoma galega podemos extrae-las seguintes conclusións:

1ª) O Imposto sobre a Contaminación Atmosférica responde ó novo enfoque do dereito ambiental que busca a colaboración dos axentes sociais na protección do medio. Este enfoque, especialmente acentuado coa aprobación do 5º Programa de acción comunitario en materia de medio ambiente, sen dúbida contribuirá a que a industria asuma a súa responsabilidade na xénese da contaminación.

2ª) A Comunidade Autónoma galega goza de competencia exclusiva para dictar *normas adicionais* ás estatais sobre conservación e preservación do medio ambiente; sobre a base desta titularidade competencial, Galicia atópase plenamente lexitimada

⁷⁹ A este respecto, o lexislador galego declara que os dous tramos con resultado *recadador* “teñen unha pretensión basicamente de carácter compensatorio e por iso se estableceu a un nivel moderado en termos comparados” (apartado III da exposición de motivos da lei).

⁸⁰ Vid. MARTÍN QUERALT, LOZANO SERRANO, CASADO OLLERO e TEJERIZO LÓPEZ, *Curso de Derecho Financiero...*, ob. cit., p. 361.

⁸¹ A teor deste precepto “la administración podrá señalar de oficio, con la información disponible, la base que corresponda a aquel sujeto pasivo que, incumpliendo las normas fiscales, hiciese imposible su determinación a través de las vías ordinarias previstas en la presente ley”.

⁸² Concretamente nos artigos 50 e 51, á súa vez desenvolvidos polo art. 64 do Regulamento xeral da inspección dos tributos (Real decreto 939/1986, do 25 de abril).

para crear un tributo que, respectando a distribución do poder tributario entre os distintos entes territoriais, así como os principios de xustiza tributaria do art. 31 da Constitución, se destine a financiar-la asunción da dita competencia.

3ª) Á vista da competencia asumida por Galicia e chegado o momento de inclinarse pola categoría tributaria máis idónea, parece acertada a decisión do lexislador autonómico de optar polo imposto en detrimento da taxa ou o prezo público. As razóns que aconsellan a elección da figura impositiva descansan en que o imposto é a categoría tributaria que mellor reflicte o custo social derivado da deterioración medioambiental, sempre e cando posúa claras connotacións extrafiscais.

4ª) O carácter extrafiscal dos tributos, é dicir, o predominio das súas finalidades económico-sociais por riba das simplemente recadoras, é algo que se acha admitido non só a nivel de lexislación ordinaria (art. 4 da LXT) senón tamén pola propia doutrina do Tribunal Constitucional, quen o encontra latente nos principios rectores da política social e económica (STC 37/1987, do 26 de marzo).

5ª) O Imposto sobre a Contaminación Atmosférica posúe perfís que, con independencia do seu potencial recador, permiten cualificalo de imposto extrafiscal e incluso ecolóxico. Esta apreciación fundaméntase en dous feitos certos: a) o custo que representa a degradación ambiental faise recaer sobre os grandes axentes contaminantes, a quen o tributo deberá estimular para adoptar medidas correctoras capaces de reducir –na medida do posible– as emisións de substancias nocivas para o medio ambiente, e b) a análise dos tramos da tarifa impositiva permite afirmar que a medida que se cumpren os fins de política ambiental diminúe a capacidade recadora do imposto. A partir destas formulacións de *lege data*, falta por averiguar se o tributo vai ser na práctica tan eficaz como o lexislador prevé, é dicir, se en verdade será capaz de cumprir os obxectivos descritos para os que, polo menos en teoría, foi creado.

6ª) A finalidade extrafiscal do imposto galego non está reñida co principio de capacidade económica, xa que, se esta se manifesta *v. gr.*, en forma de posesión dun patrimonio, no caso do tributo estudiado resulta patente a titularidade polo suxeito pasivo dunhas complexas instalacións industriais dotadas de clara "capacidade contaminante". Por outro lado, a solidariedade colectiva implicitamente amparada polo principio constitucional de capacidade económica entronca claramente co sentido da máxima "quen contamina paga", segundo a cal é necesario internaliza-los custos sociais derivados do prexuízo ambiental.

7ª) O carácter "afectado" do Imposto sobre a Contaminación Atmosférica implica o cumprimento de dúas esixencias de índole presupostaria: a) as cantidades destinadas pola Comunidade Autónoma de Galicia a políticas de conservación e preservación do medio ambiente serán, como mínimo, iguais ó importe do recadado polo citado tributo e, b) os remanentes de créditos presupostarios derivados da súa recadación non deberán ser anulados ó final de cada exercicio económico e, pola contra, deberán integrarse nos estados de gastos do período presupostario seguinte.

8ª) Por último, e atendendo ás súas características xurídico-tributarias, o Imposto sobre a Contaminación Atmosférica pode ser cualificado de imposto real, obxectivo, directo e periódico. **CE**

Bibliografía citada

- ADAME MARTÍNEZ, F. D., "El impuesto sobre instalaciones que incidan en el medio ambiente de la Comunidad Autónoma de Baleares", *Civitas-REDF* n° 79/1993.
- ALBIÑANA GARCÍA-QUINTANA, C., "Los impuestos de ordenamiento económico", *Hacienda Pública Española* n° 71/1981.
- ALONSO GARCÍA, C., *El régimen jurídico de la contaminación atmosférica y acústica*, Marcial Pons, Madrid, 1995.
- BALL, BELL, *Environmental Law*, Blackstone, London, 1994.
- CARBAJO VASCO, D., "La imposición ecológica en España. El caso de la fiscalidad de las aguas", *Impuestos* n° 21/1993.
- "Los impuestos ecológicos en la Comunidad Económica Europea", *Noticias-CEE* n° 71/1990.
- CASADO OLLERO, G., "Los fines no fiscales de los tributos", en *Comentarios a la Ley General Tributaria y líneas para su reforma. Homemaje a Fernando Sainz de Bujanda*, vol. I, IEF, Madrid, 1991.
- CHECA GONZÁLEZ, C., "El Impuesto sobre tierras infrautilizadas de la Comunidad Autónoma Andaluza", *Impuestos* n° 6/1987.
- "Los impuestos con fines no fiscales: notas sobre las causas que los justifican y sobre su admisibilidad constitucional", *Civitas-REDF* n° 40/1983.
- DELGADO, A., "La sentencia del Tribunal Constitucional sobre la Ley de Reforma Agraria andaluza y el Impuesto sobre Tierras Infrautilizadas", *Civitas-REDF* n° 61/1989.

- FERNÁNDEZ RAMOS, "Aproximación al sistema comunitario de etiquetado ecológico", *Revista de Derecho Ambiental* n° 13.
- FERREIRO LAPATZA, J. J., *Curso de Derecho Financiero Español*, 17ª ed., Marcial Pons, Madrid, 1995.
- GARCÍA FRÍAS, A., "Los fines extrafiscales en las tasas", en *Tasas y precios públicos en el ordenamiento jurídico español*, IEF-Marcial Pons, Madrid, 1991.
- GIAMPIETRO, F., "Bilancio ambientale ed eco-audit: le prospettive nel diritto comunitario ed italiano", *Rivista giuridica dell'ambiente* n° 1/1995.
- HERRERA MOLINA e SERRANO ANTÓN, "La protección fiscal del medio ambiente en la Comunidad Europea a la luz de la Constitución", *Noticias-CEE* n° 117/1994.
- JIMÉNEZ HERNÁNDEZ, J., "El tributo ecológico y su carácter extrafiscal. Un estudio de las figuras autonómicas", *Impuestos* n° 1/1996.
- LEJEUNE VALCARCEL, E.: "Aproximación al principio constitucional de igualdad tributaria", en *Seis estudios de Derecho Constitucional e Internacional Tributario*, Edersa, Madrid, 1980.
- LOPERENA ROTA, D., "Tratamiento jurídico de la protección de la atmósfera", *Civitas-REDA* n° 81/1994.
- MARTÍN MATEO, R.: "El derecho a la atmósfera", *RAP* n° 121/1990.
El hombre, una especie en peligro, Campomanes libros, 1993.
Nuevos instrumentos para la tutela ambiental, Trivium, Madrid, 1994.
- MARTÍN QUERALT, LOZANO SERRANO, CASADO OLLERO e TEJERIZO LÓPEZ, *Curso de Derecho Financiero y Tributario*, 6ª ed., Tecnos, Madrid, 1995.
- OCDE, *Instruments économiques pour la protection de l'environnement*, París, 1989.
L'étiquetage écologique des produits dans les pays de l'OCDE, París, 1991.
- RAMALLO MASSANET, J., "La asimetría del poder tributario y del poder de gasto de las Comunidades Autónomas", *Revista Española de Derecho Constitucional* n° 39/1993.
- RAMOS MORENO, A., *Los gastos con financiación afectada*, Banco de Crédito Local, Madrid, 1990.
- ROSEMBUIJ, T., *El tributo ambiental*, PPU, Barcelona, 1994.
- SAINZ DE BUJANDA, F., *Hacienda y Derecho*, vol. II, Instituto de Estudios Políticos, Madrid, 1962.
- SERRANO MORENO, *Ecología y Derecho*, ed. Comares, Granada, 1992.
- STOBER, R., *Derecho administrativo económico*, MAP, Madrid, 1992.
- VV.AA., *Le droit à l'information en matière d'environnement*, *Stary Scientia*, Bruxelles, 1991.



XURISPRUDENCIA

Motivación das resolucións xudiciais e tutela efectiva. A propósito da Sentencia 32/1996, do 27 de febreiro, do Tribunal Constitucional

Profesor titular de dereito administrativo.
Universidade de Santiago de Compostela

Pablo González Mariñas

O artigo 120.3 da CE establece, como é sabido, que “as sentencias serán sempre motivadas...”. Trátase dun precepto constitucionalmente novo: non hai outro semellante en toda a longa serie histórica de constitucións españolas e, na orde comparada, só o artigo 11 da Constitución italiana contén un mandato expreso semellante. E constitúe a motivación unha esixencia que afecta non só ás sentencias, senón tamén ós autos e que opera como “medio de exteriorizar, esto es de dar a conocer, el desarrollo del juicio mental realizado por el órgano jurisdiccional (unipersonal o colegiado) para llegar a la emisión de su declaración de voluntad (fallo). La motivación es, por tanto, una garantía para el justiciable, en cuanto el juez

ha de dar razones para absolver o condenar transformando el juicio lógico, de secreto en patente, con lo que se ponen los medios para la extensión de su conocimiento, no sólo a las partes sino a terceros" (Serrano Alberca).

Sendo isto así, resulta palmar a conexión lóxica do mandato do artigo 120.3 cos contidos no 9.1. (suxeición dos poderes públicos á Constitución), 9.3. (interdicción da súa posible arbitrariedade), 24.1. (tutela xudicial efectiva) e 117.1. (submisión ó Ordenamento xurídico).

Desde esta base, o noso Tribunal constitucional tivo ocasión de irse perfilando ó alcance da esixencia de motivación das sentencias xudiciais. E, para sermos sinceros, temos que recoñecer que a súa doutrina non adoita amosar unha esixencia rigorosa de tal motivación. Hai si algúns pronunciamentos en amparos nados de sentencias penais que, en medio doutros moi flexibles e compracentes, apuntan en liña de rigor. Así ocorre cando o TC destaca que o artigo 120 da Constitución, ó esixila motivación da sentenza esixe tamén a motivación en canto a conexión das probas practicadas ós feitos declarados probados, por canto apreciar en conciencia (cfr. artigo 741 da Lei de axuizamento criminal) non significa apreciar arbitraria ou caprichosamente (o cal está proscrito constitucionalmente segundo recollen os autos do Tribunal Constitucional 199/82, 342/82 e 146/83). Polo tanto, a esixencia de motivación non se limita á descrición da operación puramente automática de inclusión dos feitos na norma xurídica aplicable, senón que debe alcanzar a facer explícitos os pasos lóxicos de valoración das consecuencias dos feitos, é dicir, cómo se declaran probados estes feitos a partir da proba de cargo practicada e qué conexión argumental precisa e directa une ambos: proba de cargo e feitos declarados probados. E cando o xulgador non expresa o *iter* racional que o levou, desde a apre-hensión e valoración das probas practicadas, ó xuízo de certeza e conseguinte imputación á persoa determinada, atácase o principio de interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos indisolublemente ligado á mesma obriga de motivar as resolucións xudiciais.

O mesmo acontece cando, nunha orde máis xeral, se conecta a obriga de motivar coa tutela xudicial efectiva en razón dos fins mesmos que a motivación persegue. Neste sentido, o TC vén poñendo de relevo que o dereito á tutela xudicial efectiva, recoñecido no art. 24.1. CE, se satisfai cunha *resolución fundada en dereito que apareza suficientemente motivada*. A esixencia da motivación, que xa podería considerarse implícita no sentido propio do citado art. 24.1, aparece terminantemente clara nunha interpretación

sistemática que considere o dito precepto na súa relación co art. 120.3 C.E. (SSTC 14/1991, 28/1994, entre outras).

E esta esixencia constitucional da motivación das resolucións xudiciais aparece plenamente xustificada sen máis que subliñar os fins ós que tende aquela (SSTC 55/1987, 131/1990, 22/1994, 13/1995, entre outras): a) Ante todo aspira a facer patente o sometemento do xuíz ó imperio da lei (art. 117.1 C.E.) ou, máis amplamente, ó ordenamento xurídico (art. 9.1 C.E.), o que de redundar en beneficio da confianza nos órganos xurisdiccionais; b) Máis concretamente a motivación contribúe a "logra-la convicción das partes no proceso sobre a xustiza e corrección dunha decisión xudicial", co que pode evitarse a formulación de recursos; c) E para o caso de que estes cheguen a interpoñerse, a motivación facilita "o control da Sentencia polos tribunais superiores, incluído o TC a través do recurso de amparo". En último lugar, *se a motivación opera como garantía ou elemento preventivo fronte á arbitrariedade* (SSTC 159/1989, 109/1992, 22/1994, 28/1994, entre outras), *queda claramente xustificada a inclusión daquela dentro do contido constitucionalmente protexido polo art. 24.1 CE.*

Sen embargo, as cousas cambian cando a doutrina constitucional matiza a amplitude da motivación das sentencias. De igual forma que o TS fixo cos actos administrativos (por referencia ós artigos 43 LPA e 54 LXPAC), o TC amósase polo xeral flexible en canto ó contido e alcance de motivación das sentencias e autos dos tribunais. A esixencia constitucional, vén reiterando o Tribunal, "non autoriza a esixir un razoamento xudicial exhaustivo e pormenorizado de tódolos aspectos e perspectivas que as partes poidan ter da cuestión que se decide, senón que deben considerarse suficientemente motivadas aquelas resolucións xudiciais que veñan apoiadas en razóns que permitan coñecer os criterios xurídicos esenciais fundamentadores da decisión (STC 14/1991), é dicir, a *ratio decidendi* que determinou aquela (SSTC 28/1994 e 153/1995)".

Ben pode entenderse polo dito que atopar unha sentenza do TC que estime un amparo por deficiente motivación dunha resolución xudicial constitúa interesante obxecto de atención. É o que ocorre coa Sentencia 32/1996, do 27 de febreiro (BOE nº 80, do martes 2 de abril), dictada en recurso de amparo 28/1994.

Non é necesaria unha descrición pormenorizada dos feitos e dos complicados avatares do proceso en cuestión. En síntese, o solicitante de amparo impugnara determinados acordos dunha sociedade anónima, solicitando a súa nulidade en procedemento


civil de contía indeterminada. Foi condenado na sentenza, que lle impuxo, ademais, custas. Practicada a taxación de custas, o actor impugnou por excesivos os honorarios de letrado da sociedade. Nese momento, e con indubidable erro e esquecemento desta impugnación, o Xulgado de Primeira Instancia aprobou a taxación de custas con carácter definitivo. Un novo auto do xulgado corrixiu o erro, cando xa o actor interpuxera a demanda de amparo contra o primeiro, "por non conter fundamentación suficiente". En todo caso, o TC estende a súa *cognitio* ó conxunto final integrado polo auto orixinario e o de aclaración.

O importante é, sen embargo, determinar se a fundamentación ou motivación das resolucións xudiciais en cuestión resultaba suficiente. Pois ben, o xulgado operara no auto orixinario practicamente unha desestimación implícita da impugnación do recorrente contra os que entendía excesivos honorarios do letrado da empresa. E no auto de aclaración limitárase a recoñecer, corrixiendo o seu anterior erro, que non había conformidade do actor coa desestimación, xa que a taxación de custas fora en efecto impugnada por el en razón de honorarios indebidos e excesivos. Pero nada máis engadía de carácter substantivo.

Pois ben, o TC, pola sentenza que comento, outórgalle o amparo, anula os autos do Xulgado de Primeira Instancia por vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva e ordena restablecer ó recorrente na integridade do dereito vulnerado, retrotraendo as actuacións ó momento anterior de dictarse os autos recorridos, *para que se dicte unha nova resolución suficientemente motivada*. A súa fundamentación acerca da deficiencia motivadora dos autos controvertidos é concluínte: "o razoamento –di– queda reducido á indicación de que a taxación de custas fora impugnada polos conceptos de honorarios indebidos e excesivos, o que integra a mera constatación dun dato procesual, sen ningunha construción xurídica que permita conecta-la desestimación da impugnación relativa ó carácter excesivo dos honorarios coas normas e principios do ordenamento xurídico ó que queda sometido o xuíz (arts. 9.1. e 117.1 C.E.).

Diso deriva, na perspectiva constitucional propia do recurso de amparo, que na unidade que integran os dous autos aquí impugnados falta a motivación necesaria para expresar "os criterios xurídicos esenciais fundamentadores da decisión" (STC 153/1995), é dicir, a *ratio* por virtude da cal o tema debatido –cualificación de excesivos para os honorarios impugnados, dada a contía indeterminada fixada no proceso– se decidía nun sentido desestimador da impugnación formulada polo agora recorrente, o que implica unha vulneración do dereito á tutela xu-

dicial efectiva, dado que, como se dixo, a motivación se integra dentro do seu contido constitucionalmente protexido”.

De feito, a sentenza é superadora doutros criterios anteriores máis flexibles ou dúctiles sobre a esixencia constitucional de motivación das resolucións xudiciais. A conexión ó artigo 24.1 CE resulta unha vez máis fundamental, xa que é este o precepto que con maior eficacia vén posibilitando a debida garantía cidadá, con enorme diferenza por certo respecto doutros dereitos ou principios (artigo 14, por exemplo) case inanes ou vítimas de interpretacións restrictivas. A liña, pois, da STC 32/1996 é positiva. Claro que aínda así non se solucionan tódolos problemas da motivación. O recente e brillante traballo de Alejandro Nieto (*El dorso metalegal de las resoluciones judiciales*, Civitas, 1993; homenaxe ó profesor González Pérez) abre outras moitas perspectivas a este tema apaixonante. En qué medida a motivación, por coidada a rigorosa que sexa, actúa como explicación razoada do proceso mental, aséptico e legal, do xulgador ou, ó contrario, como simple apósito xustificador *a posteriori* dunha mera intuición subxectiva e metalegal do xusto, é xa outra cousa. O dilema xustiza formal-xustiza material pode chegar a revelar-la relativa impotencia de moitas institucións garantes (formais) que, sen embargo, hai que coidar e extremar, como o TC fai nesta sentenza. 



CRÓNICA

PARLAMENTARIA

O territorio como elemento constitutivo da Comunidade Autónoma de Galicia

Lerrado do Parlamento.
Profesor de dereito
constitucional

Xosé Antonio Sarmiento Méndez

¹ Pode consultarse o seu manual *Derecho Constitucional*, Tecnos, Madrid, 1987, 3ª edición, pp. 95 e seguintes. O autor refire o traballo clásico de Santi Romano "Osservazioni sulla natura giuridica del territorio dello Stato", ADP, 1902, en *Scr. minori* I, 1949. Nesta orde de cousas, Biscaretti considera o territorio non só como unha condición necesaria e externa para a existencia do Estado, senón como un elemento que "intervén intrinsecamente para constituílo".

² As formulacións que refiren o elemento territorial como esencial para a caracterización de certas organizacións sufriron serias

1. Introducción

Como é ben sabido, dentro das clasificacións tradicionais dos elementos constitutivos do Estado a doutrina máis autorizada (Biscaretti di Ruffia¹) adoita cita-lo territorio, a poboación e o Goberno.

No esquema institucional das comunidades autónomas é posible traslada-lo elemento territorial como un dos que integran necesariamente a delimitación da Comunidade Autónoma conforme ó previsto no artigo 147 da Constitución española, ó enumera-lo contido mínimo dos estatutos de autonomía².

Son moi abundantes as referencias constitucionais e estatutarias ó territorio. Deste xeito, e sen ánimo exhaustivo (ademais do xa citado artigo 147. 2º.b)), o propio artigo 149 da Consti-

tución considera competencias nos seus apartados 22º a 25º, que, como xa estudiamos noutro lugar³, dun xeito ou doutro afectan ós aspectos territoriais das comunidades autónomas. A xurisprudencia do Tribunal Constitucional (SS 227/88 e 13/92, entre outras) encargáronse de subliñar cómo as competencias enumeradas nestes apartados, a pesar do seu encabezamento, teñen un carácter compartido, e deben cohonesta-la existencia de atribucións para as comunidades autónomas⁴.

O artigo 2 do Estatuto de autonomía de Galicia especifica claramente que a organización territorial galega terá en conta a distribución da poboación e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamento. A carón desta proclamación de carácter político contense un mandato ó lexislador, ó que se lle encomenda a aprobación dunha lei que regule a organización territorial propia de Galicia de acordo co Estatuto de autonomía.

Á hora de regula-las competencias autonómicas, o Estatuto, no seu artigo 27, apartado 3º, clasifica como exclusiva para a Comunidade Autónoma de Galicia a ordenación do territorio e do litoral, entre outras. Pero sen dúbida, e como apuntamos⁵, é o título III do Estatuto o que, ó regula-lo réxime da Administración pública galega, no seu artigo 40, posibilita o recoñecemento da comarca como entidade local con personalidade xurídica e demarcación propias, á vez que non implicará a supresión dos municipios que a integran. Ó mesmo tempo, trátase das agrupacións territoriais baseadas en feitos urbanísticos, e recoñécese a personalidade xurídica da parroquia rural a través da oportuna lei parlamentaria.

A cuestión obxecto de análise dista moito de formularse cun carácter estrictamente técnico. As implicacións políticas que nun país tan desvertebrado politicamente como o galego ten a organización territorial, provoca que a regulación xurídica desta materia se vexa notablemente influída polo que Blanco Valdés denominou recentemente elites representativas dos partidos⁶, no noso caso as distintas elites locais, é dicir, os distintos centros de poder que no seo dos partidos políticos se atopan establecidos nos campos poboacionais de Galicia.

Este carácter esencialmente político provocou, sen dúbida, a imposibilidade dun consenso unánime ó redor do desenvolvemento territorial da Comunidade Autónoma galega. É lamentable que unha materia coma a que nos ocupa, que podería facilmente inserirse dentro das susceptibles de tratamento a través dunha lei de desenvolvemento estatutario (artigo 126 do Regulamento do Parlamento de Galicia), non puidese dar lugar ó necesario consenso en ningunha das dúas ocasións en que a Cá-

críticas doutriniais, como as de Ferrara: *Teoría de las personas jurídicas*, p. 67, ou Kelsen: *Teoría general del Derecho y del Estado*, Madrid, 1934, pp. 50 e ss.

Nembargantes, no noso dereito o Tribunal Supremo aceptou a distinción clásica entre entes territoriais e non territoriais. (Así, a Sentencia do 8 de xullo de 1983).

³ Estámomos a referir ó noso traballo "Análise constitucional e estatutaria da competencia autonómica en materia de estradas", publicado na *Revista Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, volume IV, nº 2, 1995. Nese lugar ocupámonos da distribución de competencias da materia e dos problemas que no dereito galego provocou a aprobación da lei autonómica de estradas. Igualmente atinente á temática territorial, na REGAP nº 7: "A administración portuaria e a súa lexislación específica: notas acerca do proxecto de lei de creación do ente público Portos de Galicia".

⁴ A xeneralidade dos estatutos de autonomía, de conformidade co artigo 148.1.3 do texto constitucional, refiren a materia do territorio; así, entre outros: art. 10.31 do Estatuto do País Vasco, 9.9 do catalán, 13.8 do de Andalucía, 31.9 da Comunidade Valenciana ... Neste sentido, pode consultarse: *Régimen de distribución de competencias entre el Estado y las Comunidades Autónomas. Ordenación del Territorio, Urbanismo y vivienda*, MAP, Colección Informes y Documentos, Serie Administraciones Territoriales, Madrid, 1993.

⁵ "O desenvolvemento estatutario", no boletín informativo nº 2 *Xustiza e Sociedade de Galicia*, 1991, no que apuntábase a defectuosa técnica do Estatuto de autonomía neste punto

ó incluír dentro do título reservado á Administración pública cuestións atinentes á organización territorial galega. Neste mesmo lugar chamábase-la atención sobre a gravidade da ausencia de desenvolvemento estatutario na materia territorial no momento de cumprirse un decenio da aprobación do Estatuto de autonomía para Galicia.

⁶ Así, Roberto L. Blanco Valdés: "La democracia y el poder de los partidos", *Claves de razón práctica* nº 63, xuño 1996, pp. 31 e ss, onde o autor analiza problemas claramente conexos cos que formula a falta de vertebración política dun país, como son a ausencia de democracia interna nos partidos e a manipulación das elites dirixentes dos mesmos.

⁷ Vid. *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* nº 47, do 7 de febreiro de 1995 (debate do proxecto de lei de ordenación do territorio) e nº 74, do 24 de novembro de 1995 (debate do proxecto de lei de desenvolvemento territorial).

⁸ Pode consultarse o seu libro *Escritos de Derecho Constitucional*, Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1983, no que trata os límites que esta figura debe gardar dentro da lóxica do estado constitucional moderno.

⁹ En concreto, a meritoria tese de doutoramento de José Julio Fernández Rodríguez sobre esta institución, que tivemos ocasión de analizar no seu texto inédito.

¹⁰ Vid. o seu traballo "Aspectos jurídicos de la Ordenación del Territorio", *Cuadernos de documentación*, Instituto Nacional de Prospectiva, pp. 51 e ss.

mara se pronunciou ó respecto: o Proxecto de lei de ordenación do territorio e o Proxecto de lei de desenvolvemento comarcal de Galicia⁷.

A principal consecuencia desta situación foi o tardío tratamento lexislativo da materia territorial. A ausencia de desenvolvemento lexislativo do mandato estatutario, amais de deixar clara constancia dos problemas políticos de fondo, trae de actualidade a problemática das coñecidas pola doutrina (Konrad Hesse)⁸ como mutacións constitucionais (no noso ámbito mutacións estatutarias). Estámonos a referir á evidente fraude estatutaria en que incorre o lexislador que, de xeito deliberado, obvia a aprobación dunha das leis taxativamente previstas no Estatuto de autonomía de Galicia. En concreto, a categoría da inconstitucionalidade por omisión que acaba de ser estudiaada amplamente pola nosa doutrina⁹ atoparía un paralelismo no ámbito autonómico ó poder referir un pretendido "carácter antiestatutario por omisión", isto é, unha violación do marco institucional básico da autonomía que, segundo autores como Muñoz Machado, provocaría indirectamente a declaración de inconstitucionalidade do acto autonómico en cuestión.

Nesta orde de cousas, Sala Arquer¹⁰ xa apuntara a dificultade que ten o lexislador á hora de considerar nos textos normativos certos aspectos que, afectando ó territorio, presentan outras facetas notablemente problemáticas.

2. O carácter tridimensional do territorio na aplicación do marco estatutario

O territorio acaba de ser abordado polo lexislador galego dende unha triple consideración. En primeiro lugar, dende o punto de vista da ordenación territorial, entendendo por esta "o establecemento dun conxunto de criterios expresamente formulados como normas e plans que regulen as actuacións e os asentamentos sobre o territorio, co fin de conseguir unha axeitada interrelación entre poboación, actividades, servicios e infraestruturas co territorio no que se implanta". Doutra banda, o territorio considerouse dende o punto de vista da distribución comarcal e así se aborda esta materia coa finalidade de "establecer un marco normativo para o desenvolvemento comarcal a través dunha actuación territorial baseada na dinamización dos recursos endóxeos e das iniciativas locais, mediante a implantación gradual e participativa de plans de desenvolvemento comarcal que permitan a integración da planificación socioeconómica e a ordenación do territorio, así como a coordinación das distintas

administracións e dos investimentos públicos nos ámbitos comarcais que se configuran”.

Un terceiro aspecto que o legislativo ten pendente é o de aborda-las estruturas administrativas derivadas da oportuna distribución territorial, é dicir, a adaptación ó marco galego do réxime local que deriva da Lei de bases de réxime local de 1985 e do texto refundido de 1986. É dicir, en palabras de Massimo Severo Giannini¹¹, levar ó plano da “administración organización” os logros funcionais da “administración actividade”.

A. Ordenación territorial

A Carta europea de ordenación do territorio do 20 de maio de 1983 defínea como “a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda a sociedade”. Como recorda Bermejo Vera¹², esta concepción supón observa-la política territorial caracterizada polas seguintes notas:

- a) Democrática e participativa.
- b) Coordinadora das distintas políticas sectoriais.
- c) Funcional, de xeito que se respecten os valores das culturas rexionais e comarcais.
- d) Prospectiva, é dicir, que a ordenación considere as tendencias actuais e o desenvolvemento a longo prazo dos procesos económicos, sociais, culturais, ecolóxicos e medioambientais.

Os avatares legislativos da regulación da Lei de ordenación do territorio denotan o xa mencionado problema da ausencia dun carácter consensuado. A utilización do mecanismo das audiencias (*hearings* no dereito parlamentario británico) dentro da ponencia encargada do estudo do proxecto de lei remitido polo Goberno, non foron suficientes para xerar unha necesaria negociación global do texto, que acadou só certos graos de acordo no tocante á aprobación parlamentaria dalgúns dos instrumentos de ordenación do territorio, pero que deixou á marxe problemas tan transcendentais como a incorporación legislativa das comarcas e parroquias, e fundamentalmente a atribución ás mesmas de personalidade xurídica de seu.

O feito xa mencionado de que a Lei de ordenación do territorio se considerase na política legislativa do executivo de xeito conxunto coa de desenvolvemento comarcal e a de réxime local de Galicia provoca a necesidade dunha interpretación conxunta dos instrumentos normativos previstos nestas tres leis; manifestación clara desta situación é o curioso contido da disposición adicional terceira da Lei de desenvolvemento comarcal, que

¹¹ Tomámo-la terminoloxía utilizada por el no seu manual *Derecho Administrativo*, na edición castelá publicada polo MAP, Colección Estudos, Serie Administración General, Madrid, 1991, pp. 39 e ss.

¹² No seu volume colectivo *Derecho Administrativo. Parte especial*, pp. 455 e ss.

prevé que esta lei se deberá interpretar e aplicar en coordinación co contido do disposto nas leis autonómicas de Administración local (sic)¹³ e ordenación do territorio.

Un aspecto que non pode ser descoñecido é o da eventual colisión entre a normativa urbanística e a encargada de regular a ordenación do territorio, especialmente cando as instancias administrativas encargadas dunha e doutra actividade son distintas (comunidades autónomas e entidades locais). Este problema tentou solucionarse no dereito comparado a través da aprobación dunha lei unitaria que regule a ordenación do territorio e o urbanismo, tal e como foi abordado pola Comunidade Foral de Navarra¹⁴.

A obra ábrese cun título introductorio no que, en catro capítulos, se analizan con carácter xeral a responsabilidade derivada de actos legislativos e tratados internacionais, polo funcionamento da Administración de xustiza, e a estricta responsabilidade patrimonial das administracións públicas. Hai, respecto da primeira, unha clara conciencia e reacción fronte á innegable virtualidade limitativa, de delimitación e de ablación que pode derivar dos actos do poder legislativo e a moi criticada regulación do artigo 139.3 da LRXPA. A análise da responsabilidade polo anormal funcionamento da xustiza inclúe os pronunciamentos do Tribunal Constitucional e aborda as dificultades que a súa aplicación formula. A consideración global que neste título se efectúa da responsabilidade das administracións públicas enmarca, coa expresión dos grandes temas (responsabilidade e indemnización, clases, unidade de réxime, ámbito da LRXPA), o exhaustivo estudio que a continuación se efectúa da institución resarcidora.

Outros tres títulos, en efecto, estruturados en once capítulos e diversas seccións, danlle acabado tratamento á relación xurídica obrigacional (suxeitos, obxecto e contido), ó nacemento, modificación e extinción da responsabilidade, e ós procedementos para facela efectiva.

En todos eles o autor proporciona a súa persoal sistemática e criterio sobre os múltiples problemas xurdidos en materia de responsabilidade patrimonial. O carácter práctico da obra (que se constata, ademais do dito, polos completísimos índices analíticos legislativo e xurisprudencial) non impide, así, senón ó contrario, o contraste doutrinal de opinións sobre un instituto que con razón cualificaba Hauriou como verdadeira clave de bóveda do dereito administrativo. E neste sentido, o enfoque de González Pérez é sempre aquel tan reclamado de conciliar en materia de responsabilidade pública a defensa do individual coa dos intereses colec-

BIBLIOGRAFÍA E RECENSIÓNS

tivos: reclamar e defender nun sistema eficaz as conquistas garantidoras dos cidadáns sen incorrer en mesquiña agresividade coa Administración.

Unha obra, en fin, que hai que saudar con satisfacción e agradecemento, tanto desde o ámbito académico como funcionarial, xudicial e da avogacía. A súa capacidade de información, análise crítica, exhaustividade e enfoque así o xustifican. 

Pablo González Mariñas

Profesor titular de dereito administrativo

The Case for Bureaucracy

Charles T. Goodsell

Chatham House Publishers,
Chatham, New Jersey, 1994.

¹ Vid. FIORINA, M. P. e NOLL, R. G., "Voters, Legislators and Bureaucracy: Institutional Design in the Public Sector", en *American Economic Review*, vol. 68, nº 2, maio 1978, pp. 256-260.

² Vid. DE ANTEQUERA, JOSÉ M.^a, "Burocracia", en *Enciclopedia Moderna. Diccionario Universal de Literatura, Ciencias, Artes, Agricultura, Industria y Comercio*, tomo 6, Establecimiento Tipográfico de Mellado, Madrid, 1854, pp. 134-140.

³ Vid. VON MISES, LUDWIG, *Burocracia*, Unión Editorial, Madrid, 1974 (e.o. 1944), p. 16.

⁴ Vid. W. GOULDNER, ALVIN, "Metaphysical Pathos and the Theory of Bureaucracy" en *American Political Science Review*, vol. XLIX, xuño, 1955, pp. 496-507.

⁵ Vid. CAIDEN, G. E., "What Really is Public Maladministra-

A burocracia, entendida aquí como representación xenérica das organizacións que integran o sector público, foi tradicionalmente desprezada, escarnecida, aldraxada, insultada, reprobada e culpada de tódolos males que afectan ó bo discorrer da gobernación. Sen saír dos muros da academia podemos atopar moitos exemplos disto. Fiorina e Noll¹ fálannos de sinistras conspiracións entre burócratas e parlamentarios para incrementaren o gasto público; José M^a Antequera², no século XIX, berra contra a burocracia acusándoa de ser unha terrible carga para a poboación e un verdadeiro saqueo da economía nacional; Von Mises³ acúsaa de copia-los métodos totalitarios de Hitler e Stalin. Non faltan as metáforas médicas entre os críticos; Alvin Gouldner⁴, sen ir máis lonxe, compáraa coa parálise infantil, e G. Caiden⁵ elabora unha lista exhaustiva de patoloxías e disfuncións asociadas á burocracia (dun modo similar ó que se adoita usar cando se fala do tabaco ou da

droga), como o engano, a arbitrariedade, a arrogancia, o papela-me e incluso, entre outras moitas, a anorexia, a paranoia e a perversidade. No marxismo, as reaccións contra a burocracia foron moi temperás, anteriores incluso á constitución de estados socialistas. Bakunin denunciou a burocracia da internacional obreira, Korsch alertou contra a burocracia implícita nas formulacións leninistas, as consecuencias da cal comezaban a ser visibles nos inicios do novo Estado soviético⁶. Unha vez instaurados estes réximes, as críticas endurecéense máis aínda, se é posible. Bruno Rizzi⁷, Claude Lefort⁸ e Milovan Djilas⁹ van se-los principais denunciadores dos horrores burocráticos destes novos réximes políticos. As críticas do totalitarismo nazi chaman tamén a atención sobre os perigos dun poder absoluto destas organizacións novas, deseñadas dun xeito maquinal e dotadas dunha perversa racionalidade¹⁰.

Fóra da academia, o panorama non é moito mellor. A literatura describe a burocracia como un mundo sombrío, case subterráneo, de "covas" e lóbregas oficinas, sen por iso renunciar á linguaxe despectiva. Cando Dostoievsky describe en *Crime e castigo* a humillación sufrida polo dexenerado Marmeladov nun tugurio, un dos insultos que lle lanzan os borrachos que habitan o lugar é o de "burócrata". Galdós, con *Miau*, pinta o triste mundo do cesante, Balzac dedica un dos libros da súa *Comedia humana* a facer un fresco da vida do funcionariado francés do XIX, o mesmo que fará Dickens con respecto a Inglaterra na súa *Pequena Dorrit*. Kafka, nas súas obras *O proceso* e *O castelo*, e Stanislav Lem, coas súas *Memorias atopadas nunha bañeira*, vannos introducir, a través do relato de procedementos xudiciais absurdos ou a descrición de monstruosos edificios sen principio nin fin, no comportamento absurdo, inhumano e desprovisto de sentimentos das grandes organizacións contemporáneas. George Orwell e Aldous Huxley píntannos, por outra banda, un cadro aterrador do que pode ser un mundo burocratizado e racionalizado por completo en dúas magníficas distopías, *1984*, e *Un mundo feliz*. Arnold Toynbee comparará, nun dos capítulos do seu monumental *Estudio da historia*, as sociedades burocratizadas con sociedades de insectos, como as abellas ou as formigas, na que cada individuo é consciente do seu sitio na sociedade e o seu comportamento vén dictado desde que nace, non podendo saírse das normas que previamente lle foron impostas. A literatura popular e pseudo-científica, as revistas de humor e os caricaturistas completan a faena de destrución dos poucos restos de dignidade que lle puidesen quedar á pobre burocracia. Para comprobalo só hai que ve-las viñetas do debuxante Pablo tituladas "A oficina sinistra", ou a serie de chistes gráficos que sobre a Administración pública fai Forges en *El País* e que, non o esquezamos, son creadoras de opinión pública.

tion?", en *Public Administration Review*, vol. 51, nº 6, nov./dec. 1991, pp. 486-493.

⁶ Sobre este tema *vid.*, por exemplo, MORO, A. M., *La cara pétrea de Marx*, ed. Queimada, Madrid, 1979.

⁷ *Vid.* RIZZI, BRUNO, *La burocratización del mundo*, ed. Península, Barcelona, 1980.

⁸ *Vid.* LEFORT, CLAUDE, *¿Qué es la burocracia?*, Ruedo Ibérico, París, 1970.

⁹ *Vid.* DJILAS, MILOVAN, *La nueva clase*, Edhasa, Madrid, 1957.

¹⁰ *Vid.*, por exemplo, NEUMANN, R., *Behemoth*, FCE, Madrid, 1986; ARENDT, HANNAH, *Los orígenes del totalitarismo*, Taurus, Barcelona, 1984.

Poucas foron as voces que se alzaron contra tales ataques, e as poucas que houbo, fixérono con bastantes matices. Max Weber¹¹, que na súa obra mestra, *Economía e sociedade*, describe a burocracia como a forma organizativa máis racional e eficaz xamais inventada, non pode deixar de manifestar nesta mesma obra o temor que lle produce o poder desmesurado que pode chegar a ter. Só un discípulo de Weber, P. M. Blau¹², se atreve a pronunciar algunhas palabras en defensa desta forma organizativa, argüíndo que é unha necesidade da economía moderna e resaltando a súa eficacia e o seu carácter igualitario. Piven e Cloward, no seu célebre estudio sobre a pobreza, refírense en termos positivos á burocracia. John Kenneth Galbraith¹³ fálanos tamén das grandes organizacións como unha consecuencia ineludible do sistema capitalista, ben debido a necesidades de concentración, ben debido á necesidade de establecer poderes compensadores, e non pinta estas organizacións con tons moi sombríos.

Ninguén máis chegou nunca ó atrevemento de Charles T. Goodsell. Este, sen ningún tipo de recato, ousa desafiar a sabedoría convencional, que nos di que a burocracia é algo que se debe perseguir, e afirma todo o contrario, é dicir, que a burocracia (refírese especialmente á burocracia dos EEUU pero moitas das súas conclusións son extrapolables a outros contornos) funciona, e funciona ben, e o público está satisfeito con ela.

Goodsell, destacado dirixente da ASPA (*American Society for Public Administration*), entidade que, entre outras funcións, ten a da defensa do sector público, publicou en 1983 unha primeira edición deste libro: unha defensa descarada das burocracias públicas, segundo Golembiewsky¹⁴, que no seu día provocou unha tremenda polémica e se converteu a partir de entón, 1983, na biblia dos defensores do sector público. A presente edición, nova por completo, recolle as achegas e as críticas máis recentes á súa obra anterior.

A intención do libro é moi simple: golpear duramente toda a mitoloxía antiburocrática, desvelando o resentimento que esconde e presentando a burocracia pública como unha excelente estrutura organizativa. Para facer isto, non dubidará en facer uso de todo tipo de armas. Non dubida, por exemplo, en utilizar técnicas cuantitativas e sondaxes de opinión para demostrar a satisfacción dos cidadáns coa burocracia, a súa efectividade e a súa capacidade de face-lo imposible. Goodsell vai usar tamén a artillería pesada da súa brillante argumentación lóxica para gañar a guerra, como cando, por exemplo, salienta a contradicción entre temerlle á burocracia pola súa dinámica expansiva e totalizadora e referirse a continuación a ela como unha estrutura organizativa lenta, torpe e ineficaz. ¿Como pode ser dinámico e expandirse rapidamente algo torpe e lento? ¿Como pode ser temible algo así?

¹¹ Vid. WEBER, MAX, *Economía y Sociedad*, Fondo de Cultura Económica, México, 1977, pp. 695-753.

¹² Vid. BLAU, P. M., *La burocracia en la sociedad moderna*, Paidós, Bos Aires, 1971.

¹³ Vid. a triloxía de GALBRAITH: *El nuevo estado industrial*, Sarpe, Barcelona, 1985; *El capitalismo americano*, Ariel, Barcelona, 1971; *La sociedad opulenta*, Planeta-Agostini, Barcelona, 1992.

¹⁴ Vid. T. GOLEMBIEWSKY, ROBERT, *Practical Public Management*, Marcel Dekker, Nova York, 1995, p. 8.

Os ataques á mitoloxía antiburocrática van ser feitos desde varios flancos. Primeiro, Goodsell vai tratar de desenmascara-los inimigos da burocracia e as súas mañas. Non dubida en atacar ferozmente e buscar contradicións en toda a literatura antiburocrática; tampouco en desvelar, con evidencias empíricas, a falsidade de moitos dos estereotipos imperantes sobre as organizacións públicas. Imputaralles tamén ós políticos a inconsistencia, contradición e a imposibilidade de consecución das metas que teñen que cumprilos burócratas.

Por outra banda, no libroponse moita énfase na defensa do persoal ó servizo da Administración pública. Os funcionarios son xente ordinaria, non son xente sen cabeza nin sen alma. O último flanco polo que contraataca será o de amosa-la tremenda variedade de organizacións que hai no sector público. Non tódalas burocracias son grandes e malas, a maioría non son tan grandes nin tan malas. A Administración pública é un fenómeno extremadamente complexo.


Goodsell logra, en boa parte, o seu obxectivo. Consegue facer dubida-lo máis pintado inimigo da burocracia. Pero non dubida en recorrer á guerra sucia, nunca xustificable aínda que sexa para unha boa causa, para levar a cabo os seus obxectivos. Non ten reparos en descontextualizar autores para facelos coincidir coas súas teses, feito do que podemos dar, como mostra, dous exemplos. En primeiro lugar, cita como paladín da súa causa a Patrick Dunleavy (*vid.* pp. 21-22 e 144-45), como crítico do modelo de Niskanen e as súas teorías sobre a maximización do presuposto. Isto é certo, pero de aí podería deducirse que Dunleavy é un defensor da burocracia, cando en realidade o que fai é elaborar un modelo de comportamento burocrático máis plausible e adaptado á realidade (que chama Bureau-Shaping) có de Niskanen, que estaría caracterizado, non pola maximización do presuposto, senón pola maximización dun benestar determinado, na súa maior parte, pola maximización da autonomía orzamentaria¹⁵. Un segundo exemplo sería o uso que fai das conclusións do libro de Blais e Dion¹⁶. Non di nada incorrecto pero dilúe o feito de que aínda que os burócratas non se beneficien persoalmente dos incrementos dos presupostos (xa sabiamos que os burócratas non son uns individuos perversos que buscan explota-lo pobre contribuínte para satisfaceren os seus perversos vicios), si que teñen estratexias maximizadoras dos mesmos e si que inciden no incremento do gasto público. As razóns polas que o fan deben pasar a un segundo plano. O importante son as consecuencias, que Goodsell trata de diluír non referíndose a elas, sobre o conxunto do gasto público do país e sobre a economía nacional.

Con todo, en conxunto o libro é fascinante e probablemente se converta axiña nun libro de culto. A prosa é espléndida, escrita

¹⁵ *Vid.* DUNLEAVY, P., *Democracy, Bureaucracy and Public Choice*, Harvester-Wheatsheaf, Londres, 1991; "Bureaucrats, Budgets and the Growth of the State: Reconstructing an Instrumental Model", en *British Journal of Political Science*, vol. 15, nº 3, xullo 1985, pp. 299-328.

¹⁶ *Vid.* Blais, André e Dion, Stéphan, "Conclusion: Are Bureaucrats Budget Maximizers?", en Blais, A. e Dion, S. (eds.), *The Budget-Maximizers Bureaucrat*, University of Pittsburgh Press, Pittsburgh, 1991, pp. 355-361.

BIBLIOGRAFÍA E RECENSIÓN

nun ton polémico e agresivo. As argumentacións son brillantes e as críticas son mordaces e incisivas. A recompilación bibliográfica é impresionante e constitúe unha grande axuda para aqueles que, como o que escribe estas liñas, se está introducindo no complexo mundo das organizacións públicas. Trátase dun libro que, como diría Galbraith, contribúe a cuestionar-la sabedoría convencional sobre a burocracia e a vela, cando menos, con outros ollos. 

Miguel Anxo Bastos Boubeta

Profesor de ciencia política e da Administración.
Universidade de Santiago de Compostela

*Tutela do medio ambiente,
especialmente en materia
de costas*

De la Huerga Fidalgo, Gonzalo

EGAP, Santiago de Compostela, 1993.

A obra do maxistrado De la Huerga Fidalgo *Tutela do medio ambiente, especialmente en materia de costas* ten a súa orixe nunha lección pronunciada con motivo do curso sobre "Augas e costas" organizado polo Consello Xeral do Poder Xudicial, en febreiro de 1993.

O tema abordado na obra, o medio ambiente e a protección ambiental, é un daqueles dos que se pode dicir que na actualidade existe un clima de opinión en tódolos países industrializados. O autor comeza poñendo de relevo cómo as actuacións dos movementos ecoloxistas, as declaracións internacionais –máis ou menos demagóxicas–, a multiplicación de convenios internacionais, a actividade normativa da Comunidade Europea e a multiplicación da lexislación interna, son boa mostra de que o tema preocupa e iso, principalmente, debido ó empobrecemento dos bens am-

bientais e da deterioración de recursos que viñan sendo considerados como inesgotables. Neste sentido, sinálase cómo os recursos mariños deixaron de ser un ben *nullius* para converterse en algo común exposto a perigos importantes e desastres danosos que esixen a batalla da normativización; ou o que é o mesmo, a intervención do dereito como instrumento civilizado de ordenación, ó tempo que se reivindica a necesidade de que esta intervención normativa presente un alcance internacional.

O dereito ambiental adquiriu o seu actual auxe na Conferencia das Nacións Unidas realizada en Estocolmo en 1972, seguida doutras moitas –a máis recente, a realizada en Río de Xaneiro en 1992–. A ONU institucionalizou o chamado “Programa para o medio ambiente” (PNUMA), con sede en Nairobi, e a “Comisión Mundial de Medio Ambiente e Desenvolvemento”. De la Huerga sinala que a importancia destes acordos radica en que supoñen a toma de conciencia e a asunción de compromisos de conducta, se ben, na maioría das ocasións, quedan en meras declaracións de intencións por mor da falta de institucións e instrumentos xurídicos de carácter ordinario que garantan o cumprimento dos ditos acordos. Neste sentido, principios de dereito internacional público como o que veda a utilización do propio territorio para ocasionar danos no territorio doutro Estado –principio de indubidable transcendencia en materia de protección medioambiental– foron traídos a colación nalgunhas sentencias do Tribunal Permanente Internacional de Xustiza –caso da responsabilidade de Albania polas minas colocadas no Canal de Corfú ou da demanda de Australia e Nova Celandia contra Francia en relación coas probas nucleares que este país realizaba no Pacífico (desgraciadamente de novo de actualidade)–.

No ámbito do dereito comunitario, o art. 25 da Acta única europea de 1986 engadiu un t. VII ó Tratado da CEE, baixo o rótulo “Medio Ambiente”, indicándose no art. 130 R) do mesmo os obxectivos da acción da Comunidade neste campo –conservar, protexer e mellora-la calidade do medio ambiente; contribuír á protección da saúde das persoas; garanti-la utilización prudente e racional dos recursos naturais– e os principios que deben guiala mesma –acción preventiva; corrección dos ataques ó medio ambiente na propia fonte e o coñecido principio “quen contamina paga”–. Os arts. 130 R), 130 S) e 130 T) foron modificados polo Tratado de Maastricht, sendo o cambio máis significativo introducido –á marxe de dar unha redacción máis contundente ó art. 130 R), incluír neste, a cooperación internacional con outros estados ou institucións como obxectivo, e posibilita-la adopción de medidas provisionais por motivos ambientais non económicos– a substitución do sistema de unanimidade polo de maioría

dos estados membros para a adopción das accións que deba emprender a Comunidade neste ámbito (art. 130 S).

No dereito interno, a CE de 1978 recolle, no seu art. 45, o medio ambiente como obxecto dun dereito de goce, á vez que impón un deber persoal e colectivo de conservación do mesmo, encomendándolles ós poderes públicos a tutela da utilización racional dos recursos naturais para a defensa e restauración do medio ambiente, ó tempo que prevé sancións administrativas e penais para o caso de violación das normas tuitivas do mesmo, sen prexuízo, claro está, da obrigaón de reparalos danos causados. Pola súa parte, as CCAA asumiron, de maneira xeral, nos seus estatutos, a competencia para arbitrar medidas complementarias de protección que lles outorga con carácter dispositivo a CE –arts. 148.9 e 149–. O autor conclúe o seu periplo polos entes xurídico-políticos con competencias normativas en materia de medio ambiente, facendo referencia ás administracións municipais, sinalando que o planeamento urbanístico e a facultade de concesión de licencias para as denominadas actividades clasificadas son os medios de intervención daquelas nesta materia, á marxe da competencia residual que lles atribúe a LBRL de 1985.

Sen embargo, malia este complexo sistema de fontes de normas de tutela ambiental, o autor non atopa un campo de relacións sociais cunha peculiaridade que esixa a conformación dun conxunto de normas específicas que conformen o que podería denominarse un ordenamento sectorial, bastando, ó seu xuízo, que se descubra e enuncie un conxunto de postulados inspiradores de todo este complexo normativo, derivados da necesidade de conservación e mellora do medio. Entre estes postulados, De la Huerga cita o principio de prevención, a avaliación dos presupostos técnicos, a contemplación global do medio, o alcance universal dos efectos, a necesaria intervención de tódalas administracións, a participación dos individuos –a este respecto suxire a creación dun servizo civil obrigatorio para a defensa do medio ambiente da comarca onde se viva– e, por último, en relación coa reparación dos danos producidos ó medio ambiente, debe procurarse que se realice *in natura*, utilizando as posibilidades que nos brindan os adiantos técnicos e evitando, na medida do posible, a comodidade de acudir ó procedemento da reparación por equivalente pecuniario e isto fundamentalmente en tanto en canto se evitan así as consecuencias negativas que para o medio natural poden derivarse duns danos determinados, a cuantificación dos cales no momento presente non é posible por non seren aquelas predicibles.

En relación coas técnicas xurídicas de protección do medio ambiente, o autor alude a dúas categorías xerais das mesmas; a saber, as fundadas na coacción ou na imposición imperativa de

determinadas medidas coercitivas e as fundadas no acordo ou no consenso –como exemplo destas, cita as negociacións entre a Administración e os axentes contaminantes no caso da retirada dos cloro-fluorcarbonados polas empresas fabricantes dos mesmos–. Á marxe desta clasificación en función do modo de imposición das medidas tuitivas do medio ambiente, De la Huerga sistematiza as técnicas xurídicas de protección do medio ambiente seguindo o esquema clásico de medidas de carácter preventivo –a información e a educación, a planificación, a prohibición e a autorización, a avaliación de impacto ambiental e as medidas que denomina de “compensación-estimulación” e de disuasión, así como os mecanismos propios do mercado–, medidas de control –art. 16 RSCL– e medidas represivas. Entre estas últimas inclúe, loxicamente, as sancións administrativas –multas, suspensións de actividade e clausura das mesmas–, as sancións penais –caso dos denominados delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente regulados nos art. 325 e ss. do novo Cp– e as medidas de índole civil de reparación do dano causado. Neste sentido e sen ignora-la transcendencia do dereito público neste ámbito, non cabe nega-lo papel que pode desempeña-lo dereito privado. Papel acaso subsidiario da non aplicación das leis ou do defectuoso control das actividades potencialmente xeradoras de danos medioambientais, pero non por iso carente de interese. A propia xurisprudencia da Sala Primeira do TS entende que as cuestións que se lle formulan –reparacións de danos causados por fumes, gases, trepidacións, ruídos, vertidos,...– non pertencen ó medio ambiente, senón ás relacións de veciñanza, responsabilidade civil ou abuso do dereito. Neste sentido, é acertada a afirmación do autor cando sinala que “también a través de las relaciones de simple vecindad es posible llegar también por la vía civil a la protección del medio ambiente general, cuando este resulta afectado en una relación entre simples individuos”.

En canto ó problema da lexitimación dos cidadáns individuais para acudir ante a Administración ou ante os tribunais contencioso-administrativos solicitando a adopción das medidas en que se desenvolvan as técnicas antes aludidas, De la Huerga, con apoio na xurisprudencia do TS e en resolucións do TC, sinala as dificultades existentes no noso Ordenamento xurídico para configurar un dereito fundamental ou un simple dereito subxectivo ó medio ambiente –como fixo na nosa doutrina, entre outros, Delgado Piqueras–. Dificultades que non se estenden á configuración dun interese –interese que nos atrevemos a cualificar como “interese lexitimo”– como lexitimador de accións administrativas ou xudiciais tanto individuais como de asociacións ou de organizacións ambientais (art. 32 LXC-A e art. 7.3 LOPX). Desta forma, o autor únese á doutrina maioritaria no noso país que considera que o feito

de non afirma-la existencia dun dereito subxectivo do cidadán ó ambiente, está lonxe de quitarlle calquera valor xurídico ó mesmo, configurándose como unha expectativa xurídica marcada polo seu carácter de "principio rector da política social e económica". O medio ambiente representa intereses difusos (o "interese difuso" foi definido na nosa doutrina por Lozano-Higuero e Pinto como aquel "interés de un sujeto jurídico en cuanto compartido por una universalidad, grupo, categoría, clase o género de los mismos; cuyo disfrute, ostentación y ejercicio son esencialmente homogéneos y fungibles, y que adolece de estabilidad y coherencia en su vinculación subjetiva, así como de concreción normativa orgánica en sus tutelas material y procesal") ou colectivos que residen na colectividade e que, aínda sendo xerais, non son públicos.

En canto ós elementos obxecto de protección, a obra limita a súa análise, como se deduce do propio título da mesma, ás costas. Sen embargo, como ben sinala o autor, este elemento da codia terrestre non é algo tan delimitado e illable, desde o punto de vista físico, como a primeira vista puidese parecer, posto que o concepto de "costa" fai referencia ó enlace entre as augas mariñas e a terra adxacente ás mesmas ou influída directamente polas mesmas, ó tempo que tampouco resultan alleas as capas atmosféricas inferiores e o resto das augas.

Dada esta situación, De la Huerca analiza a normativa tuitiva das augas e fondos mariños, con especial atención ós convenios internacionais ratificados polo Estado español (os acordos resultantes das conferencias internacionais de 1954 e 1962; a Convención de Bruxelas de 1969; o Convenio de Londres de 1973; o Convenio das Nacións Unidas sobre o dereito do mar de Montego Bay de 1982, entre outros) e ó dereito comunitario (a Directiva 464/76, que establece o sistema de control da contaminación en calquera clase de augas; a Directiva 91/271, sobre vertidos de augas residuais urbanas e outras directivas específicas nas que se establecen límites e obxectivos de calidade para determinados minerais contaminantes).

O autor pon de relevo que a promulgación da Lei de costas do 28 de xullo de 1988 consagrou a introducción no noso dereito dos criterios do dereito comunitario nesta materia (art. 58 da precitada lei), recollendo, por unha parte, un elenco de rigorosas condicións para a autorización de vertidos no relativo ó prazo máximo dos mesmos, instalacións, volume, límites cualitativos e avaliación dos seus efectos, e, por outra parte, confírelle á Administración competente a facultade de modifica-las condicións de autorización sen dereito a ser indemnizado o titular da mesma, sempre e cando as circunstancias que motivaron o seu outorgamento variasen ou sobreviñesen outras que, de existir no momento da conce-

sión da mesma, xustificaría a súa denegación ou o seu outorgamento en termos distintos, ó tempo que se faculta a Administración para decreta-la suspensión da autorización en tanto non se cumpran as novas condicións. Pola súa parte, o R.D. 258/89, do 10 de marzo, introduciu expresamente no noso ordenamento xurídico as directivas do Consello da Comunidade 76/464 e 86/280, que constitúen a normativa fundamental na materia. Por outra parte, a Lei de costas prevé un réxime sancionador de carácter administrativo.

En canto ó solo costeiro, a referencia normativa está constituída pola mencionada Lei de costas de 1988 e o seu Regulamento, aprobado polo R.D. do 1 de decembro de 1989 –coas modificacións derivadas da STC do 17 de outubro de 1991, que se recollen no R.D. do 18 de setembro de 1992–. Esta normativa constitúe, en palabras do autor, “la regulación para el titular de una pertenencia pública de los poderes propios de su administración en relación con los derechos de los posibles usuarios de la misma”.

O autor conclúe a súa obra cunha referencia á Comunidade Autónoma galega como país ribeirán. Galicia asumiu, nos arts. 27 e 29 do seu Estatuto de autonomía, competencia, en forma de execución da lexislación do Estado en materia de medio ambiente. Transferida a dita competencia polo R.D. do 20 de xuño de 1984, polo D. 80/84, do 24 de maio, créase, dentro do Goberno galego, a “Comisión Delegada de Medio Ambiente”, coa finalidade de asegurar e coordina-la unidade de programación dos proxectos e actividades do Goberno autonómico. Pola súa parte, o D. do 27 de decembro de 1984 crea as denominadas “comisións provinciais de medio ambiente”, con competencias fundamentalmente ligadas á información sobre actividades clasificadas e á vixilancia de cumprimento da normativa ambiental. O D. do 13 de setembro de 1990 crea unha “Inspección Ambiental”, con funcións preventivas en canto ás actividades que se establezan no futuro e con funcións de vixilancia en relación coas xa establecidas. Polo D. do 16 de abril de 1993 creouse a Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente, como centro directivo dependente directamente do presidente da Xunta e organicamente da Consellería de Presidencia, a finalidade da cal é a de xestionar-las competencias autonómicas en materia de Protección Civil, protección radiolóxica, as da “Secretaría Xeral da Comisión Galega de Medio Ambiente” e a “Inspección Ambiental”; así como a cooperación nas operacións relacionadas coa contaminación mariña, a coordinación e dirección da cal lle corresponden á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

O autor xa nos advirte páxinas atrás (p. 56) que, de conformidade coa STC do 4 de xuño de 1991, tódalas competencias de autorización sobre vertidos desde terra lle corresponden á CCAA

respectiva, en funcións de execución en materia de medio ambiente que lles correspondan de acordo cos respectivos estatutos de autonomía. Aquí o conflito de competencias pode producirse en función do feito de que o vertido se realice a través dun río de competencia estatal, posto que a Lei de augas de 1985 impón a autorización do organismo da conca.


O autor conclúe o seu *excursus* pola nosa normativa autonómica cunha breve referencia ás “normas complementarias e subsidiarias da planificación” para toda a CCAA, publicadas o 19 de xuño de 1991, posto que nelas se contén unha ordenanza de protección dos espazos naturais –constituídos, entre outros elementos, por illas, marismas, “xunqueiras” e “esteiros”– e ó procedemento para tramitar denuncias ambientais que instrumenta a Orde do 31 de maio de 1991, así como cunha mención ó entón “Proxecto de lei de medio ambiente”. Proxecto de lei que, de conformidade co seu E. de M. pretende “servir (segundo a competencia autonómica na materia) de norma adicional de protección da estatal inexistente con carácter xeral, procurando acomodarse ás esixencias que neste ámbito establece a C.E.E. e ás peculiaridades do país galego, co fin de conseguir unha mínima coherencia na regulación sectorial existente”.

O proxecto de lei ó que facía referencia o autor converteuse na vixente Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia (*DOG* núm. 29, do 10 de febreiro de 1995). En virtude do art. 27 do Estatuto de autonomía de Galicia e do art. 149.1.23 a) CE, a CCAA galega, ante as especiais características do seu territorio e a inexistencia dunha lei básica xeral estatal de medio ambiente, unido a unha crecente preocupación social sobre a materia, levou ó lexislador autonómico a promulgar unha lei que pola súa vez posibilita a aplicación das esixencias da U.E. en materia de medio ambiente, adaptándoas ás peculiaridades da nosa CA.

O obxecto da Lei 1/1995 consiste en establecer e realizar, a través dun conxunto de normas, unha política ambiental orientada á defensa, protección e restauración dos valores ambientais propios da CA de Galicia, así como a asegurar unha utilización racional dos recursos naturais.

Para alcanza-lo dito obxecto esencial de protección ambiental, a Lei inspírase nun conxunto de principios: de prevención, de avaliación do impacto ambiental, de utilización racional e defensa dos recursos naturais, de promoción da investigación científica e tecnolóxica, así como da educación ou cultura ambiental, de coordinación, de subsidiariedade, de publicidade, de fomento das actuacións neste sentido, de corrección do ilícito ambiental, de pacto ambiental e de información e participación cidadá (título I e II).

A necesidade dunha organización administrativa idónea para o desenvolvemento eficaz desta política de protección ambiental, así como dunha cultura cidadá nesta materia, levou ó lexislador a crear, dentro da Administración ambiental (título III) –constituída polos órganos autonómicos competentes nesta materia–, un organismo específico de carácter consultivo que sirva de canle para a participación pública: o Consello Galego de Medio Ambiente.

No marco da dita lei e como consecuencia da súa finalidade esencial de protección do medio ambiente, adquire especial relevancia a articulación dun réxime de disciplina ambiental (título IV), polo que se lle atribúen á Administración autonómica as funcións de control e vixilancia co fin de lograr unha inspección ambiental única de carácter coordinador, e á Administración local a súa propia inspección dentro do seu ámbito municipal. Regúlase, así mesmo, un réxime de infraccións ambientais e as súas sancións correspondentes, un sistema de responsabilidade por infraccións ambientais e un procedemento sancionador por incumprimento das obrigas establecidas por esta norma. 

Almudena Fernández Carballal

Área de Dereito Administrativo
Universidade da Coruña

*Procedemento e desconcentración
administrativa: orientacións
actuais*

Alvarellos Galve, Constantino et al.

EGAP, Santiago de Compostela, 1994.

Este libro, editado pola EGAP dentro da colección “Estudios administrativos galaico-portugueses”, recolle distintas comunicacións dos seminarios que se realizaron nos meses de novembro e decembro de 1993 nas localidades de Tui e Baiona, en Galicia, sobre a materia do procedemento administrativo, a descentralización e o desconxestionamento.

O volume recolle cinco relatorios, que comentarei a continuación e que teñen un fío conductor, a estruturación dunha Administración reducindo formalismos e achegándoa ó administrado, co obxecto de que resulte máis eficaz, sen que por iso se vexan prexudicadas as garantías dos cidadáns.

O ámbito de actuación é enormemente enriquecedor, ó pór en común experiencias do proceso de desconcentración operado na

rexión do norte de Portugal e a experiencia vivida por Galicia, o que permite o aproveitamento dos éxitos e a omisión de factores de fracaso no desenvolvemento dunha Administración en favor do administrado, como eixe fundamental dunha Administración moderna.

Constantino Alvarellos Galve estudou a desconcentración administrativa na experiencia da Comunidade Autónoma galega. Defínea como unha transferencia permanente de funcións ou de competencias entre órganos dentro dun mesmo ente público ou persoa xurídica, sometidas a unha relación de xerarquía entre si. Distingue o desconxestionamento da descentralización, que foron as opcións baralladas na configuración dun modelo autonómico en Galicia, por canto o principio dispositivo de autoorganización establecido na Constitución posibilita unha diversidade de opcións organizativas. Sen prexuízo do efecto de imitación das CCAA respecto da organización administrativa do Estado, dificilmente evitable, pois son administracións novas creadas sen ningunha tradición, Alvarellos oriéntase pola desconcentración como técnica administrativa máis adecuada para un mellor servizo ós administrados, se ben é consciente das dificultades que orixina a xeneralización da técnica de desconcentración administrativa a nivel externo. Estudia este autor o desconxestionamento administrativo a través do Estatuto de autonomía de Galicia e da lexislación galega, para rematar coa análise da normativa regulamentaria autonómica reguladora do desconxestionamento administrativo; examina, para este efecto, os decretos da Xunta de Galicia do 15 de febreiro de 1990, que inician este proceso realizando, unha valoración crítica dos mesmos.

O segundo dos relatorios correspóndelle ó profesor Antón Cándido Macedo de Oliveira, que trata un tema latente nos seminarios antes citados, isto é, o procedemento e a xestión administrativa e a legalidade, na procura da consecución da maior eficacia posible. Formula o problema distinguindo entre a actividade técnica da Administración pública e a actividade xurídica, sen prexuízo de que ambas estean sometidas ó dereito. Proclama a necesidade de sometemento ó dereito en tódalas actuacións da Administración, examinando especialmente o Código de procedemento administrativo, que critica o problema do silencio. Así, e con boa lóxica, dispón que as leis deberían, primeiro, impoñer unha chamada á responsabilidade á Administración en caso de non resolución, e logo, tratar da concesión de dereitos ós particulares; doutro modo, o que parece unha falta, en certa maneira lexitímase. Establece como principios do procedemento a solución en prazos razoables, de conformidade cos intereses xerais, e cun respecto ós dereitos procedementais dos cidadáns, unindo legalidade e eficacia.

Natália Gravato examinou a experiencia portuguesa en materia de desconcentración administrativa, partindo dos principios constitucionais portugueses. Analiza esta materia tras unha breve descrición histórica, examina as comisións de coordinación rexional, as áreas metropolitanas, as autarquías locais, para acabar cuestionándose a vixencia do proceso de desconcentración e descentralización deseñado na Constitución de 1976. Así, conclúe que o proceso de modernización do Estado é unha variable fixa no proceso de desconcentración e descentralización, considerándose, por tanto, o proceso como algo dinámico.


Francisco Serna desenvolveu as competencias das CCAA en materia de procedemento administrativo, sobre as bases establecidas na LAPPAC, partindo da regulación constitucional. Realiza unha análise exhaustiva da distribución de competencias, no ámbito do procedemento administrativo, entre o Estado e as CCAA, partindo do texto constitucional e das sentencias do 28 de xaneiro de 1982 e 28 de abril de 1983. Así entende a capacidade do Estado e a súa competencia para dictar normas do procedemento administrativo común que afecten, non só ós procedementos xerais, senón tamén ós procedementos particulares que formen parte dese procedemento común. Pero iso non determina unha absoluta falta de competencias neste tema das CCAA, senón que, seguindo os profesores González Pérez e González Navarro, as CCAA poderán regular os procedementos administrativos de materias que sexan de competencia exclusiva das propias CCAA. Partindo destas premisas, fai unha dura crítica do contido da Lei básica de procedemento administrativo xa que, ó seu xuízo, unha lei de procedemento administrativo común non pode esgotar as competencias que as CCAA teñen nesta materia. Conclúe o seu traballo afirmando que a lei, na súa contradicción, descoñece que por propia atribución constitucional e estatutaria as CCAA exercen, en concorrencia co Estado, competencia sobre os seus propios procedementos administrativos, sendo básica a competencia do Estado e a de desenvolvemento das CCAA.

Finalmente, o profesor italiano Giuseppe Traversa realiza unha ampla análise do proxecto orquestrado para reorganizar as oficinas da Administración do Estado. Estudia a simplificación e transparencia organizativa, cun amplo desenvolvemento da metodoloxía.

No estudio dun modelo organizativo búscase a simplificación organizativa, a transparencia e, en definitiva, unha orientación menos administrativa e máis empresarial. En todo isto está a clave da calidade do servizo administrativo e, en definitiva, o principio de eficacia. Para a súa consecución, Traversa propón unha estrutura e unha metodoloxía en cinco fases lóxicamente consecuentes, que son:

- 1ª A representación do sistema e do proxecto.
- 2ª Misión, funcións e obxectivos.
- 3ª Procedementos e procesos.
- 4ª A xestión de recursos.
- 5ª Problemas, eficacia e eficiencia.

Para concluír, describe un breve proxecto didáctico de formación do funcionario.

En conclusión, podemos dicir que o interese desta obra está na análise do problema teórico do procedemento e a desconcentración. Sen embargo, botamos en falta, dada a diversidade de autores e a variedade de aspectos do mesmo problema, unhas liñas que, a modo de colofón final, traten de abrangue-los avances e conclusións máis sobresaíntes, que permitan, dun modo claro e conciso, determinar cal é o alcance práctico destes estudos teóricos no desenvolvemento administrativo que se leva a cabo, tanto en España coma en Portugal. 

José Antonio Montero Vilar
Bolseiro do EGAP

Normas para a presentación de orixinais

1. Os traballos serán orixinais non publicados total ou parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, incluíndo de se-lo caso e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Incluíranse co título do artigo catro ou cinco descritores polos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocárase o nome do autor ou autores, incluíndose ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañarase á versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas)

situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, en título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Non casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remítanse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegarase o enderezo postal e teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, entendéndose que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

*Revista Galega de
Administración Pública*

EGAP. Fontiñas, Rúa Madrid, 2-4
15703 Santiago de Compostela.
Galicia. España.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA